# IES DE ALLARIZ

# DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# CURSO 2019-2020

## ÍNDICE

**Introdución** p. 6
**Consideracións xerais de área.**
O contexto do centro p. 7
Obxectivos xerais de área p. 8
Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave p. 9
Contribución da área ao Plan Lector do centro p. 13
Tratamento das TIC p. 13
Actividades extraescolares p. 14
Reforzo e atención á diversidade p. 14
Atención ao alumnado con materias pendentes doutros cursos p. 14
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente p. 15
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas p. 16

**Xeografía e Historia 1º de ESO**
Obxectivos p.17
Desenvolvemento das Competencias clave p. 18
Estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais. Contidos e temporalización da materia. Relación coas competencias clave. p. 19
Metodoloxía didáctica. Emprego de recursos do centro. p. 40
Deseño da avaliación inicial. p. 41
Avaliación contínua e instrumentos de avaliación. p. 41
Avaliacíón extraordinaria. p. 41
Criterios de calificación p. 42
Actividades de reforzo e atención á diversidade. p. 42
Actividades extraescolares p. 43
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente p. 43
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas p. 44

**Xeografía e Historia 2º de ESO**
Obxectivos p. 44
Competencias clave p. 47
Estándares de aprendizaxe avaliables da materia que forman parte dos perfís competenciais. Contidos e temporalización da materia. Relación coas competencias clave. p. 48
Metodoloxía didáctica. Emprego de recursos do centro. p. 53
Deseño da avaliación inicial. p. 53

Avaliación contínua e instrumentos de avaliación. p. 54
Avaliacíón extraordinaria. p. 54
Criterios de calificación p. 55
Actividades de reforzo e atención á diversidade p. 55
Actividades extraescolares p. 55
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente p. 56
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica p. 56

**Xeografía e Historia/ Geography and History 3º de ESO**

Obxectivos p. 58
Competencias clave p. 60
Estándares de aprendizaxe avaliables da materia p. 61
Contidos e temporalización da materia. Relación coas competencias clave. p. 62
Metodoloxía didáctica. Emprego de recursos do centro. p. 66
Deseño da avaliación inicial. p. 67
Avaliación contínua e instrumentos de avaliación. Avaliacíón extraordinaria. p. 67
Criterios de calificación. p. 68
Actividades de reforzo e atención á diversidade. p. 68
Actividades extraescolares p. 69
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente. p. 69
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica p. 69
Anexo: Organización dos bloques de contidos. p. 69

**Xeografía e Historia/ Geography and History 4º de ESO**

Introdución e contextualización p. 72
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. p. 73
Obxectivos. p. 73
Contidos. p. 78
Relación de estándares avaliables. p. 89
Metodoloxía didáctica. p. 95
Materiais e recursos didácticos. p. 97
Procedemento de avaliación contínua. Instrumentos de avaliación. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado. p. 97
Procedemento de avaliación extraordinaria p. 98
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente. p. 98
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes. p. 99
Organización de procedemento para que os alumnos acrediten os coñecementos previos necesarios. p. 100

Deseño de avaliación inicial. p. 100
Atención á diversidade. p. 101
Elementos transversais. p. 102
Actividades complementarias e extraescolares. p. 103
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas. p. 103

**Historia do mundo Contemporáneo 1º bacharelato**
Introdución p. 102
Obxectivos. p. 103
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. p. 106
Estándares de aprendizaxe avaliables. p. 106
Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe cuxa consecución garante o mínimo para superar a materia. p. 112
Metodoloxía didáctica. Uso dos recursos do centro. p. 126
Deseño de avaliación inicial. p. 126
Avaliación contínua e instrumentos de avaliación. Avaliación extraordinaria. p. 127
Criterios de calificación. p. 128
Organización de contidos e bloques. p. 128
Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes p. 130
Medidas de atención á diversidade. p. 130
Indicadores de logro para avaliar a práctica docente. p. 131
Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas. p. 131

**Xeografía, 2º de Bacharelato**
Introdución e contextualización. p. 133
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. p. 134
Obxectivos. p. 136
Contidos. p. 137
Relación de estándares avaliables. p. 159
Metodoloxía didáctica. p. 170
Materiais e recursos didácticos. p. 172
Procedemento de avaliación continua. Instrumentos e avaliación. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado. p. 172
Procedemento de avaliación extraordinaria. p. 172
Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. p. 174
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes. p. 174
Organización de procedemento para que o alumnado acredite os coñecementos previos necesarios. p. 175

Atención á diversidade. p. 175

Elementos transversais. p. 175

Actividades complementarias e extraescolares. p. 176

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas. p. 176

**Programación de Historia de España, 2º de Bacharelato.**

Introdución. p. 177

Obxectivos p. 178

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. p. 179

Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave. Temporalización. p. 179

Metodoloxía didáctica e emprego dos recursos do centro. p. 195

Deseño da avaliación inicial. p. 196

Avaliación contínua p. 197

Criterios de avaliación. p. 197

Medidas de atención á diversidade. p. 198

Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes p. 198

Medidas de atención á diversidade. p. 198

## INTRODUCIÓN

Os contidos das materias ao cargo do Departamento de Xeografía e Historia supoñen unha contribución fundamental para a formación do alumnado de ESO e Bacharelato, xa que permiten afondar no coñecemento das sociedades humanas, da súa organización e funcionamento nos diversos territorios, a través do tempo e na actualidade. Introducen aos alumnos e alumnas na análise dos fenómenos que se producen sobre a superficie da Terra, desde o punto de vista do espazo, familiarizándoos coas cuestión relativas á xeopolítica, ás bases da economía e á evolución da humanidade ata acadar a situación actual. Búscase unha aplicación práctica deses coñecementos e que leven ao noso alumnado a aplicar unha análise crítica ás diversas realidades que se lles expoñen

Ditas materias teñen un acusado carácter integrador e globalizador, xa que se abordan desde o punto de vista da tolerancia, do coñecemento das diversas culturas e do respecto ás distintas opinións, opcións e puntos de vista que configuran o noso mundo. Neste senso, a Historia proporciona coñecementos necesarios para entender o presente e mellorar o futuro, mentres que a Xeografía suporía a análise da dimensión espacial desde un enfoque ecoxeográfico que permita tomar en consideración as múltiples variables, naturais ou de orixe antrópico, que conforman un espazo e ademáis atende ao dinamismo de cada variable e ás interaccións que se producen entre variables distintas dun mesmo feito.

Por todo o dito, a Xeografía e a Historia son imprescindibles na educación e formación das persoas, atendendo ao obxectivo de formar cidadáns responsables, conscientes e críticos, e mesmo creativos, para o futuro. Así, a meirande preocupación do Departamento de Xeografía e Historia é como motivar aos alumnos e alumnas para que se vexan o suficientemente estimulados para aprender e adoptar no futuro actitudes éticas e comprometidas nun contexto dunha sociedade plural e solidaria.

Obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares das diversas materias e niveis que se recollen nesta programación proceden dos diversos decretos de currículos que emanan da Lei Orgánica de Mellora de Calidade na Educación, en concreto, do decreto 85/2015, de 25 de xuño,

polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## CONSIDERACIÓNS XERAIS DE ÁREA

## O CONTEXTO DO CENTRO:

O I.E.S de Allariz é un centro de tamaño pequeno, e escasamente conflitivo salvo casos puntuais. Recibe alumnado da vila de Allariz e as áreas rurais do seu concello, máis do cercano concello de Xunqueira de Ambía. Sendo Allariz un dos poucos concellos que dentro da provincia de Ourense medra demograficamente, é de prever que o número de alumnos e alumnas teña un repunte en anos próximos, repunte que xa notamos desde hai varios cursos nos niveis de primeiro e segundo de ESO.

Na contorna, o número de inmigrantes é relativamente baixo, en parte por efecto da atracción da cidade de Ourense, pero aínda así, dentro da comunidade escolar a porcentaxe de fillos de emigrantes retornados do País Vasco (a comarca tivo dende os anos sesenta do século pasado un elevado número de emigrantes cara ás áreas industriais de dita Comunidade Autónoma), máis un número menos significativo de fillos de retornados de Cataluña, e de inmigrantes, sobre todo norteafricanos e sudamericanos, supón que haxa unha importante diversidade cultural. En xeral, estes rapaces e rapazas están ben integrados por levar xa tempo cos seus compañeiros. Os rapaces e rapazas do instituto, en xeral, acollen ben aos chegados de fóra.

Tamén é significativa a presencia dunha casa de acollemento de menores, que reciben escolarización no instituto nas idades correspondentes en cada caso e cunha problemática particular á que se tenta atender no centro, na medida que nos corresponde. Isto supón un intento de colaborar coas responsables de dita casa, e unha atención especial, non so aos aspectos académicos que estas menores (no momento en que esto se escribe, so recibimos nenas) precisan.

A riqueza e dinamismo cultural da vila de Allariz e a súa contorna, e os esforzos de Concello e pais axudan a que o alumnado teña acceso a actividades culturais e, especialmente, ás actividades deportivas. A cercanía da cidade de Ourense tamén inflúe na ampliación de ditas actividades, malia

o condicionamento da redución do transporte público en relación con anos pasados. O centro conta cunha biblioteca escolar que participa do PLAMBE das Bibliotecas Escolares de Galicia desde o ano 2009 e que actúa como elemento de dinamización cultural do centro e de nexo entre o instituto e outras institucións e organismos da contorna.

No tocante ás materias de área que se imparten este curso, e máis aos niveis, estes son os que están a cargo do Departamento:
Xeografía e Historia, 1º de ESO, en 2 grupos
Xeografía e Historia, 2º de ESO, 2 grupos
Xeografía e Historia, 3º de ESO, 2 grupos. Este curso non hai sección bilingüe neste nivel, por non haber suficientes solicitudes de matrícula.
Xeografía e Historia, 4º de ESO, 2 grupos. Igual que no nivel anterior, non hai sección bilingüe este curso, polo mesmo motivo.
Historia do Mundo Contemporáneo, 1º BAC, 1 grupo
Historia de España, 2º BAC, 1 grupo.
Xeografía, 2º BAC, 1 grupo.

## OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

1. Identificar os procesos e mecanismos que rixen os feitos sociais e as interrelacións entre feitos económicos, políticos e culturais, e empregar este coñecemento para entender a pluralidade de causas que deron forma ás sociedades actuais e os seus problemas máis relevantes.
2. Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, os elementos básicos que conforman o medio físico, as interaccións entre eles e as que os grupos humanos establecen na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político, ambiental.
3. Comprender o territorio como resultado da interacción das sociedades co medio no que se desenvolven e ao que organizan.
4. Coñecer, localizar e comprender a diversidade xeográfica do mundo e das grandes áreas socioeconómicas, culturais e políticas, e os rasgos físicos e humanos de Europa e España, con

especial atención a Galicia.

5. Identificar e localizar no tempo e no espazo os acontecementos históricos relevantes na historia do mundo, con especial incidencia na historia de Europa, España e Galicia, para adquirir unha perspectiva global da evolución da Humanidade, dentro de un marco cronolóxico preciso.
6. Valorar a diversidade cultural, manifestando actitudes de respecto e tolerancia cara outras culturas, e cara ás opinións non coincidentes coas propias, sen renunciar a elas.
7. Adquirir unha visión histórica que permita elaborar unha visión persoal do mundo.
8. Valorar, respectar e conservar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, artistico, non só galego e español, senon de toda a Humanidade. Asumir a responsabilidade que supón a conservación do propio, aprezándoo coma recurso para o enriquecemento como persoa e como parte dun colectivo.
9. Comprender os elementos técnicos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas.
10. Adquirir e empregar correctamente e con precisión o vocabulario específico das ciencias sociais, incorporándoo incluso no uso cotián da lingua, cando sexa preciso.

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A área de Xeografía e Historia contribúe, na ESO e no Bacharelato, ás seguintes competencias clave:

### 1. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT).

Esta área emprega nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, contraste de datos numéricos, uso de Sistemas de Información Xeográfica, e outros, que implican facer consciente ao alumnado da aplicación real de coñecementos matemáticos, científicos e técnicos, non só no ámbito escolar, senon na súa vida diaria, facilitándolle a análise e a resolución de problemas que se poidan dar na súa vida cotiá.

En relación con isto, os descritores que manexaremos principalmente son:

- Respectar e preservar a vida e integridade física dos seres vivos da súa contorna.
- Tomar conciencia dos cambios provocados polo seres humanos no ambiente natural, e das repercusións que isto ten.
- Aplicar métodos científicos rigorosos na análise da realidade.
- Manexar coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que sucede e responder preguntas.

- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións cotiás.

**2. COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL).**

A materia de Xeografía e Historia contribúe a esta competencia de xeitos moi directos, en primeiro lugar polo coñecemento e uso correcto do vocabulario específico das ciencias sociais, expresándose oralmente ou por escrito nun discurso coherente. Logo, utilizando variantes do discurso segundo as necesidades dos contidos e do contexto de comunicación, en especial empregando a descrición, a argumentación e a narración. Finalmente, o traballo das ciencias sociais fundaméntase na lectura comprensiva e na interpretación e comentario de textos e fontes de diversa orixe e características, na escolla, recollida e crítica de información e na elaboración de contidos novos e conclusións propias a partir da síntese de dita información, polo que está moi directamente implicado na competencia que estamos a tratar.

A maiores, as Seccións Bilingües de 3º e 4º de ESO contribúen ao emprego dunha lingua estranxeira, neste caso o inglés, nun contexto que non é unicamente o da clase de idiomas, contribuíndo a afianzar os coñecementos nesa materia e a dar seguridade no uso doutras linguas. Por desgraza, este curso non houbo matrícula abonda para montar as Seccións Bilingües, pero non renunciamos a recuperalas para o curso que vén.

Priorizaremos:

- Comprender o sentido de textos orais e escritos.
- Expresarse oralmente con corrección, coherencia e axeitamento ao senso do que se quere comunicar.
- Entender o contexto social e cultural da lingua, e coñecer a súa historia.
- Buscar información, cun criterio crítico e selectivo.
- Ler textos de diversas características e orixe.
- Producir textos escritos.

**3. COMPETENCIA DIXITAL (CD).**

Neste momento, é fundamental para axudar ao alumnado a comprender os novos fenómenos económicos, políticos, sociais e culturais, e sobre todo, para traballar de xeito correcto (obtención, selección, tratamento, análise, elaboración) co aluvión de información á que temos acceso. Desde o punto de vista da Xeografía e a Historia, é ideal poder aprender e practicar a crítica de fontes, aplicándoa tamén á información en rede.

Tamén son necesarias habilidades dixitais que alumnas e alumnos deben desenvolver e máis

producir contidos dixitais en diversos formatos, e adquirir actitudes responsables respecto á seguridade e o uso de tecnoloxías dixitais.
Nesta área traballaremos:

- Seleccionar fontes de información atendendo á súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida dos medios tecnolóxicos.
- Empregar os distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir información.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.
- Empregar con seguridade e responsabilidade as tecnoloxías da información e comunicación.

**4. CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CEC).**

A relación con esta competencia é obvia, polos propios contidos da materia, que permiten ao alumnado coñecer e comprender as obras de arte e cultura, así como valoralas e disfrutar con elas. É fundamental para esta materia que alumnos e alumnas adquiran interese, respecto e aprezo polo patrimonio cultural e artístico e se implique na súa conservación e defensa.
Por todo o dito, estas tarefas son parte fundamental da nosa docencia:

- Amosar respecto polo patrimonio cultural mundial en tódolos aspectos en que se presenta, e polas persoas que o crearon e as que o conservan.
- Comprometerse na conservación de dito patrimonio.
- Expresarse empregando códigos artísticos.
- Valorar a diversidade cultural como fonte de riqueza.
- Aprezar e gozar da beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade no ámbito cotián.

**5. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC).**

Directamente vencelladas a esta materia, que ten por obxectivo coñecer e comprender a realidade social contemporánea, e as realidades sociais históricas, implican que o alumnado entenda que a sociedade na que vive é sobre todo plural e globalizada, onde conviven culturas diferentes, e onde os valores imperantes deben ser a tolerancia, o respecto e a democracia.
Os seguintes descritores axudarán a ditos obxectivos:

- Aplicar o sistema de dereitos e deberes propios da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Adquirir unha idea da realidade histórica a partir das fontes, identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de dereito, refrendado pola Constitución.

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para solucionar conflitos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse e promover accións con fins sociais.

**6. SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE).**

No sentido de participar de xeito consciente e responsable na toma de decisións que afecten á aprendizaxe, potenciando a capacidade de converter as ideas en accións.

Empregaremos os seguintes descritores:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo de grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas posibilidades a partir do coñecemento dun tema.
- Amosar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Valorar riscos.
- Asumir os riscos no desenvolvemento de tarefas e proxectos.

**7. APRENDER A APRENDER (CAA).**

Esta competencia permite que alumnos e alumnas dispoñan de estratexias e habilidades que lles faciliten a aprendizaxe non so na etapa escolar, senon ao longo da súa vida: pescuda, organización, recuperación de información entre outras. Isto implica tamén que desenvolve a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e aptitudes que faciliten o seu crecemento como persoas. De xeito específico, a materia de Xeografía e Historia debería fomentar o desexo de indagar no pasado, no entorno e a capacidade de analizar e interpretar os feitos xeográficos, históricos e culturais como resposta a preguntas persoais.

Neste senso, tomaremos como obxectivo os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos da materia.
- Seguir os pasos establecidos no proceso de aprendizaxe, e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución dos obxectivos de aprendizaxe.

## CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO PROXECTO LECTOR DE CENTRO.

A área de Xeografía e Historia participa na Hora de Ler nos niveis da ESO.
O Departamento participará no Plan Lector do centro coa elaboración do itinerario lector de Xeografía, Historia e Historia da Arte, que se elaborará por niveis e materias.
En Bacharelato, a contribución da área vén da man da recomendación de lecturas, a elaboración de listas de libros (divulgación, narrativa, monografías de Historia, Xeografía ou Historia da Arte) relacionados cos contidos das respectivas materias, e a proposta doutras actividades que tamén supoñan lectura nalgún grao, por exemplo, visionado de películas que axuden a comprender os momentos históricos que se tratan nas aulas ou os feitos do mundo actual.
Non hai que esquecer que a nosa área ten como base epistemolóxica a lectura comprensiva, crítica e analítica de documentos de diversa índole, e como tal, a práctica do comentario de textos, a análise de mapas, imaxes ou obxectos, forman parte das tarefas que inciden no avance do alumnado na comprensión lectora a múltiples niveis.

## TRATAMENTO DAS TIC

A Área benefíciase da dispoñibilidade, na rede e noutros soportes electrónicos, de multiplicidade de mapas, actividades, imaxes e textos, polo que a relación coas Tecnoloxías da Información e Comunicación é intensa. A posibilidade de acceder ás redes nas aulas, de proxectar imaxes e outros contidos, e de traballar con actividades interactivas, aporta valores novos a unha materia que, de non ter ditas posibilidades, queda nun plano excesivamente abstracto.
Cada profesor ou profesora da materia adoita aportar o resultado das súas búsquedas para ilustrar a materia ou as actividades accesibles online, pero o Departamento vai elaborando recopilacións propias de mapas, imaxes e presentacións que se poden usar nas clases, por niveis e contidos.
A materia integra, nos distintos niveis, propostas curriculares para que o alumnado acceda á información dispoñible en rede, aprenda a ser crítico na valoración dela, seleccione, analice, sintetice e produza á súa vez textos cun valor informativo e respectando a ética do intercambio de información responsable.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Non se programou para este curso actividade extraescolar algunha para o conxunto da Área. Sen embargo, queda aberta a posibilidade de deseñar actividades extraescolares para niveis e materias concretas ao longo do curso, dependendo sobre todo da oferta cultural que se poida aproveitar no seu momento das ofrecidas na contorna.

## ACTIVIDADES DE REFORZO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Ao longo do curso, cando sexa necesario, levaranse a cabo, en todos os niveis, con especial atención aos cursos da ESO :

- Adaptacións da programación do xeito que se considere axeitado e necesario.
- Deseñar tarefas adaptadas, ben ao alumnado que teña dificultades, ben ao que teña altas capacidades e precise tarefas máis complexas
- Organizar o desenvolvemento dos contidos, apoiando ao alumnado que teña dificultades de comprensión.
- Procurar material adaptado a deficiencias sensoriais, caso de ser necesario.
- Adaptar os medios de avaliación, caso de ser necesario.
- Favorecer un clima de cooperación e colaboración entre o alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación nos aspectos necesarios para favorecer o desenvolvemento do alumnado.

## ATENCIÓN AO ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

Dada a extensión dos contidos das materias, o Departamento ofrece a estes alumnos e alumnas a posibilidade de distribuilos por parciais ao longo do curso, e de avalialos en dous exames, en datas que se anuncian nos taboleiros que a tal fin se distribúen nos dous edificios do centro, e a maiores, noutras zonas visibles. Para axudar a entender os contidos e abordar a tarefa con éxito, proporciónanse caderniños, organizados por parcial, onde se expresa a parte teórica dos contidos mínimos avaliables e se propoñen actividades que contribúan á comprensión. Ditos caderniños

deben ser entregados á xefa do Departamento en data suficiente para poder ser corrixidos e devoltos á súa vez a alumnos e alumnas co obxectivo de que preparen cada parcial. A calificación dos caderniños serán un 10% da nota que se sume á do parcial. Ao non ser posible marcar dentro do horario un momento para a atención a este alumnado con clases de reforzo, se lles indicará algún recreo á semana para a consulta de dúbidas e resolución de problemas. A entrega dos caderniños cubertos é condición sine qua non para presentarse a cada parcial.
Se todos os parciais superan o aprobado, e a media das calificacións dos tres parciais (máis os caderniños) é igual ou superior a 5 sobre 10, considerarase que o alumno ou alumna ten superada a materia. Caso de non ser así, pode presentarse ao exame global de final de curso.
Este celebrarase en data estipulada pola Xefatura de Estudios, polo xeral no mes de maio ou a finais de abril, dependendo da data da terceira avaliación. Os alumnos e alumnas que decidiran non partir a materia pendente por parciais teñen tamén a opción deste global. A calificación mínima para considerar que a materia está aprobada é de 5 sobre 10.
En setembro haberá un exame extraordinario para alumnnos e alumnas que non superasen a materia pendente en xuño. Poden acceder ao final de curso a caderniños para repasar a materia. Por falta de tempo, esta vez os caderniños non poderán ser avaliados, pero estarán en relación cos materiais preparados para o curso. Asemade, a calificación mínima que permite superar a materia é de novo 5 sobre 10.
Os contidos de materia pendente remítense aos estándares de aprendizaxe avaliables de cada materia e nivel que quedan establecidos na presente programación e o mesmo sucede polo que se refire aos criterios de avaliación.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

Para avaliar a práctica docente, partirase da adaptación do cuestionario e ficha do grupo de traballo "Mejora de la Práctica Docente. Una experiencia de autoevaluación". AA.VV. Servicio central de publicaciones del Gobierno Vasco, Vitoria, 2013.
Esta proposta de parécenos moi axeitada para revisar a nosa programación en cada un dos niveis e das materias das que se fai cargo o departamento, polo menos unha vez por trimestre. Tamén queremos introducir nesta programación a necesaria flexibilidade para que podamos axeitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe ás necesidades do alumnado e ás posibles incidencias que poidan ir xurdindo ao longo do curso. Tamén será unha ferramenta para valorar que posibles

cambios habería que incluír en futuros cursos.

TABOA DE INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE Escala*

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxetivos. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Motivo aos alumnos comunicándolles os obxetivos que quiero conseguir e a finalidade das actividades. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teñan en conta os seus intereses. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Propoño actividades que favorezan o aprendizaxe autónomo (búsqueda de información, traballos, investigacións…). | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Propoño metodoloxías diversas. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Emprego recursos variados para o aprendizaxe. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Ao comenzaren un tema novo, coñecen os alumnos os obxetivos e as competencias que se queren desenvolver | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Dou pautas aos pais para que traballen en casa cos rapaces os aspectos que se deben reforzar. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • En función das características de cada alumno, prantexo tarefas e logros diferentes. | 1 | 2 | 3 | 4 |

*1:Non; 2: As veces; 3 Frecuentemente; 4: Sempre

O obxectivo sería realizar dita valoración persoal ao rematar cada tema, así como facer unha valoración xeral ao final do curso.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

A reflexión e valoración exposta no apartado anterior será a base para ditos mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas do Departamento. Esta autoavaliación debería ser logo analizada polo Equipo docente e o Claustro de Profesores. Son fundamentais para determinar as necesidades de formación do Plan de mellora del centro. Para iso, favoreceremos procesos de coevaluación dentro do Departamento, traballando en equipo.
A modificación da programación virá condicionada polos resultados destes mecanismos e pola revisión que da nosa práctica faremos os profesores que impartimos esta área, e sempre tomando as decisións por consenso entre os membros.

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**PROGRAMACIÓN DE 1º DE ESO, CURSO 2018-19**

| | |
|---|---|
| PROFESORA: | María A. Bobillo Vázquez-Monjardín |
| TEXTO: | ALBET, A (e outros) *Xeografía e Historia 1º ESO*. Vicens Vives 2015. ISBN 978-84-682-3121-1 |
| LINGUA | galego |
| Autorización | 2016 |

**OBXECTIVOS**

Os obxectivos da Xeografía e Historia de 1º curso de ESO son os seguintes:

1. Analizar e identificar as formas de representación do noso planeta utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2. Construír unha visión do medio físico, con especial atención ao europeo, español e galego.
3. Describir as características concretas do medio físico español e galego.
4. Localizar no mapa de España as principais unidades e elementos do relevo.
5. Coñecer, describir e situar no mapa os grandes conxuntos bioclimáticos que configuran o medio físico español.
6. Describir o medio físico europeo.
7. Coñecer os principais espazos naturais de España.
8. Coñecer, describir e situar no mapa os grandes conxuntos bioclimáticos que configuran o medio físico europeo.
9. Coñecer os principais espazos naturais de Europa.
10. Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.
11. Localizar no mapa as principais unidades do relevo mundial e os grandes ríos.
12. Localizar as zonas climáticas e identificar as súas características.
13. Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.
14. Comprender e explicar o proceso de hominización.
15. Analizar os principais acontecementos dos inicios da historia de humanidade, situándoos nos seus correspondentes momentos históricos.

16. Datar os períodos históricos, situándoos nun eixe cronolóxico.
17. Coñecer os primeiros ritos relixiosos.
18. Coñecer e describir as características da vida humana en cada período histórico dos estudiados.
19. Describir a organización socioeconómica das civilizacións a partir do Neolítico.
20. Comprender a diacronía e sincronía das diversas culturas.
21. Recoñecer a importancia da invención da escritura.
22. Comprender os principais trazos das culturas grega e romana, e a súa influencia na civilización occidental.
23. Recoñecer a evolución do imperio romano e o seu final.
24. Coñecer a situación particular do territorio da actual Galicia nos momentos da historia estudiados este curso.

**CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

A Xeografía e Historia de 1º de ESO contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencia dixital (CD)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Conciencia e expresións culturais (CES)
- Contribúe tamén ao desenvolvemento da Competencia matemática e Competencias tecnolóxica e científica (CMCT).

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE**

Resaltados en marelo aparecen os indicadores de logro que garanten a calificación de materia aprobada.

| Criterio de Avaliación<br><br>Estandar de aprendizaxe | Descritores | Indicador de logro nivel1 | Indicador de logro nivel 2 | Indicador de logro nivel 3 | Temporalización | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.**<br>**Est. Apr. XHB1.1.1**. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do Planeta. | 1.1.1.2 Comprende o movemento de rotación da Terra e determina o tempo total en efectuar o movemento completo. | Presenta dificultades para identificar e entender o movemento de rotación, ou comprende este de xeito incompleto ou incorrecto. | Comprende perfectamente o movemento de rotación pero comete algún erro. | Comprende perfectamente o movemento de rotación e non comete erros . | 1ª Avaliación Setembro | CM<br>CTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.1.**<br>**Est. Apr. XHB1.1.1.** | 1.1.1.4 Explica as características dos movementos que realiza a Terra. | Lembra o nome dos movementos da Terra, pero ten dificultades para explicalos | Lembra o nome dos movementos da Terra e explícaos de forma moi simple. | Lembra o nome dos movementos da Terra e explícaos de forma detallada. | 1ª Avaliación Setembro | CCL |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.1**<br>**Est. Apr. XHB1.1.2.**Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. | 1.1.2.1 Sabe que son e que uso teñen os fusos horarios. | Non comprende a necesidade dos fusos horarios, ou non sabe que son | Sabe que son os fusos horarios, en cantos se divide a Terra. | Sabe que son os fusos horarios, cantos hai e argumenta por que son necesarios. | 1ª Avaliación Setembro | CM<br>CTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.1.**<br>**Est. Apr. XHB1.1.2.** | 1.1.2.2 Analiza os cambios horarios a partir de distintas situacións xeográficas formuladas. | Non é capaz de calcular os cambios horarios, ou comete erros graves no cálculo. | Comete erros sen importancia no cálculo dos cambios horarios. | Calcula os cambios horarios sen cometer erros. | 1ª Avaliación Setembro | CM<br>CTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.1.**<br>**Est. Apr. XHB1.1.2.** | 1.1.2.3 Argumenta por que é importante que exista unificación horaria dentro dun mesmo país, e propón que sucedería en caso contrario. | Non comprende a importancia da unificación horaria, ou compréndea, pero non sabe dar unha explicación. | Explica a importancia da unificación horaria pero presenta dificultades para propor a situación hipotética contraria. | Explica a importancia da unificación horaria e presenta unha explicación coherente sobre que sucedería se se dera a situación contraria. | 1ª Avaliación Setembro | CM<br>CTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.2. Identificar e distinguir os diferentes sistemas de representación cartográfica, tanto en soporte analóxico como dixital e as súas escalas.**<br>**Est. Apr. XHB1.2.1.**Clasifica e distingue distintas | 1.2.1.2 Entende como funcionan as proxeccións cartográficas e como representan a Terra. | Ten dificultades para entender as proxeccións, o seu funcionamento e como representan a Terra. | Entende de xeito sinxelo como funcionan as proxeccións cartográficas e explica sen detalles como se representa a Terra. | Entende perfectamente como funcionan as proxeccións e explica con detalles e claridade como se representa a Terra. | 1ª Avaliación Outubro | CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| proxeccións e compara unha proxección de Mercator cunha de Peters. | | | | | | |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.2.**<br>**Est. Apr. XHB1.2.1.** | 1.2.1.3 Analiza en grupos os tipos de mapas que se utilizan, valorando para que se usan. | Ten dificultades para diferenciar entre os tipos de mapas, e non se implica na actividade grupal, ou implícase pouco. | Implícase na actividade de grupo, diferenza entre os distintos tipos de mapas, e distingue as súas características principais. | Implícase na actividade de grupo, diferenza entre os distintos tipos de mapas, distingue as súas características principais, e extrae conclusións | 1ª Avaliación Outubro | CES. |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.3. Analizar e identificar o mapa e coñecer as imaxes satélite e os seus usos principais.**<br>**Est. Apr. XHB1.3.1.**Clasifica e distingue tipos de imaxes satélite e mapas. | 1.3.1.1 Entende as características dun mapa topográfico, os distintos elementos que figuran nel e os seus principais usos. | Ten dificultades para diferenciar entre as características dos tipos de mapa, asi como o seu uso e trazos. | Distingue que é un mapa topográfico, e identifica o seu uso e algunhas das súas características principais. | Distingue que é un mapa topográfico, identifica todos os usos e sinala todos os seus elementos e trazos. | 1ª Avaliación Outubro | CAA |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.3.**<br>**Est. Apr. XHB1.3.1.** | 1.3.1.2 Propón as distintas características e utilidade dun mapa temático. | Ten dificultades para comprender a utilidade dun mapa temático. | Distingue a utilidade dun mapa temático, explica a súa utilidade e características principais. | Distingue a utilidade dun mapa temático, explica a súa utilidade e características de xeito detallado | 1ª Avaliación Outubro | SIEE |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.3.**<br>**Est. Apr. XHB1.3.1.** | 1.3.1.3 Prepara e redacta o guión para unha exposición oral sobre a utilidade dos mapas, e fai a presentación da clase. | Ten dificultades para reunir a información e elaborar o guión e realiza unha presentación pouco coherente e con erros. | Reúne a información requirida, elabora o guión, pero realiza a presentación con algunhas inconcrecións. | Reúne a información requirida, elabora o guión sen erros, e realiza unha presentación oral correcta. | 1ª Avaliación Outubro | CCL |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.3.**<br>**Est. Apr. XHB1.3.1.** | 1.3.1.4 Distingue e comprende os signos convencionais dos mapas e dos planos. | Amosa dificultades para recoñecer e utilizar os signos convencionais, ou recoñece algúns e comete erros. | Recoñece a maioría dos signos convencionais para representar a realidade. | Recoñece todos os signos convencionais . | 1ª Avaliación Outubro | CD. |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.1.**Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. | 1.4.1.1 Explica en que consisten os dous hemisferios nos que se divide a Terra,a partir do paralelo 0ª. | Non comprende a división da Terra en hemisferios. | Comprende que a Terra se divide en hemisferios e localiza a partir de que paralelo se fai esa división | Explica ben o significado da división da Terra nos dous hemisferios, e o nome que recibe o paralelo 0º. | 1ª Avaliación Outubro | CM<br>CTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.1.** | 1.4.1.2 Determina se a Terra é unha esfera perfecta, argumenta a súa resposta, e indica o nome que recibe a forma do planeta Terra. | Descoñece ou non entende que forma ten a Terra, ou determina se a Terra é ou non unha espera perfecta, pero non é quen de aportar argumentos. | Determina se a Terra é unha esfera perfecta ou non, arguméntao correctamente pero descoñece o nome que recibe a forma do planeta Terra. | Determina se a Terra é unha esfera perfecta ou non, arguméntao correctamente e indica o nome que recibe a forma do planeta Terra | 1ª Avaliación Setembro | CAA |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.1.** | 1.4.1.3 Explica as características dos dous hemisferios da Terra, e propón en cal dos dous existe unha maior proporción de | Ten dificultades para explicar as características dos dous hemisferios. | Explica correctamente os trazos dos dous hemisferios, pero descoñece en cal dos dous existe unha | Expón as características dos dous hemisferios e propón en cal dos dous existe unha maior proporción de | 1ª Avaliación Outubro | CAA |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | terras emerxidas | | maior proporción de terras emerxidas. | terras emerxidas. | | |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.1.** | 1.4.1.4 Localiza elementos nun planisferio político e escribe o seu nome no caderno. | Presenta dificultades para utilizar correctamente un planisferio, ou sabe usar o planisferio pero ten dificultades para atopar algúns elementos xeográficos. | Utiliza o planisferio, encontra os elementos xeográficos pero comete erros. | Utiliza o planisferio, encontra os elementos xeográficos e sitúaos correctamente. | Todo o curso | CAA |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.2.**Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | 1.4.2.1 Explica o valor máximo que poden acadar, en graos, os meridianos cara ao Leste ou cara ao Oeste. | Ten dificultades para comprender o significado e a función das coordenadas xeográficas, ou para comprender o valor máximo dos meridianos. | Explica o valor máximo que poden acadar os meridianos cara ao Leste ou cara ao Oeste, pero presenta erros na formulación. | Explica correctamente e sen erros o valor máximo que poden acadar, en graos, os meridianos cara ao Leste ou cara ao Oeste. | 1ª Avaliación Setembro | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.2.** | 1.4.2.2. Compara a lonxitude do Ecuador coa lonxitude dun trópico, e indica cal dos dous ten unha maior dimensión. | Non localiza os paralelos no mapa, confunde Ecuador e trópicos | Diferenza entre a lonxitude do Ecuador e a dos trópicos. | Diferenza entre a lonxitude do Ecuador e a dos trópicos, e presenta unha explicación detallada. | 1ª Avaliación Setembro | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.2.** | 1.4.2.4 Localiza o accidentes xeográficos a partir de coordenadas xeográficas. | Amosa dificultades para entender como funcionan as coordenadas xeográficas. Ou ben, non localiza correctamente os puntos xeográficos indicados. | Entende o funcionamento das coordenadas xeográficas e localiza os puntos xeográficos cometendo pequenos erros de aproximación. | Entende o funcionamento das coordenadas xeográficas e localiza os puntos xeográficos de forma correcta. | Todo o curso | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.2.** | 1.4.2.5 Localiza os puntos xeográficos indicados nun mapa na Internet e traza percorridos entre eles. | Amosa dificultades para utilizar un mapa na Internet e trazar percorridos. | Localiza a maioría dos puntos no mapa da Internet e traza percorridos entre estes. | Localiza todos os puntos no mapa da Internet e traza o mellor recorrido entre todos eles. | Todo o curso | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.4.**<br>**Est. Apr. XHB1.4.2.** | 1.4.2.7 Localiza distintos espazos de paisaxes de clima extremo e indica as súas coordenadas xeográficas. | Amosa dificultades para localizar algún espazo de paisaxe de clima extremo. | Localiza dous ou tres espazos de paisaxe de clima extremo e indica as coordenadas xeográficas. | Localiza todos os espazos de paisaxe de clima extremo requiridos e indica as coordenadas xeográficas. | 1ª Avaliación Outubro-Novembro | CD |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais e os grandes ríos e as grandes zonas climáticas e identificar as súas características**.<br>**Est. Apr. XHB1.5.1.**Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. | 1.5.1.1 Localiza no mapa as principais unidades do relevo dos cinco continentes. | Ten dificultades para recoñecer e localizar as unidades de relevo no mapa. Localiza algunhas pero non as stiúa no continente correcto | Localiza as principais unidades do relevo dos cinco continentes, pero comete algún erro para situalas no mapa. | Localiza no mapa as principais unidades do relevo dos cinco continentes correctamente. | 1ª Avaliación Outubro-Novembro | CSIEE |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.5.**<br>**Est. Apr. XHB1.5.1.** | 1.5.1.2 Sitúa no mapa físico os picos máis elevados de cada unha das cordilleiras europeas. | Ten dificultades para situar no mapa os picos máis elevados das cordilleiras europeas, ou comete | Sitúa no mapa os picos máis elevados das cordilleiras europeas, pero comete algún erro | Sitúa no mapa correctamente e sen erro os picos máis elevados das cordilleiras | 1ª Avaliación Outubro-Novembro | CSIEE |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | erros de localización. | pequeno. | europeas. | | |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.5.**<br>**Est. Apr. XHB1.5.1.** | 1.5.1.3 Indica no mapa correspondente os bordes montañosos da Meseta, e as cordilleiras que se sitúan na periferia peninsular. | Ten dificultades para situar no mapa os bordes montañosos da Meseta e as cordilleiras que se sitúan na periferia peninsular. | Sitúa no mapa os bordes montañosos da Meseta e localiza algunhas das cordilleiras da periferia peninsular. | Sitúa no mapa os bordes montañosos da Meseta e localiza todas as cordilleiras da periferia peninsular. | 1ª Avaliación Novembro | CSIEE |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.1.** | 1.6.1.2 Describe os efectos que teñen os terremotos de grande intensidade sobre o territorio. | Presenta dificultades para entender que son os terremotos e cales son as súas consecuencias, que describe moi vagamente. | Entende que son os terremotos e describe algunhas das consecuencias | Entende que son os terremotos e describe con detalles e exemplos as consecuencias sobre o territorio . | 1ª Avaliación Novembro | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.1.** | 1.6.1.3 Explica como os axentes internos modifican o relevo terrestre. | Amosa dificultades para recoñecer os axentes internos modeladores do relevo terrestre. | Recoñece algúns axentes internos modificadores do relevo terrestre e explica de forma sinxela como actúan. | Recoñece os axentes internos modificadores do relevo terrestre e explica de forma completa como actúan. | 1ª Avaliación Novembro | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.1.** | 1.6.1.4 Distingue as formas do relevo que configuran a superficie terrestre e do fondo oceánico. | Amosa dificultades para enumerar as formas do relevo que configuran a superficie terrestre e do fondo oceánico. | Enumera algunhas das formas do relevo que configuran a superficie terrestre e do fondo oceánico. | Enumera todas as formas do relevo que configuran a superficie terrestre e do fondo oceánico. | 1ª Avaliación Novembro | CCL |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.1.** | 1.6.1.5 Describe que é unha depresión ou cunca e un val. | Presenta dificultades para recoñecer que é unha depresión ou cunca e que é un val, ou recoñéceos, pero non é quen de describilos. | Recoñece que é unha depresión ou cunca e que é un val pero descríbeos de forma moi simple. | Recoñece que é unha depresión ou cunca e que é un val e descríbeos de forma completa. | 1ª Avaliación Novembro | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.1.** | 1.6.1.8 Localiza nun planisferio os océanos da Terra, os principais mares e os ríos máis importantes. | Ten dificultades para localizar no planisferio os océanos da Terra, os principais mares e os ríos máis importantes. | Localiza no planisferio os océanos da Terra e os principais mares, pero presenta dificultades para localizar os ríos máis importantes. | Localiza no planisferio os océanos da Terra, os principais mares e os ríos máis importantes. | Todo o curso | CAA |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.1.** | 1.6.1.9 Localiza e sitúa os mares e océanos que bañan as costas do continente europeo. | Ten dificultades para situarse nun mapa físico de Europa. | Sabe situarse nun mapa físico de Europa e localiza algúns dos mares e océanos que bañan as súas costas. | Sabe situarse nun mapa físico de Europa e localiza todos os mares e océanos que bañan as súas costas. | Todo o curso | CMCTC |
| **Bloque 1 Crit. Aval. B1.6.**<br>**Est. Apr. XHB1.6.2**. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflicten os elementos máis importantes. | 1.6.2.1 Comenta de forma íntegra os mapas do tempo dos medios españois. | Amosa dificultades para comprender a información que se transmite nos mapas do tempo, para analizala e para explicala. | Comprende a información que se transmite nos mapas do tempo pero realiza análises parciais. | Comprende a información que se transmite nos mapas do tempo e realiza análises completas e correctas. | 1ª Avaliación Decembro | CCL<br>CMCTC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.**<br>**Est. Apr. XHB3.11.1.** Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os diversos imperios de Mesopotamia e de Exipto. | 3.11.1.1 Localiza onde están situados Exipto e Mesopotamia, e que ríos atravesan os seus territorios. | Localiza de forma imprecisa ou con erros onde están situados Exipto e Mesopotamia e ten dificultades para indicar os ríos que atravesan os seus territorios. | Localiza onde están situados Exipto e Mesopotamia e indica os ríos que atravesan os seus territorios. | Localiza onde están situados Exipto e Mesopotamia, indica os ríos que atravesan os seus territorios e extrae conclusións propias ao respecto. | 3ª Avaliación abril-maIO | CMCCT |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.11. .**<br>**Est. Apr. XHB3.11.1.** | 3.11.1.2 Explica as tres grandes fases do ciclo agrícola exipcio, e a súa relación coas enchentes do Nilo. | Confunde ou identifica erroneamente algunha das tres grandes fases do ciclo agrícola exipcio, e a súa relación coas enchentes do Nilo. | Describe as tres grandes fases do ciclo agrícola exipcio e ten dificultades para definir a súa relación coas enchentes do Nilo. | Explica as tres grandes fases do ciclo agrícola exipcio e define a súa relación coas enchentes do Nilo. | 3ª Avaliación maio | CMCCT CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.11.**<br>**Est. Apr. XHB3.11.1.** | 3.11.1.3 Indica o funcionamento do goberno das cidades mesopotámicas, e o | Amosa unha baixa comprensión do funcionamento do goberno das cidades | Explica correctamente o funcionamento do goberno das cidades | Explica o funcionamento do goberno das cidades mesopotámicas e | 3ª Avaliación maio | CEC CSC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | papel que tiñan nel os funcionarios, os sacerdotes e os soldados. | mesopotámicas, e o papel que tiñan nel os funcionarios, os sacerdotes e os soldados. | mesopotámicas, pero ten dificultades para definir o papel que tiñan nel os funcionarios, os sacerdotes e os soldados. | define correctamente o papel que tiñan nel os funcionarios, os sacerdotes e os soldados. | | |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.11.**<br>**Est. Apr. XHB3.11.1.** | 3.11.1.4 Indica en que se diferencian unha cidade-Estado, un reino e un imperio, e explica que reinos e imperios se instalaron en Mesopotamia, e que territorios abrangueron. | Sinala de forma inconexa algunha diferenza entre unha cidade-Estado, un reino e un imperio sen explicar que reinos e imperios se instalaron en Mesopotamia, e que territorios abrangueron. | Indica as principais diferenzas entre unha cidade-Estado, un reino e un imperio, explica que reinos e imperios se instalaron en Mesopotamia e ten dificultades para localizar que territorios abrangueron. | Indica as principais diferenzas entre unha cidade-Estado, un reino e un imperio, explica que reinos e imperios se instalaron en Mesopotamia e que territorios abrangueron. | 3ª Avaliación maio | CEC CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.11.**<br>**Est. Apr. XHB3.11.1.** | 3.11.1.5 Explica os poderes que tiña en Exipto o faraón, e indica os seus atributos de poder e o significado de cada atributo. | Ten dificultades para identificar e explicar os poderes que tiña en Exipto o faraón, e indica os seus atributos de poder e o significado de cada atributo. | Explica correctamente os poderes que tiña en Exipto o faraón, indica os seus atributos de poder, pero ten dificultades para definir o significado de cada atributo. | Explica correctamente os poderes que tiña en Exipto o faraón, indica os seus atributos de poder e define o significado de cada atributo. | 3ª Avaliación maio | CEC CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.12. Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura.**<br>**Est. Apr. XHB3.12.1.** Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais, ágrafos) e as fontes históricas (textos). | 3.12.1.1 Recoñece os vestixios materiais representados nunha estratigrafía e clasifícaos en función da etapa da Prehistoria á que corresponden. | Recoñece de forma imprecisa que é un vestixio material e clasifica en estratos os vestixios representados no debuxo dunha estratigrafía de forma aleatoria ou con numerosas incorreccións. | Recoñece que é un vestixio material e clasifica en estratos os vestixios representados no debuxo dunha estratigrafía de forma correcta. | Recoñece que é un vestixio material, clasifica en estratos os vestixios representados no debuxo dunha estratigrafía de forma correcta e argumenta os motivos da súa clasificación. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.12**. .<br>**Est. Apr. XHB3.12.1.** . | 3.12.1.5 Identifica os pobos que colonizaron a Hispania prerromana e sitúaos cronolóxica e xeograficamente axudándose de textos e mapas. | Coñece vagamente a existencia de pobos colonizadores na Península antes da chegada dos romanos sen chegar a situalos xeográfica nin cronoloxicamente. | Identifica quen son os pobos colonizadores, sitúaos xeograficamente de forma adecuada e ten unha noción imprecisa da súa cronoloxía. | Identifica quen son os pobos colonizadores, sitúaos xeograficamente con exactitude e establece con claridade a súa cronoloxía. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.12.**<br>**Est. Apr. XHB3.12.1.** | 3.12.1.6 Describe a vida cotiá e as actividades económicas dos iberos a partir da observación dunha ilustración na que se reconstrúe como era un poboado íbero. | Identifica nunha ilustración algunha particularidade da vida cotiá e as actividades económicas dos iberos sen chegar a comprender nin a describir como era a vida nun poboado íbero. | Identifica nunha ilustración as particularidades da vida cotiá e as actividades económicas dos iberos, obtén unha visión de conxunto da vida nun poboado íbero e explica brevemente os diferentes aspectos da vida neste período. | Identifica nunha ilustración as particularidades da vida cotiá e as actividades económicas dos iberos, obtén unha visión de conxunto da vida nun poboado íbero e explica con detalle os diferentes aspectos da vida neste período con exemplos e argumentos. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.13. Explicar as etapas nas que** | 3.13.1.1 Localiza nun mapa os imperios | Identifica a zona de Oriente Próximo nun | Identifica a zona de Oriente Próximo nun | Identifica a zona de Oriente Próximo nun | 3ª Avaliación | CMCCT CEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **se divide a historia de Exipto.**<br>**Est. Apr. XHB3.13.1.** Interpreta un mapa cronolóxico- xeográfico da expansión exipcia. | exipcio e mesopotámico e algunhas das súas cidades máis relevantes. | mapa e confunde a localización dos imperios exipcio e mesopotámico | mapa, localiza os imperios exipcio e mesopotámico e sinala no mapa algún dos seus ríos e algunha das súas cidades. | mapa, localiza os imperios exipcio e mesopotámico e sinala no mapa os seus principais ríos e cidades. | maio | |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.13.**<br>**Est. Apr. XHB3.13.2. Describe as principais** características das etapas históricas nas que se divide Exipto. | 3.13.2.1 Explica como se formou o reino de Exipto, en que época, e que eran as dinastías de faraóns. | Sinala de forma imprecisa ou con erros como se formou o reino de Exipto e sen detallar en que época se formou ou que eran as dinastías de faraóns. | Explica correctamente como se formou o reino de Exipto e en que época, pero ten dificultades para definir que eran as dinastías de faraóns. | Explica correctamente como se formou o reino de Exipto e en que época, e define con detalle que eran as dinastías de faraóns. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.**<br>**Est. Apr. XHB3.14.1.** Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. | 3.14.1.1 Explica a razón pola que no antigo Exipto se momificaban os defuntos, e que eran o Tribunal de Osiris e o *Libro dos Mortos*. | Sinala que no Antigo Exipto existía a momificación sen explicar por que no antigo Exipto se momificaban os defuntos e descoñece que eran o Tribunal de Osiris e o *Libro dos Mortos*. | Explica correctamente por que no antigo Exipto se momificaban os defuntos e que era o Tribunal de Osiris e descoñece o significado do *Libro dos Mortos.* | Explica correctamente e con detalle por que no antigo Exipto se momificaban os defuntos e que eran o Tribunal de Osiris e o *Libro dos Mortos*. | 3ª Avaliación maio | CEC CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.14.**<br>**Est. Apr. XHB3.14.2.** Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. | 3.14.2.1 Define o concepto de "relixión politeísta", enumera os principais deuses exipcios, explica como era a súa representación e indica cales tiñan cabeza de animal. | Ten dificultades para definir o concepto de "relixión politeísta", enumerar os principais deuses exipcios, explicar como era a súa representación e indicar cales tiñan cabeza de animal. | Define o concepto de "relixión politeísta", enumera os principais deuses exipcios, explica como era a súa representación con algún erro, e descoñece cales tiñan cabeza de animal. | Define o concepto de "relixión politeísta", enumera os principais deuses exipcios, explica como era a súa representación e indica cales tiñan cabeza de animal. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.16. Coñecer os trazos principais das "polis" gregas e a transcendencia do concepto "Democracia".**<br>**Est. Apr. XHB3.16.1.** Identifica distintos trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de diferente tipo de fontes históricas. | 3.16.1.4 Reflexiona e argumenta unha opinión razoada sobre a situación da muller na Grecia Antiga e a súa situación de desigualdade ante os homes. | Amosa escaso interese no tema de reflexión proposto e dá respostas concisas sen argumentar nin explicar adecuadamente as súas opinións. | Elabora unha explicación correctamente argumentada e razoada sobre a situación da muller na Grecia Antiga e apoia as súas explicacións con diversos exemplos da vida dun personaxe proposto. | Elabora unha explicación ben argumentada e razoada sobre a situación da muller na Grecia Antiga e apoia as súas explicacións con numerosos exemplos da vida dun personaxe proposto. | 3ª Avaliación maio | CEC CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.16.**<br>**Est. Apr. XHB3.16.1.** | 3.16.1.1 Observa a imaxe da polis, describe os diferentes elementos que a forman e detalla as actividades que se realizan na ágora. | Sinala o nome dalgún elemento que forma a polis de forma illada sen ter coñecer o resto de elementos da polis nin detallar as actividades que se realizan na ágora | Identifica e describe correctamente os elementos que forman a polis e explica algunha das actividades que se realizan na ágora. | Identifica e describe correctamente os elementos que forman a polis, e explica detalladamente as actividades que se realizan na ágora. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.16.**<br>**Est. Apr. XHB3.16.1.** | 3.16.1.5 Completa unha táboa establecendo as principais características da organización social e política de Esparta, Atenas e os reinos helenísticos. | Completa unha táboa sobre as principais características da organización social e política de Esparta, Atenas e os reinos helenísticos cometendo erros ou deixando entradas sen completar. | Completa correctamente unha táboa sobre as principais características da organización social e política de Esparta, Atenas e os reinos helenísticos | Completa correctamente unha táboa sobre as principais características da organización social e política de Esparta, Atenas e os reinos helenísticos sen consultar o libro nin outras fontes. | 3ª Avaliación maio | CC¡MCC T |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.16.**<br>**Est. Apr. XHB3.16.1.** | 3.16.1.7 Comprende o carácter politeísta da relixión grega e romana, enumera os principais deuses gregos e romanos e explica as súas atribucións e o obxecto que os identificaba. | Recoñece o carácter politeísta da relixión grega e romana e enumera algúns dos principais deuses grecorromanos sen distinguir se se trata do nome grego ou romano de ditas divinidades. | Recoñece o carácter politeísta da relixión grega e romana, enumera e distingue os principais deuses romanos e gregos e sinala os trazos ou obxectos característico destes deuses. | Recoñece o carácter politeísta da relixión grega e romana, enumera e distingue os principais deuses romanos e gregos e describe con detalle os trazos e os obxectos característico destes deuses. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.16.**<br>**Est. Apr. XHB3.16.2.** Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | 3.16.2.3 Indica as principais diferenzas e similitudes entre o sistema democrático ateniense e a democracia occidental actual. | Sinala unha ou dúas diferenzas e similitudes entre o sistema democrático ateniense e a democracia occidental actual sen explicalas nin describilas. | Explica brevemente a maioría das principais diferenzas e similitudes entre o sistema democrático ateniense e a democracia occidental actual. | Explica as principais diferenzas e similitudes entre o sistema democrático ateniense e a democracia occidental actual, e extrae conclusións propias ao respecto. | 3ª Avaliación maio | CEC<br>CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización".**<br>**Est. Apr. XHB3.17.1.** Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | 3.17.1.1 Analiza o mapa histórico e explica cales foron as grandes áreas de colonización dos gregos, e cita algunha colonia de cada unha delas. | Recoñece de forma moi vaga o tema do mapa e necesita soporte docente ou dun compañeiro para interpretar o mapa e responder as preguntas formuladas. | Interpreta o mapa sobre a colonización grega, explica a maioría das grandes áreas de colonización dos gregos, e cita algúns exemplos concretos. | Interpreta o mapa sobre a colonización grega, explica correctamente cales foron as grandes áreas de colonización dos gregos, e cita algunha colonia de cada unha delas. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.**<br>**Est. Apr. XHB3.18.1.** Elabora un mapa do Imperio de Alexandre. | 3.18.1.1 Recrea a expansión do imperio de Alexandre Magno e as súas implicacións históricas a partir da análise detallada e pautada dun mapa. | Segue as instrucións ou pautas para analizar un mapa sobre o imperio de Alexandre Magno de forma mecánica e sen extraer coñecementos e respondendo con erros frecuentes as preguntas formuladas na actividade. | Segue as instrucións ou pautas para analizar un mapa sobre o imperio de Alexandre Magno, comprende os sucesos descritos no mapa e responde brevemente as preguntas formuladas de forma adecuada. | Segue as instrucións ou pautas para analizar un mapa sobre o imperio de Alexandre Magno, alcanza un coñecemento preciso dos sucesos descritos no mapa e responde detalladamente as preguntas formuladas. | 3ª Avaliación maio-xuño | CEC<br>CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.19. Entender o alcance do "clásico" na arte e a cultura occidentais .**<br>**Est. Apr. XHB3.19.1.** Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | 3.19.1.1 Analiza e caracteriza un mosaico e describe a escea que representa valorando a neutralidade ou obxectividade do artista. | Le os textos explicativos que acompañan a ilustración do mosaico sen chegar a comprender a escea representada, a actitude do artista nin os principais trazos da obra. | Identifica os personaxes e a escea representada con axuda do pé de ilustración, describe adecuadamente como representa a obra o suceso histórico ao que fai referencia e sinala a actitude do artista. | Identifica os personaxes e a escea representada con axuda do pé de ilustración, describe detalladamente como representa a obra o suceso histórico ao que fai referencia e sinala a actitude do artista argumentando a súa opinión. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.19. Est. Apr. XHB3.19.1. E** | 3.19.1.5 Describe con detalle un edificio o Partenón a partir da resposta a un completo cuestionario sobre as súas características arquitectónicas e o seu contexto histórico. | Identifica o Partenón e a súa función como templo e sinala de forma inconexa algunha característica do seu aspecto ou do seu contexto histórico. | Identifica o Partenón e a súa función como templo, caracteriza adecuadamente o seu aspecto exterior e a súa estrutura arquitectónica e describe brevemente o seu estilo artístico. | Identifica o Partenón e a súa función como templo, caracteriza con detalle o seu aspecto exterior e a súa estrutura arquitectónica e describe o seu estilo artístico | 3ª Avaliación maio | CEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | contextualizándoo na súa etapa histórica. | | |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.19. .** **Est. Apr. XHB3.19.2.** Dá exemplos representativos das distintas áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | 3.19.2.1 Redata unha explicación detallando os principais trazos da civilización grega a partir dos contidos do tema e unha serie de pautas. | Enumera algún trazo da civilización grega de forma pouco inconexa e amosa un baixo grao de coñecemento e comprensión da civilización helénica. | Explica adecuadamente todos ou a maioría dos trazos relevantes da civilización grega. | Explica de forma detallada os trazos relevantes da civilización grega achegando exemplos e argumentando as súas afirmacións. | 3ª Avaliación maio | CEC CCL |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.19.** **Est. Apr. XHB3.19.2.** | 3.19.2.2 Coñece o argumento da *Odisea* e o significado da palabra odisea. | Amosa escaso interese no coñecemento da *Odisea* e ten unha noción inexacta ou errónea do significado da palabra odisea na actualidade. | Describe brevemente algúns episodios ou anécdotas da *Odisea* e define o significado da palabra odisea na actualidade. | Describe con detalle distintos episodios ou anécdotas da *Odisea* e define o significado da palabra odisea na actualidade relacionándoo coa obra literaria. | 3ª Avaliación maio | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, economía e cultura romanas e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.** **Est. Apr. XHB3.20.1.** Confecciona un mapa coas distintas etapas da expansión de Roma. | 3.20.1.1 Describe o proceso de expansión do Imperio romano, as súas fases e os territorios conquistados en cada fase. | Interpreta o mapa de forma imprecisa e sen chegar a comprender o proceso de expansión da civilización romana | Interpreta o mapa adecuadamente, obtén unha idea de conxunto sobre o proceso de expansión da civilización romana e sinala a cronoloxía das diferentes etapas deste proceso. | Interpreta o mapa con precisión, obtén un coñecemento detallado sobre o proceso de expansión da civilización romana e sinala a cronoloxía das diferentes etapas deste proceso describindo os territorios conquistados en cada etapa. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20. .** **Est. Apr. XHB3.20.2.** Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | 3.20.2.1. Describe as funcións das institucións da Roma republicana e valora cal é a institución máis relevante a partir da interpretación dun esquema. | Identifica as institucións da Roma republicana e describe as súas funcións de forma confusa ou con incorreccións. | Describe de forma adecuada o funcionamento das institucións da Roma republicana e sinala cal é a institución máis importante. | Describe de forma detallada o funcionamento n das institucións da Roma republicana e razoa cal é a institución máis importante. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20.** **Est. Apr. XHB3.20.2.** | 3.20.2.2. Explica se, segundo os parámetros actuais, o sistema de goberno da República romana pode considerarse unha democracia ou unha oligarquía e argumenta a resposta. | Amosa escaso interese na actividade proposta e non chega a explicitar ningunha opinión ou razoamento sobre a cuestión. | Explica se o sistema de goberno da República romana pode considerarse unha democracia ou unha oligarquía e argumenta breve e correctamente a súa resposta. | Explica se o sistema de goberno da República romana pode considerarse unha democracia ou unha oligarquía, argumenta correctamente a súa resposta, e extrae conclusións ao respecto. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20.** **Est. Apr. XHB3.20.2.** | 3.20.2.4 Recoñece e sitúa cronoloxicamente o período da *Pax romana* e sinala as particularidades da organización social e política romana durante este período. | Identifica de forma inexacta a cronoloxía da Pax romana e enuncia que foi un período de paz.. | Recoñece o período de tempo que abarca a Pax romana, sinala que foi un período de paz e prosperidade e describe brevemente os factores que favoreceron a prosperidade e a organización administrativa do | Recoñece o período de tempo que abarca a Pax romana, explica que foi un período de paz e prosperidade e describe con detalle os factores que favoreceron a prosperidade e a organización | 3ª Avaliación xuño | CEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Imperio. | administrativa do Imperio. | | |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20.**<br>**Est. Apr. XHB3.20.2.** | 3.20.2.6 Identifica as características da organización e os grupos sociais durante a República e o Imperio describindo con detalle as diferenzas existentes en ambos os dous períodos. | Identifica de forma illada algunha característica da organización e os grupos sociais durante a República e o Imperio sen obter unha comprensión clara da sociedade romana durante ambos períodos. | Describe de forma adecuada as características da organización e os grupos sociais durante a República e o Imperio e sinala brevemente as súas diferenzas máis relevantes nos dous períodos. | Describe de forma detallada as características da organización e os grupos sociais durante a República e o Imperio e explica de forma razoada as diferenzas máis relevantes en ambos períodos. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20.**<br>**Est. Apr. XHB3.20.2.** | 3.20.2.7 Describe os principais aspectos da crise social, económica e política do Imperio romano no século III d. C. | Recoñece a existencia da crise do Imperio romano no século III d.C sen enumerar as súas causas. | Recoñece a existencia da crise do Imperio romano no século III d.C e describe brevemente as principais causas e consecuencias desta crise no ámbito social, económico e político. | Recoñece a existencia da crise do Imperio romano no século III d.C e describe con detalle e de forma razoada as principais causas e consecuencias desta crise no ámbito social, económico e político. | 3ª Avaliación xuño | CEC<br>CCL |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20.**<br>**Est. Apr. XHB3.20.2.** | 3.20.2.10 Describe a vida cotiá e as actividades que se realizaban en distintas dependencias dunha *domus* a partir da observación dunha ilustración na que se reconstrúe como era unha casa romana. | Sinala o nome das dependencias dunha *domus* e cita algunha das actividades que se realizaba nelas. | Describe con certo grao de detalle as dependencias dunha *domus* e explica axeitadamente as actividades que se realizaban nelas e os trazos máis destacados da vida cotiá. | Describe con detalle as dependencias dunha *domus,*explica as actividades que se realizaban nelas e reconstrúe como era a vida dun cidadán romano a partir da caracterización da súa vivenda. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.20.**<br>**Est. Apr. XHB3.20.2.** | 3.20.2.12 Describe a vida cotiá e as actividades económicas agrarias dos romanos a partir da observación dunha ilustración na que se reconstrúe como era unha vila agrícola. | Identifica nunha ilustración algunha particularidade da vida cotiá e as actividades agrarias dos romanos sen chegar a comprender nin a describir como era a vida e a actividade agrícola nunha vila. | Identifica nunha ilustración as particularidades da vida cotiá e as actividades agrarias dos romanos, obtén unha visión de conxunto da vida nunha vila e explica brevemente as diferentes actividades económicas propias desta redonda. | Identifica nunha ilustración as particularidades da vida cotiá e as actividades agrarias dos romanos, obtén unha visión de conxunto da vida nunha vila e explica con detalle as diferentes actividades económicas con exemplos. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.**<br>**Est. Apr. XHB3.21.1.** Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | 3.21.1.1 Recoñece e describe con detalle os principais monumentos e edificios da Roma imperial. | Sinala de forma incompleta algúns dos monumentos e edificios da Roma imperial e sinala a súa función ou utilidade. | Enumera os monumentos e edificios da Roma imperial, describe a súa función ou utilidade e explica adecuadamente as súas características. | Enumera os monumentos e edificios da Roma imperial, describe a súa función ou utilidade e explica con detalle as súas características . | v | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.21.**<br>**Est. Apr. XHB3.21.1.** | 3.21.1.2 Compara un templo romano e un grego identificando as súas similitudes e | Observa o templo grego e romano cunha atención intermitente e limítase | Observa o templo grego e romano atentamente e sinala a maioría dos | Observa o templo grego e romano atentamente e explica brevemente | 3ª Avaliación xuño | CEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | diferenzas a partir da observación de ilustracións. | a escoitar as semallanzas e diferenzas cando as sinala o docente. | elementos comúns dos templos gregos e romanos e algunha das súas diferenzas. | os principais elementos comúns dos templos gregos e romanos e as súas diferenzas. | | |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.21.**<br>**Est. Apr. XHB3.21.1.** | 3.21.1.3 Analiza a ilustración do Panteón de Roma e describe os elementos adoptados da arquitectura grega e as achegas romanas que incorpora. | Analiza a ilustración do Panteón de Roma e sinala de forma inconexa algún elemento propio da arquitectura grega presente no edificio. | Analiza a ilustración do Panteón de Roma, describe brevemente os principais elementos da arquitectura grega presentes no edificio e explica de forma somera a cúpula como unha achega da arquitectura romana. | Analiza a ilustración do Panteón de Roma, describe con detalle os principais elementos da arquitectura grega presentes no edificio e explica con precisión a importancia da cúpula e do *oculus* como achegas da arquitectura romana. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.2**1. I<br>Est. Apr. XHB3.21.1. | 3.21.1.6 Describe con detalle un mosaico romano a partir da elaboración dunha ficha artística sobre as súas características. | Identifica e localiza a obra de arte proposta e sinala de forma inconexa algunha característica do seu aspecto e da escea que recrea. | Identifica e localiza a obra de arte proposta, describe adecuadamente o seu aspecto exterior, a escea que recrea situándoa no seu contexto histórico e estilo artístico. | Identifica e localiza a obra de arte proposta, describe adecuadamente o seu aspecto exterior, a escea que recrea situándoa no seu contexto histórico e estilo artístico. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.21.**<br>**Est. Apr. XHB3.21.1.** | 3.21.1.7 Identifica as partes dun teatro romano e compárao cun grego. | Non identifica as partes dun teatro romano nin grego. | Identifica case todas as partes de teatros romanos e gregos, pero cústalle algo comparalos. | Identifica todas as partes do teatro romano e do grego e compáraos perfectamente. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.21.**<br>**Est. Apr. XHB3.21.1.** | 3.21.1.8 Recoñece e describe con detalle a estrutura dunha cidade romana e os seus principais edificios e infraestruturas. | Sinala de forma incompleta algúns dos edificios e infraestruturas dunha cidade romana. | Enumera os edificios e infraestruturas dunha cidade romana e explica características da súa estrutura e trazado urbanístico. | Enumera e describe os edificios e infraestruturas dunha cidade romana e explica con detalle as características do trazado urbanístico. | 3ª Avaliación xuño | CEC CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.**<br>**Est. Apr. XHB3.22.1.** Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | 3.22.1.1 Describe a conquista romana de Hispania, as súas fases e os territorios conquistados en cada fase a partir da observación dun mapa e a lectura dun texto explicativo. | Interpreta o mapa e o texto explicativo de forma imprecisa e sen chegar a comprender a evolución da conquista romana de Hispania e as súas fases. | Interpreta o mapa e o texto explicativo, obtén unha idea de conxunto sobre a evolución da conquista romana de Hispania e as súas fases e sinala a cronoloxía das diferentes etapas deste proceso. | Interpreta o mapa e o texto explicativo con precisión, obtén un coñecemento detallado sobre a evolución da conquista romana de Hispania e as súas fases e sinala a cronoloxía das diferentes etapas deste proceso describindo os territorios conquistados en cada etapa. | 3ª Avaliación xuño | CEC CSC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.22.**<br>**Est. Apr. XHB3.22.1.** | 3.22.1.2 Analiza un mapa histórico da Península Ibérica en época romana e sinala cales foron as provincias nas que dividiu Hispania, recoñecer as provincias e data correctamente a | Identifica as provincias sinaladas no mapa sen relacionalas directamente cos actuais territorios ou divisións territoriais da Península. | Identifica as provincias sinaladas no mapa, relaciónaas cos actuais territorios ou divisións territoriais da Península e sinala con precisión o século IV d.C como a etapa á que | Identifica as provincias no mapa, relaciónaas coas actuais divisións territoriais , recoñece as cidades que e o seu nome actual e sinala o século IV d.C como a etapa á que | 3ª Avaliación xuño | CEC |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | etapa á que se refire o mapa. | | corresponde o mapa. | corresponde o mapa. | | |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.**<br>**Est. Apr. XHB3.22.3.** Entende qué significou a 'romanización' en distintos ámbitos sociais e xeográficos. | 3.22.3.2 Identifica os elementos da cultura romana que adoptaron os hispanos e sinala cales deles se manteñen na actualidade. | Sinala de forma illada algún elemento cultural romano que adoptaron os hispanos. | Sinala os elementos culturais romanos que adoptaron os hispanos, explica en que que consistiu a romanización e sinala algún elemento da cultura romana que sobrevivira ata a actualidade. | Sinala os elementos culturais romanos que adoptaron os hispanos, explica en que que consistiu a romanización e sinala elementos da cultura romana que se manteñan valorando a influencia romana na nosa sociedade. | 3ª Avaliación xuño | CEC |
| **Bloque 3 Crit. Aval. 3.22. .**<br>**Est. Apr. XHB3.22.3.** | 3.22.3.3 Realiza unha procura de información na Internet ou outras fontes sobre os restos romanos existentes na propia Comunidade comentando a información obtida. | Necesita pautas ou axuda docente para localizar a información na Internet ou outras fontes e para interpretar e comentar a información obtida. | Localiza de forma autónoma a información obtida na Internet ou outras fontes e describe adecuadamente os principais restos romanos da Comunidade a partir da información obtida. | Localiza de forma autónoma a información obtida, describe con detalle os principais restos romanos da Comunidade a partir da información e valora razoadamente a importancia do patrimonio romano. | 3ª Avaliación xuño | CEC |

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EMPREGO DOS RECURSOS DO CENTRO.

A materia, a variedadede competencias clave a desenvolver e a cantidade de estándares de aprendizaxe e de criterios de avaliación, esixe e permite unha metodoloxía aberta, fundamentada non so na exposición por parte do profesorado dunha serie de cuestións que teñen respaldo nun único texto, senon tamén na pescuda por parte do alumnado de contidos que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe marcados, na elaboración dos nosos propios materiais didácticos, e na potenciación dos aspectos prácticos da materia.

Empregaremos para acadar ditos obxectivos todos os recursos ao noso alcance e que nos proporcione o centro, en calquera soporte que consideremos oportuno: bibliográfico ou electrónico. A biblioteca e os recursos informáticos do centro serán recursos utilizables tanto por alumnado como polos profesores que impartiremos esta materia. Empregaremos tamén materiais didácticos da nosa elaboración, e colaboraremos co alumnado na elaboración de produtos finais resultado de proxectos e pescudas que se poidan ir propoñendo ao longo do curso. Deste xeito, damos máis importancia que en cursos anteriores ás Competencias clave, en especial á Competencia Dixital, a Aprender a Aprender, e á Competencia Lingüística.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A proba de avaliación inicial terá os propósitos de identificar os problemas de aprendizaxe, avaliar os coñecementos previos para avanzar na materia e sobre todo o seu su nivel competencial para interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos de nosa disciplina.

Para iso, partirase dunha taboa na que se avaliará a través dunha serie de preguntas a situación do alumnado, plasmada tras a presentación dunha serie de cuestionarios, tarefas para casa e entrevistas individuais cando sexa necesario. Ditos cuestionarios e tarefas serán axeitados á idade e ao nivel psicoevolutivo do alumnado, e valorará sete items en tres niveis de consecución das tarefas indicadas, como figura na clave que se adxunta tras a táboa, e non terá calificación numérica.

| **Taboa de indicadores de habilidades e coñecementos previos en Xeografía e Historia** | | | |
|---|---|---|---|
| Localiza a información que se lle demanda a partir de diferentes fontes. | **1*** | **2** | **3** |
| E capaz de ampliar información . | | | |
| Recoñece o vocabulario propio da materia. | | | |
| Ten iniciativa para buscar no diccionario os termos que non entende. | | | |
| Recoñece nun texto cal é a idea principal | | | |
| Sabe interpretar unha gráfica sinxela. | | | |
| É quen de situar en orden cronolóxico unha serie de acontecementos significativos. | | | |

***1**:adecuadamente; **2** de maneira suficiente; **3** con dificultade ou non o fai.

Desta maneira contarase co información para levar a cabo as actuacións e adaptacións necesarias.

## AVALIACIÓN CONTÍNUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación contínua desenvolverase ao longo do curso, en forma das probas formais propostas por avaliación, e dos instrumentos de avaliación que a continuación se detallan:

- Caderno de cada alumno ou alumna
- Exercicios propostos, realizados e corrixidos na aula, que deberían figurar nos cadernos do alumnado.
- Comentarios de mapas, textos ou imaxes, adaptados ao nivel cognitivo e ao desenvolvemento dos contidos da materia.

- Traballos de clase, axeitados aos descritores dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe expostos máis arriba.

Alumnos e alumnas que non cumplan cos criterios de avaliación en xuño, terán a correspondente proba extraordinaria en setembro, a cargo deste Departamento.

**CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.**

As probas formais terán unha calificación de 0 a 10, sendo 5 a calificación que certifique o aprobado, en relación cos indicadores de logro que figuran máis arriba.
Os exames contarán un porcentaxe de ata o 70% da nota, obténdose o resto da calificación dos instrumentos de avaliación expostos no epígrafe anterior.
Para superar a materia, un alumno ou alumna deberá acadar unha media nas tres avaliacións dunha calificación igual ou superior a 5.
Poderá haber exames de recuperación da materia por avaliación.
O Departamento pode considerar que un alumno ou alumna abandoou a materia caso de producirse ausencias inxustificadas, negativa manifesta a facer as tarefas propostas, negativa a facer os exames ou probas, falta de interese e de esforzo pola materia, se os resultados académicos son inferiores a unha calificación de 2 ou expresa públicamente dito abandono. En dito caso, seguirase o protocolo de apercibir ao alumno, e avisar aos titores legais.
Alumnos e alumnas que non superen a materia en xuño terán un exame en setembro a cargo do Departamento.

**ACTIVIDADES DE REFORZO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Ao longo do curso, cando sexa necesario, levaranse a cabo:

- Adaptacións da programación, do xeito e nivel que se considere apropiado, cando sexa preciso.
- Deseñar tarefas axeitadas, ben ao alumnado que teña dificultades, ben ao que teña altas capacidades e precise tarefas máis complexas
- Organizar o desenvolvemento dos contidos, apoiando ao alumnado que teña dificultades de comprensión.

- Procurar material adaptado a diversas deficiencias sensoriais, caso de ser necesario.
- Adaptar os medios de avaliación, caso de ser necesario.
- Favorecer un clima de cooperación e colaboración entre o alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación nos aspectos necesarios para favorecer o desenvolvemento do alumnado.

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.**

Poderanse realizar actividades específicas para este nivel, así como participar nas que outros departamentos do centro ou a Biblioteca deste propoñan ao longo do curso, dependendo da oferta cultural da contorna.

**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.**

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

**MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**
**PROGRAMACIÓN DE 2º DE ESO, CURSO 2018-19**

PROFESOR David Fernández Lorenzo
TEXTO ALBET, A. Xeografía e Historia 2º Curso, Vicens Vives 2016
ISBN 978-84-682-3632-2

**OBXECTIVOS.**

Os obxectivos da materia de Xeografía e Historia para o nivel de 2º de ESO son:

1. Coñecer a fin do mundo antigo e o inicio da Idade Media.
2. Coñecer o marco espazo-temporal onde se desenvolveu a civilización bizantina.
3. Explicar a organización política, social e económica de Bizancio.
4. Coñecer o legado cultural e artístico de Bizancio.
5. Identificar a importancia histórica do imperio carolinxio.
6. Coñecer a sociedade, a cultura e a arte carolinxia.
7. Desenvolver a curiosidade por coñecer o significado das imaxes bizantinas.
8. Sinalar a importancia do marco xeográfico da civilización islámica, e coñecer conceptos significativos da súa relixión.
9. Establecer e datar as etapas, feitos e expansión do Islam histórico.
10. Distinguir as institucións principais, políticas e económicas, da organización islámica.
11. Describir os trazos significativos da sociedade e da vida cotiá.
12. Recoñecer os trazos diferenciais dunha cidade musulmá.
13. Desenvolver a curiosidade por coñecer o pasado e o presente do islam.
14. Explicar a orixe do feudalismo e algúns caracteres básicos do sistema feudal.
15. Establecer a organización económica dos feudos.
16. Coñecer a organización da sociedade estamental e os lazos de dependencia.
17. Describir os trazos significativos da vida cotiá da nobreza.
18. Diferenciar as dependencias dun castelo medieval
19. Identificar a paisaxe característica das aldeas medievais e coñecer aspectos da vida cotiá dos campesiños.

20. Mostrar a importancia da Igrexa na Idade Media e coñecer o modo de vida eclesiástico.
21. Formar redes conceptuais sobre a arte románica.
22. Desenvolver a curiosidade por coñecer a Idade Media.
23. Coñecer o espazo e o tempo do Islam peninsular.
24. Analizar as formas de goberno e a economía de al-Ándalus.
25. Identificar a diversidade social de al-Ándalus e explicar aspectos da vida cotiá.
26. Mostrar a importancia do legado cultural e artistico do califato de Córdoba.
27. Sacar conclusións sobre o reino de Galicia na Alta Idade Media.
28. Coñecer os reinos cristiáns de resistencia ao islam, a súa localización xeográfica, evolución histórica e organización.
29. Formar redes conceptuais sobre a cultura e a arte dos núcleos cristiáns.
30. Coñecer o marco xeográfico e político da Plena Idade Media.
31. Analizar a expansión agraria europea e as súas causas e consecuencias.
32. Comprender o renacemento da cidade medieval.
33. Diferenciar as actividades económicas das cidades medievais.
34. Formar redes conceptuais sobre a sociedade e a vida cotiá na Plena Idade Media.
35. Comprender e explicar a relixiosidade e a cultura medievais.
36. Recoñecer as diferenzas estilísticas da arte gótica.
37. Sacar conclusións sobre a crise do século xiv, as súas causas e principais consecuencias.
38. Desenvolver interese por coñecer unha catedral gótica.
39. Aprender a analizar unha arquitectura.
40. Explicar a evolución de al-Ándalus entre os séculos XI e XV.
41. Formar redes conceptuais sobre a arte islámica en España.
42. Identificar as bases da consolidación dos reinos cristiáns peninsulares.
43. Analizar a organización dos reinos cristiáns.
44. Formar redes conceptuais sobre a arte gótica e a arte mudéxar.
45. Identificar os trazos diferenciais do territorio do reino de Galicia entre os séculos XI e XV.
46. Desenvolver a curiosidade por coñecer a Escola de Tradutores de Toledo.
47. Aprender a interpretar unha escultura
48. Coñecer o crecemento e a distribución da poboación mundial, e explicar os factores de distribución.
49. Comprender as causas do aumento ou diminución da poboación e asimilar taxas demográficas básicas.

50. Diferenciar a composición ou estrutura interna da poboación.
51. Sacar conclusións sobre os distintos comportamentos demográficos da poboación mundial.
52. Mostrar os caracteres diferenciais da evolución, distribución e variables demográficas da poboación española.
53. Constatar a existencia de tensións demográficas no mundo actual, incluída España.
54. Amosar os carácteres diferenciais da poboación de Galicia.
55. Desenvolver a curiosidade por coñecer o presente e o futuro da poboación mundial
56. Aprender a elaborar e comentar pirámides de poboación.
57. Analizar os elementos e evolución histórica das sociedades.
58. Distinguir as características das sociedades actuais.
59. Descubrir a importancia da actividade económica nas sociedades actuais.
60. Localizar os estados da Terra, apreciar a singularidade do Estado español, da Unión Europea e de Galicia.
61. Formar redes conceptuais sobre as sociedades europea, española e de Galicia.
62. Desenvolver a curiosidade por coñecer a civilización occidental.
63. Diferenciar as formas de poboamento.
64. Extraer conclusións sobre os elementos que diferencian unhas cidades doutras.
65. Diferenciar a distinta urbanización do territorio no mundo actual.
66. Interpretar as diferenzas existentes no poboamento español.
67. Coñecer a estrutura das cidades españolas actuais.
68. Observar de xeito analítico a vida na cidade actual, recoñecendo as súas vantaxes e problemas. .
69. Diferenciar os caracteres básicos das cidades de Galicia.
70. Desenvolver a curiosidade por coñecer as cidades como produto da historia.
71. Diferenciar os distintos tipos de núcleos de poboación de Galicia.
72. Aprender a comentar un plano urbano.
73. Recoñecer os problemas da sociedade urbana actual.
74. Aprender a traballar en grupo.
75. .Aprender a elaborar un traballo escolar, buscando información, seleccionándoa cun punto de vista crítico e ético.
76. Promover o desenvolvemento de destrezas básicas e de estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A Xeografía e Historia de 2º de ESO contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias clave, tal como está desenvolvido nas Consideracións Xerais de Área:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencia dixital (CD)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Conciencia e expresións culturais (CES)
- Contribúe tamén ao desenvolvemento da Competencia matemática e Competencias tecnolóxica e científica (CMCT).

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN DA MATERIA. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Este curso, os contidos relacionados coa Demografía e a Xeografía Urbana desenvolverémolos na primeira avaliación, deixando os contidos de Historia para a segunda e terceira avaliacións.

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Indicadores de logro que garanten o aprobado da materia | Competencias clave | Temporalización |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Bloque 1. O medio físico** | | | |
| ▪ B1.1. Localización. Latitude e lonxitude. | B.1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | Sitúa correctamente no mapa un mínimo dos elementos xeográficos propostos en cada exercicio. | CAA, CMCCT, CD | Todo o curso |
| B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia. | B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego. | Describe de forma xeral pero empregando un léxico axeitado á materia os trazos xerais do medio físico | CAA, CMCCT, CD, CCL | Todo o curso |
| B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía. | B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos | XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | Localiza correctamente un mínimo da metade das unidades de relevo propostas en cada exercicio | CAA, CMCCT, CD | Todo o curso |
| | | XHB1.3.2. Describe as | Describe cun léxico propio | CAA, | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | bioclimáticos. | unidades de relevo con axuda do mapa físico de España. | da materia as unidades de relevo | CMCCT, CD, CCL | |
| B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía. | B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego | Localiza correctamente un mínimo da metade das unidades de relevo propostas en cada exercicio | CAA, CMCCT, CD | 1ª Avaliación Setembro-outubro |
| | | XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia | Describe cun léxico propio da materia as unidades de relevo | CAA, CMCCT, CD, CCL | |
| B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia. | B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego | XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España | Localiza correctamente un mínimo da metade dos espazos propostos en cada exercicio | CAA, CMCCT, CD, CCL | 1ª Avaliación Outubro |
| | | XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | Compara as zonas, facendo fincapé nas características en que coinciden e nas que diverxen, e exprésase co vocabulario propio da materia. Analiza gráficos e imaxes correctamente | CAA, CMCCT, CD | |
| | | XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | Sitúa correctamente os espazos bioclimáticos no mapa, relacionándoos cos factores que os orixinan | CAA, CMCCT, CD | |
| B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia. | B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia. | XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | Entende que a paisaxe é un conxunto complexo de variables e distingue as características que diferencian as diversas paisaxes de España e Galicia, relacionándoas co espazo que ocupan | CAA, CMCCT, CD | 1ªAvaliación Outubro |
| B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España. | B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | Atopa con axuda a información necesaria nos medios referidos, e elabora un pequeno texto empregando dita información. | CAA, CMCCT, CD, CCL | 1!Avaliación Outubro |
| Bloque 2. O espazo humano | | | | | |
| B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios | B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións | XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas | Entende correctamente os mapas, extrae información deles e distingue as zonas con maior densidade de poboación. | CAA, CMCCT, CSC, CD | 1ª avaliación. Novembro |
| | | XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento | Pescuda información en diversos medios, con axuda do profesor, e elabora un breve texto no que considera as consecuencias das migracións. | CAA, CMCCT, CSC, CD | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ B2.2. Poboación europea: distribución e evolución. | B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación | ▪ XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea. | Explica as características básicas da poboación europea na actualidade, empregando un léxico axeitado, aínda que non profundice nas cuestións propostas | CAA, CMCCT, CD, CCL | 1ª avaliación. NOvembro |
| | | XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | Pode poñer exemplos de diversas situacións referentes á poboación europea, baseándose nos datos de diversos países, segundo a tarefa proposta | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | |
| B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios | Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios. | XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | Recoñece o tipo de pirámide, entende e explica que reflicte de xeito gráfico, pero non chega a explicar por completo as causas e consecuencias da situación reflectida. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 1ª avaliación. Novembro-decembro |
| | | XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España. | Recolle información necesaria para a análise, pero as súas conclusións carecen de profundidade. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | |
| B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios. | B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais | Explica correctamente as características das fases da emigración galega e pode relacionar cada unha delas cos principais destinos, pero non chega a conclusións axeitadas. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 1ª avaliación. Decembro |
| B2.5. Proceso de urbanización no planeta | B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | Comprende que tipo de gráfico pode reflectir mellor a evolución do crecemento da poboación urbana no mundo e elabórao con axuda. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 1ª avaliación. Decembro |
| | | XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica | Sitúa as princpais cidades do mundo nun mapa, relacionándoas co país ao que pertencen e a súa posición económica, pero comete fallos, inferiores á metade da proposta. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | |
| B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo. | B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | Compara elementos propios do ámbito urbano con elementos propios do rural, pero comete erros por debaixo do 50% da tarefa. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 1ª avaliación Decembro |
| | | XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | Coñece os tipos de cidades que predominan en Europa, pero non sabe con que momentos da historia relacionalas, ou non as relaciona correctamente. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | |
| B2.7. A cidade e o proceso | B2.7. Recoñecer as | XHB2.7.1. Interpreta | Atopa en internet ou noutras | CAA, | 1ª avaliación Decembro |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| de urbanización en España e en Galicia. | características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano. | textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita. | fontes información que explique as características das cidades de España e Galicia, pero precisa axuda para facelo e para interpretar o seu contido. | CMCCT, CSC, CD, CCL | |
| B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia. | B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular. | XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles. | Sitúa correctamente os parques naturais, e os relaciona coa conservación do medio. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 2ª avaliación Xaneiro |
| | | XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflictan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos. | Elabora os gráficos con axuda. | CAA, CMCCT, CD, CCL | |
| B2.9. Paisaxes no territorio español e galego. | B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas. | XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes | Recoñece os elementos que aparecen nas imaxes, pero comete erros de localización ou clasificación, nunha porcentaxe inferior ao 50% da tarefa proposta. | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 2ª avaliación Xaneiro |
| B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España. | B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica | Coñece as actividades económicas propias de cada paisaxe, pero comete erros nunha porcentaxe inferior ao 50% da tarefa proposta | CAA, CMCCT, CSC, CD, CCL | 2ª avaliación Xaneiro |
| **Bloque 3. A historia** | | | | | |
| B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | Identifica ditos elementos | CSC, CEC | Todo o curso |
| B3.2. Fontes históricas. | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | Identifica e nomea catro clases de fontes históricas | CSC, CAA | Todo o curso |
| | | XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | | CSC, CAA | |
| B3.3. Cambio e continuidade. | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos | XHB3.3.1. Ordea temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e | Ordea de xeito cronolóxico os feitos históricos estudados pero comete erros na secuencia | CSC CMCCT | Todo o curso |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | simultaneidade. | | | |
| | | XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos. | Elabora liñas cronolóxicas sinxelas, organizando temporalmente e relacionando os principais feitos históricos do período estudado, pero comete erros. | CSC CMCCT | |
| B3.4. Tempo histórico. | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | Ordea de xeito cronolóxico os feitos históricos estudados pero comete erros non identifica correctamente a sincronía dalgúns deles. | CSC CMCCT | Todo o curso |
| B3.5. Vocabulario histórico e artístico. | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | Emprega maioritariamente ben o léxico, aínda que comete erros pouco salientables no uso do vocabulario histórico e artístico. | CSC,CCL | Todo o curso |
| B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media). | B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período. | XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | Comprende que é unha fonte histórica e o seu emprego, de maneira básica. | CSC, CAA | 2ª avaliación Febreiro |
| B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos. | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos. | XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | Ve e sinala correctamente as diferencias entre as civilizacións que se sucederon en Europa durante a Idade Media. | CSC, CAA | 2ª avaliación Febreiro |
| B3.8. Feudalismo. | B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias. | XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños | Entende e valora as relacións económicas e sociais que se establecen entre señores e campesiños. | CSC | 2ª Avaliación en xeral |
| B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns. | B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais. | XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | Coñece a importancia da predicación de Mahoma, dentro do seu contexto histórico e xeográfico. | CSC, CEC | 2ª Avaliación Marzo |
| | | XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | É quen de situar correctamente as fases de Al-Andalus nunha liña do tempo e de comprender o básico da súa evolución social, política e económica no contexto da Idade media peninsular. | CSC, CCEC, CMCCT, CCL | |
| B3.10. Reconquista e repoboación. | B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus. | XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | Ordea correctamente con criterios cronolóxicos mapas que presentan os feitos de ditos procesos. | CSC, CAA | 2ª Avaliación Marzo |
| | | XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | Expresa nunha redación o valor que o Camiño de Santiago tiña como ruta que puña en comunicación todo o Occidente europeo. | CSC, CCEC, CCL | |
| B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa | B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias | XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise | Coñece, enumera e explica brevemente as consecuencias das | CSC | 3ª Avaliación Abril |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias. | económicas e sociais. | demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | pandemias na sociedade medieval | | |
| B3.12. Arte románica, gótica e islámica. | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | Diferencia no básico os principais trazos da arte medieval. | CSC, CCEC, CCL | 3ª Avaliación Maio |

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EMPREGO DOS RECURSOS DO CENTRO.

A materia, a variedade de competencias clave a desenvolver e a cantidade de estándares de aprendizaxe e de criterios de avaliación, permite unha metodoloxía aberta, fundamentada non so na exposición por parte do profesorado dunha serie de cuestións que teñen respaldo nun único texto, senon tamén na pescuda por parte do alumnado de contidos que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe marcados, na elaboración dos nosos propios materiais didácticos, e na potenciación dos aspectos prácticos da materia.
Empregaremos para acadar ditos obxectivos todos os recursos ao noso alcance e que nos proporcione o centro, en calquera soporte que consideremos oportuno: bibliográfico ou electrónico. A biblioteca e os recursos informáticos do centro serán recursos utilizables tanto por alumnado como polos profesores que impartiremos esta materia. Empregaremos tamén materiais didácticos da nosa elaboración, e colaboraremos co alumnado na elaboración de produtos finais resultado de proxectos e pescudas que se poidan ir propoñendo ao longo do curso. Deste xeito, damos máis importancia que en cursos anteriores ás Competencias clave, en especial á Competencia Dixital, a Aprender a Aprender, e á Competencia Lingüística.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A proba de avaliación inicial terá os propósitos de identificar os problemas de aprendizaxe, avaliar os coñecementos previos para avanzar na materia e sobre todo o seu su nivel competencial para interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos de nosa disciplina.
Para iso, partirase dunha taboa na que se avaliará a través dunha serie de preguntas a situación do alumnado, plasmada tras a presentación dunha serie de cuestionarios, tarefas para casa e entrevistas individuais cando sexa necesario. Ditos cuestionarios e tarefas serán axeitados á idade

e ao nivel psicoevolutivo do alumnado, e valorará sete items en tres niveis de consecución das tarefas indicadas, como figura na clave que se adxunta tras a táboa, e non terá calificación numérica.

| **Taboa de indicadores de habilidades e coñecementos previos en Xeografía e Historia** | | | |
|---|---|---|---|
| Localiza a información que se lle demanda a partir de diferentes fontes. | **1*** | **2** | **3** |
| E capaz de ampliar información . | | | |
| Recoñece o vocabulario propio da materia. | | | |
| Ten iniciativa para buscar no diccionario os termos que non entende. | | | |
| Recoñece nun texto cal é a idea principal | | | |
| Sabe interpretar unha gráfica sinxela. | | | |
| É quen de situar en orden cronolóxico unha serie de acontecementos significativos. | | | |

***1**:adecuadamente; **2** de maneira suficiente; **3** con dificultade ou non.

Desta maneira contarase co información para levar a cabo as adaptacións necesarias.

**AVALIACIÓN CONTÍNUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

A avaliación contínua desenvolverase ao longo do curso, en forma das probas formais propostas por avaliación, e dos instrumentos de avaliación que a continuación se detallan:

- Caderno de cada alumno ou alumna
- Exercicios propostos, realizados e corrixidos na aula, que deberán figurar nos cadernos do alumnado.
- Comentarios de mapas, textos ou imaxes, adaptados ao nivel cognitivo e ao desenvolvemento dos contidos da materia.
- Traballos de clase, axeitados aos descritores dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe expostos máis arriba.

Alumnos e alumnas que non cumplan cos criterios de avaliación en xuño, terán a correspondente proba extraordinaria en setembro, a cargo deste Departamento.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

As probas formais terán unha calificación de 0 a 10, sendo 5 a calificación que certifique o aprobado, en relación cos indicadores de logro que figuran máis arriba.
Os exames contarán un porcentaxe de ata o 70% da nota, obténdose o resto da calificación dos instrumentos de avaliación expostos no epígrafe anterior.
Para superar a materia, un alumno ou alumna deberá acadar unha media nas tres avaliacións dunha calificación igual ou superior a 5.

## ACTIVIDADES DE REFORZO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Ao longo do curso, cando sexa necesario, levaranse a cabo:

- Adaptacións da programación, do xeito e nivel que se considere apropiado, cando sexa preciso.
- Deseñar tarefas axeitadas, ben ao alumnado que teña dificultades, ben ao que teña altas capacidades e precise tarefas máis complexas
- Organizar o desenvolvemento dos contidos, apoiando ao alumnado que teña dificultades de comprensión.
- Procurar material adaptado a diversas deficiencias sensoriais, caso de ser necesario.
- Adaptar os medios de avaliación, caso de ser necesario.
- Favorecer un clima de cooperación e colaboración entre o alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación nos aspectos necesarios para favorecer o desenvolvemento do alumnado.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Poderanse realizar actividades específicas para este nivel, así como participar nas que outros departamentos do centro ou a Biblioteca deste propoñan ao longo do curso, dependendo da oferta cultural da contorna.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

**XEOGRAFÍA E HISTORIA/GEOGRAPHY AND HISTORY**

**CURSO**: 3º ESO.

**PROFESOR**: David Fernández Lorenzo

**CÓDIGO**: S230000

**LIBRO DE TEXTO (Sección Bilingüe)**: *Inicia. Geography and History.* Oxford 2015

ISBN 9788467375350

LINGUA: Inglés.

**LIBRO DE TEXTO**: ALBET, A. *Xeografía e Historia 3º curso*. Vicens Vives, 2015

ISBN 9788468237145

LINGUA: Galego.

AUTORIZACIÓN 2016

Este curso non haberá Sección Bilingüe porque o número de alumnos e alumnas matriculados non foi suficiente para constituir grupo. Sen embargo, non renunciamos a recuperar a Sección o curso que vén, e mantemos a programación da sección ao obxecto de informar a alumnado e pais e nais interesados no futuro.

**OBXECTIVOS.**

Son obxectivos da materia de Xeografía e Historia de 3º de ESO os seguintes:

1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2. Coñecer e interpretar diversos tipos de mapas temáticos.
3. Coñecer a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e

illas.

4. Diferenciar e caracterizar os sectores económicos nos seus trazos principais.
5. Diferenciar aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
6. Coñecer o desenvolvemento sustentable e obter unha opinión persoal e fundamentada en datos acerca de si é ou non posible no mundo actual.
7. Localizar e identificar nos mapas as principais áreas de produción do mundo, en relación cos diversos sectores económicos
8. Coñecer que son e que ventaxas teñen as enerxías alternativas.
9. Coñecer que é a sobreexplotación pesqueira e recoñecela como problema no mundo actual, razoando en que xeito afecta a Galicia.
10. Definir e comprender os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
11. Describir as características do comercio internacional na actualidade.
12. Enumerar as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.
13. Identificar os tipos de turismo e os seus efectos
14. Valorar a importancia do turismo na economía española e galega.
15. Comparar as características do consumo interior de diversos paísesdo mundo.
16. Describir o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio.
17. Realizar un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
18. Sinalar áreas de conflito bélico no mapamundi e relacionalas con factores económicos.
19. Identificar elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado
20. Saber que son fontes históricas, como se empregan e que valor teñen para o coñecemento do pasado.
21. Comprender que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
22. Comprender as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade en historia.
23. Utilizar o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
24. Distinguir modos de periodización histórica.
25. Identificar os trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
26. Coñecer e valorar obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
27. Entender en que se fundamentaron, como se desenvolveron e como cambiaron Europa as Reformas protestantes e católica.

28. Analizar obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores do período moderno no seu contexto.
29. Distinguir as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
30. Comprender os conceptos de cambio e continuidade en relación coa Historia Moderna de España
31. Explicar as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
32. Sopesar interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
33. Analizar as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".
34. Coñecer o concepto de Hexemonía, en relación coa historia de Europa.
35. Coñecer as componentes da sociedade estamental de Antigo Réxime.
36. Coñecer os trazos e analizar a economía europea dos séculos XVI, XVII e XVIII.

Polo que se refire en particular aos alumnos da sección bilingüe, engádense os seguintes obxetivos:
1.Reforzar o ensino da lingua inglesa mediante a súa utilización na área de Ciencias Sociais.
2.Afacer aos alumnos a impartición dunha materia nunha segunda lingua.
3. Adquirir o vocabulario propio da xeografía e a historia en inglés.
4.Promover unha visión positiva das linguas estranxeiras, máis como un elemento enriquecedor que coma un atranco.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Xeografía e historia contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencia dixital (CD)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Conciencia e expresións culturais (CES)
- Competencia matemática e competencias científicas e tecnolóxicas (CMCCT)

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Esta materia comprende, como **estándares de aprendizaxe avaliables** os seguintes:

1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.
2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.
3. Coñece e interpreta diversos tipos de mapas temáticos.
4. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
5. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
6. Diferencia os sectores económicos europeos.
7. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
8. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
9. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
10. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.
11. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
12. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
13. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
14. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
15. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.
16. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
17. Describe as características do comercio internacional na actualidade.
18. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.
19. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
20. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
21. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
22. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o

funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.
23. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio.
24. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
25. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.
26. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado
27. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
28. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
29. Ordea cronoloxicamente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
30. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
31. Entende que varias culturas convivíron á vez en diferentes enclaves xeográficos.
32. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
33. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
34. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
35. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
36. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
37. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
38. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
39. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
40. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
41. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
42. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen ás guerras da Idade Moderna.

## CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. TEMPORALIZACIÓN

**Bloque 1: O medio físico**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización |
|---|---|---|---|
| B 1.1 Localización. Latitude e lonxitude | Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite | 1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes da Terra | 1ª Avaliación setembro-outubro |
| | | 2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando as coordenadas xeográficas | Reincidirase nestas cuestións ao longo do curso, cada vez que se manexen mapas e imaxes da Terra |
| | | 3. Coñece e interpreta mapas temáticos | ID. |

**Bloque 2: Os espazos humanos**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización |
|---|---|---|---|
| B 2.1. Organización política e territorial de España. | Coñecer a organización administrativa e territorial de España | Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias, arquipélagos. | Todo o curso |
| B 2.2. Sectores de actividade económica | Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario e extraer conclusións | Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan eses datos | 1ª Avaliación outubro |
| B.2.3. Sectores económicos en Europa, España e Galicia | Recoñecer as principais actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. | Diferencia os sectores económicos en Europa. | |
| B.2.4. Sistemas económicos do mundo | Coñecer as características fundamentais dos diversos sistemas económicos | Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. | 1ª Avaliación outubro |
| B.2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable. | Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. | Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el | 1ª Avaliación novembro |
| B.2.6. Recursos naturais e actividades agrarias | Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial. | Sitúa no mapa as principais zonas de produción de cereal como exemplo de recurso agrario do mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo | 1ª Avaliación novembro-decembro |
| | | Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais do mundo | |
| | | Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo | |
| | | Identifica e nomea enerxías alternativas | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B. 2.7. Pesca: tipos e problemas | Localiza e explica os tipos de pesca e os seus problemas | Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros pesqueiros, empregando recursos impresos e dixitais. | 1ª Avaliación decembro |
| B.2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo. | Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas do mundo | Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de símbolos | 2 Avaliación xaneiro |
| B.2.9. Actividades terciarias: transporte | Analizar o impacto dos medios de transporte no contorno. | Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. | 2ª Avaliacíon xaneiro |
| B.2.10. Actividades terciarias: comercio | Entender os fluxos e os bloques comerciais | Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país<br><br>Describe as características do comercio internacional na actualidade.<br><br>Enumera as características dos bloques comerciais e entende as razóns polas que se constitúen. | 2ª avaliación xaneiro-febreiro |
| B.2.11. Turismo | Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica. | Identifica os tipos de turismo e os seus efectos.<br><br>Valora a importancia deste sector na economía española e galega. | 2ª avaliación febreiro |
| B.2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa | Analizar gráficos de barras por países, e textos onde se reflictan os inveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos. | Compara as características do consumo interior de páises como Brasil e Francia | 2ª avaliación febreiro-marzo |
| | | Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. | 2ª avaliación febreiro-marzo |
| | | Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos que reflictan as liñas do intercambio. | 2ª avaliación marzo |
| B.2.13. Tensións mundiais e desenvolvemento. Solucións ao problema. | Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos. | Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. | 2ª avaliación marzo |
| | | Sinala áreas de conflito no mapa e relaciónaas con factores económicos. | 2ª avaliación marzo |

**Bloque 3: A historia**

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Temporalización |
|---|---|---|---|
| B.3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. | Recoñecer que o pasado determina o presente e o futuro, e máis os espazos do mundo | Identifica elementos materiais, culturais e ideolóxicos como herdanza do pasado | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | actual. | | |
| B.3.2. Fontes históricas. | Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferencias entre interpretacións de fontes diversas. | Nomea de identifica varias fontes históricas<br>Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan de carácter material ou textual. | **Estes cinco primeiros bloques de contidos e estándares de aprendizaxe desenvolveranse como transversais ao longo do traballo no bloque 3: A historia** |
| B.3.3. Cambio e continuidade. | Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e interpretación. | Ordea cronoloxicamente algúns feitos históricos e feitos salientables, utilizando as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade<br>Realiza eixes cronolóxicos e comenta mapas históricos. | |
| B.3.4. Tempo histórico | Entender que os acontecementos e os procesos da historia poden ocorrer ao longo do tempo (diacronía) e á vez no tempo (sincronía) | Entende a convivencia simultánea de diversas culturas en enclaves xeográficos diferentes. | |
| B.3.5. Vocabulario histórico e artístico. | Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto axeitado. | Emprega o vocabulario histórico e artístico propio de cada época. | |
| B.3.6. Idade Moderna: concepto e datación. | Comprender a significación histórica do Renacemento en Europa | Distingue modos de periodización histórica. | 3ª avaliación abril |
| B.3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior | Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con estapas anteriores e posteriores da historia. | Identifica os trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de diversas fontes históricas. | 3ª avaliación abril |
| B.3.8. Arte renacentista e barroca. | Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e América. | Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. | 3ª avaliación abril |
| B.3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII. | Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos. | Analiza obras (fragmentos) dalgúns autores desta época, e sitúaas no seu contexto. | 3ª avaliación abril-maio |
| B.3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas. | Comprender a diferenza entre reinos medievais e monarquías modernas. | Distinque as características de réximes autoritarios, parlamentarios e absolutos. | 3ª avaliación maio |
| B. 3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia. | Analizar o reinado dos Reis Catolicos como etapa de transición entre Idade Media e Idade Moderna. | Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | 3ª avaliación maio-xuño |
| B.3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América. | Entender os procesos de conquista e colonización, as súas causas e as consecuencias. | Explica as causas que conduciron á descuberta de América por Europa, conquista e colonización<br>Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e Castela polo mundo.<br>Valora interpretacións conflitivas sobre a conquista e colonización da América hispana. | 3ª avaliación xuño |
| B.3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma, guerras de | Coñecer os trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos Trinta Anos. | 3ª avaliación xuño |

| | | | |
|---|---|---|---|
| relixión. Loita pola hexemonía en Europa e Guerra dos Trinta Anos. | | | |

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EMPREGO DOS RECURSOS DO CENTRO.

A materia, a variedade de competencias clave a desenvolvoer e a cantidade de estándares de aprendizaxe e de criterios de avaliación, esixe e permite unha metodoloxía aberta, fundamentada non so na exposición por parte do profesorado dunha serie de cuestións que teñen respaldo nun único texto, senon tamén na pescuda por parte do alumnado de contidos que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe marcados, na elaboración dos nosos propios materiais didácticos, e na potenciación dos aspectos prácticos da materia.

Empregaremos para acadar ditos obxectivos todos os recursos ao noso alcance e que nos proporcione o centro, en calquera soporte que consideremos oportuno: bibliográfico ou electrónico. A biblioteca e os recursos informáticos do centro serán recursos utilizables tanto por alumnado como polos profesores que impartiremos esta materia. Empregaremos tamén materiais didácticos da nosa elaboración, e colaboraremos co alumnado na elaboración de produtos finais resultado de proxectos e pescudas que se poidan ir propoñendo ao longo do curso. Deste xeito, damos máis importancia que en cursos anteriores ás Competencias clave, en especial á Competencia Dixital, a Aprender a Aprender, e á Competencia Lingüística.

Polo que se refire as particularidades metodolóxicas da sección bilingüe en inglés, sinálase que o enfoque da asignatura nun principio sería primordialmente comunicativo, propio do aprendizaxe das linguas estranxeiras. De aí que se prime sobre todo a participación, a posta en común e expresión oral das actividades da clase. Porén, debe ir acompañado de estratexias máis formais como as sinaladas anteriormente dada a necesidade de cumprir cos obxectivos da programación da área. Por iso darase gradualmente unha maior importancia á lectura, elaboración escrita de materiais e traballos personais ou en grupo como parte habitual da clase, aínda que se conserve sempre o carácter activo e participativo propio da orientación comunicativa.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A proba de avaliación inicial terá os propósitos de identificar os problemas de aprendizaxe, avaliar os coñecementos previos para avanzar na materia e sobre todo o seu su nivel competencial para interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos de nosa disciplina.

Para iso, partirase dunha taboa na que se avaliará a través dunha serie de preguntas a situación do alumnado, plasmada tras a presentación dunha serie de cuestionarios, tarefas para casa e entrevistas individuais cando sexa necesario. Ditos cuestionarios e tarefas serán axeitados á idade e ao nivel psicoevolutivo do alumnado, e valorará sete items en tres niveis de consecución das tarefas indicadas, como figura na clave que se adxunta tras a táboa, e non terá calificación numérica.

| **Taboa de indicadores de habilidades e coñecementos previos en Xeografía e Historia** | | | |
|---|---|---|---|
| Localiza a información que se lle demanda a partir de diferentes fontes. | **1*** | **2** | **3** |
| E capaz de ampliar información . | | | |
| Recoñece o vocabulario propio da materia. | | | |
| Ten iniciativa para buscar no diccionario os termos que non entende. | | | |
| Recoñece nun texto cal é a idea principal | | | |
| Sabe interpretar unha gráfica sinxela. | | | |
| É quen de situar en orden cronolóxico unha serie de acontecementos significativos. | | | |

***1**:adecuadamente; **2** de maneira suficiente; **3** con dificultade ou non.

Desta maneira contarase con información para levar a cabo as adaptacións necesarias.

## AVALIACIÓN CONTÍNUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación contínua desenvolverase ao longo do curso, en forma das probas formais propostas por avaliación, e dos instrumentos de avaliación que a continuación se detallan:

- Caderno de cada alumno ou alumna
- Exercicios propostos, realizados e corrixidos na aula, que deberían figurar nos cadernos do alumnado.
- Comentarios de mapas, textos ou imaxes, adaptados ao nivel cognitivo e ao desenvolvemento dos contidos da materia.

- Traballos de clase, axeitados aos descritores dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe expostos máis arriba.

O Departamento pode considerar que un alumno ou alumna abandou a materia caso de producirse ausencias inxustificadas, negativa manifesta a facer as tarefas propostas, negativa a facer os exames ou probas, falta de interese e de esforzo pola materia, se os resultados académicos son inferiores a unha calificación de 2 ou expresa públicamente dito abandono. En dito caso, seguirase o protocolo de apercibir ao alumno, e avisar aos titores legais.
Alumnos e alumnas que non cumplan cos criterios de avaliación en xuño, terán a correspondente proba extraordinaria en setembro, a cargo deste Departamento.

**CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.**

As probas formais terán unha calificación de 0 a 10, sendo 5 a calificación que certifique o aprobado, en relación cos indicadores de logro que figuran máis arriba.
Os exames contarán un porcentaxe de ata o 70% da nota, obténdose o resto da calificación dos instrumentos de avaliación expostos no epígrafe anterior.
Para superar a materia, un alumno ou alumna deberá acadar unha media nas tres avaliacións dunha calificación igual ou superior a 5.

**ACTIVIDADES DE REFORZO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Ao longo do curso, cando sexa necesario, levaranse a cabo:

- Adaptacións da programación, do xeito e nivel que se considere apropiado, cando sexa preciso.
- Deseño de tarefas axeitadas, ben ao alumnado que teña dificultades, ben ao que teña altas capacidades e precise tarefas máis complexas
- Organización do desenvolvemento dos contidos, apoiando ao alumnado que teña dificultades de comprensión.
- Procura de material adaptado a diversas deficiencias sensoriais, caso de ser necesario.

- Adaptar os medios de avaliación, caso de ser necesario.
- Favorecer un clima de cooperación e colaboración entre o alumnado.
- Colaborar co Departamento de Orientación nos aspectos necesarios para favorecer o desenvolvemento do alumnado.

## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Poderanse realizar actividades específicas para este nivel, así como participar nas que outros departamentos do centro ou a Biblioteca deste propoñan ao longo do curso, dependendo da oferta cultural da contorna.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

## ANEXO: ORGANIZACIÓN DOS BLOQUES DE CONTIDOS

Contidos e Estándares de Aprendizaxe organizaránse do seguinte xeito, e coa temporalización que indicamos na táboa superior:

**Bloque 1: O medio físico.**

UD 1: A representación da Terra. Localización.

- Latitude e lonxitude.
- As imaxes da Terra: Imaxes e mapas

1. Proxeccións.
2. Tipos de mapas e a súa interpretación.

**Bloque 2: O espazo humano**

UD 2: A organización do espazo: España

2.1. Organización administrativa.

UD 3: Economía e espazos.

3.1. Principios básicos da economía.

3.2. Elementos, factores e principais axentes da economía actual.

3.3. Sistemas económicos.

3.4. O desenvolvemento sustentable.

UD.4: Os sectores económicos no mundo actual.

4.1. Poboación activa e sectores económicos.

4.2. A distribución mundial dos sectores económicos

1. Os sectores económicos en Europa
2. Os sectores económicos en España.
3. Os sectores económicos en Galicia.

UD. 5: O sector primario.

5.1. Recursos naturais e actividades agrarias.

5.2. Pesca

5.3. Os recursos enerxéticos no mundo.

UD. 6: O sector industrial. As rexións industrializadas no mundo.

6.1. Factores da localización industrial.

6.2. Rexións industrializadas e rexións pouco industrializadas. Distribución e causas.

UD. 7: As actividades terciarias.

7.1. O sector servizos.

7.2. Transporte e comercio.

7.3. Turismo.

UD. 8: A desigualdade no mundo.

8.1. Causas do desenvolvemento desigual. A débeda externa.

8.2. Os factores económicos dos conflictos mundiais.

**Bloque 3: A historia.**

UD.9: Tempo histórico e fontes históricas.

UD. 10: Os inicios da Idade Moderna.

- 10.1: Os cambios na Idade Medieval
- 10.2: A Era dos descubrimentos
- 10.3: Concepto e cronoloxía da Idade Moderna.
- 10.4: Renacemento e Humanismo

UD. 11: O nacemento do Estado Moderno.

- 11.1: A Unión dinástica de Castela e Aragón
  1. O reinado dos Reis Católicos.
  2. Monarquía Hispánica e institucións do Estado.
- 11.2: Monarquia autoritaria, monarquía absoluta, parlamentarismo.
  1. Exemplos.

UD. 13: As artes na Idade Moderna.

- 13.1: A arte do Renacemento.
  1. Trazos básicos
  2. O Quattrocento.
  3. O Cinquecento.
- 13.2. A arte do Barroco.
  1. Trazos básicos.
  2. Arquitectura barroca
  3. As artes plásticas: O século da pintura

UD. 14: América Hispana.

- 14.1. Conquista de América por España e Portugal.
  1. Causas.
  2. Consecuencias do Tratado de Tordesillas.
- 14.2. A organización territorial da América Hispana.

UD. 15: Os conflitos europeos dos séculos XVI e XVII.

- 15.1: O conflito relixioso:
  1. Reforma e Contrarreforma.
  2. As guerras de relixión
- 15.2: A loita pola hexemonía: A Guerra dos Trinta Anos.

## XEOGRAFÍA E HISTORIA / GEOGRAPHY AND HISTORY

| | |
|---|---|
| **CURSO**: | 4º ESO |
| **ASIGNATURA**: | XEOGRAFÍA E HISTORIA |
| **PROFESOR**: | David Fernández Lorenzo |
| **LIBRO DE TEXTO**: | -ALBET, A *Xeografía e historia* 4º curso. Vicens Vives, 2015 |
| ISBN | 9788468236346 |
| | -GARCÍA, M.e GATELL, C. *Geography and. History 4*. Vicens Vives, 2015 (Sección Bilingüe) |
| ISBN**:** | 9788468238227 |
| **Data de autorización**: | 2016 |
| **Lingua**: | Galego e inglés. |

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación de Xeografía está fundamentada no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece ou currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Neste sentido, a Historia que se imparte neste 4º curso da ESO constitúe un eixe vertebrador, xa que abrangue a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e para elo require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarios, para a mellor comprensión da realidade social.

A materia parte, e pretende afondar, dos coñecementos adquiridos polo alumnado para favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, tendo sempre en consideración as escalas de estudo (o mundo, Europa, España e Galicia); propónse analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir proporcionando aos estudantes as competencias necesarias para comprender a realidade na que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade. Desta maneira tratase de contribuír ao

desenvolvemento persoal e social dos alumnos, achegándolles os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade na que viven.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A adquisición de competencias é un longo proceso que abrangue toda a vida de cada ser humano. Iníciase na etapa académica e prosegue na vida adulta. Pero os anos de formación escolar son fundamentais para o posterior desenvolvemento persoal, social e profesional.

O papel da materia de Historia de 4º da ESO ao desenvolvemento das competencias chave é salientable. A través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan case como propias: as competencias sociais e cívicas, e sobre todo a competencia de conciencia e expresións culturais, que ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte.

Por outra banda, as outras competencias teñen una presenza destacable, como a matemática (uso da estatistica e os aspectos económicos da evolución histórica) e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, (o papel da Ciencia e a Tecnoloxía como axentes de cambio histórico e social), así como as dixitais (procesamento e interpretacion de datos para convertilos en coñecemento)

Por último, a importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase de maneira menor, pero está presente na súa dimensión conceptual en relación aos coñecementos da historia económica.

## OBXECTIVOS

Os obxectivos xerais da materia para toda ESO son os seguintes, xuntos coas competencias claves envoltas:

| Obxectivo | Competencias envoltas |
|---|---|
| a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto | • Competencias sociais e cívicas. |

| | |
|---|---|
| ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. | • Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. | • Competencias sociais e cívicas.<br>• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>• Aprender a aprender |
| c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. | • Competencias sociais e cívicas.<br>• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>• Aprender a aprender<br>• Comunicación lingüística. |
| d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. | • Competencias sociais e cívicas.<br>• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. | • Comunicación lingüística.<br>• Competencia dixital<br>• Aprender a aprender.<br>• Competencias sociais e cívicas. |

| | |
|---|---|
| f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. | • Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía<br>• Comunicación lingüística.<br>• Aprender a aprender. |
| g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. | • Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>• Aprender a aprender. |
| h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. | • Comunicación lingüística.<br>• Conciencia e expresións culturais.<br>• Competencias sociais e cívicas.<br>• Aprender a aprender. |
| l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo. | • Conciencia e expresións culturais.<br>• Comunicación lingüística.<br>• Competencias sociais e cívicas. |
| m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio | • Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>• Competencias sociais e cívicas |

| | |
|---|---|
| ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora. | |
| n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. | • omunicación lingüística.<br>• Conciencia e expresións culturais.<br>• Competencias sociais e cívicas.<br>• Aprender a aprender. |
| ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. | • Comunicación lingüística.<br>• Conciencia e expresións culturais.<br>• Competencias sociais e cívicas.<br>• Aprender a aprender. |

Por outra banda, o desglose dos obxetivos do 4º curso é o seguinte:

| |
|---|
| 1. Analizar a Europa do século XVIII: unha poboación en lixeiro incremento demográfico, unha economía de base agraria, unha sociedade estamental, o absolutismo monárquico e a arte rococó. |
| 2. Recoñecer as causas da Guerra de Sucesión, a configuración das alianzas de ambos bandos e a configuración política que supuxo a aprobación dos decretos de Nova Planta. |
| 3. Entender o significado político dos Borbóns na España do século XVIII: As reformas de Felipe V, Fernando VI e Carlos III. |
| 4. Analizar as particularidades artísticas, políticas, económicas, demográficas, urbanísticas e sociais de Galicia no século XVIII. |
| 5. Coñecer o pensamento ilustrado europeo nas súas vertentes económicas e políticas e identificar os principais pensadores coas súas achegas, analizando a súa repercusión en España e máis concretamente en Galicia. |
| 6. Comprender a ruptura histórica que representou a Revolución Francesa analizando as novidades políticas que achegou e recoñecer as causas e as ideas que conduciron á Restauración europea. |

| |
|---|
| 7. Coñecer e diferenciar as revolucións liberais ocorridas no século XIX identificando os conceptos de nacionalismo e liberalismo, prestándolle especial atención á súa influencia nos procesos de unificación alemán e italiano e de independencia grega e belga. |
| 8. Coñecer as bases da revolución industrial, as novas fontes de enerxía, os sectores industriais, a revolución dos transportes, a nova sociedade industrial, a organización do movemento obreiro e as novas ideoloxías: marxismo, anarquismo e internacionalismo. |
| 9. Analizar o desenvolvemento político de España, en xeral e de Galicia en particular durante o século XIX: a crise do Antigo Réxime, a restauración do absolutismo, a independencia das colonias americanas, a revolución liberal, o Sexenio Democrático e a Restauración. |
| 10. Recoñecer as transformacións demográficas, urbanísticas, económicas e sociais do século XIX en España, coa irrupción da industrialización, prestándolle unha atención especial a Galicia. |
| 11. Analizar as particularidades artísticas, políticas, económicas e sociais de Galicia do século XIX. |
| 12. Explicar as causas da expansión colonial europea e detallar a organización e extensión dos grandes imperios coloniais. |
| 13. Coñecer as principais correntes artísticas e culturais do século XIX en Europa diferenciando os principais autores e obras máis significativas do período. |
| 14. Explicar as causas da Primeira Guerra Mundial, as fases do conflito bélico e as consecuencias da conflagración armada en Europa. |
| 15. Coñecer as características principais do período de entreguerras: a Revolución rusa e a formación da URSS baixo o mandato de Lenin e a posterior ditadura de Stalin, o crac do 29 e a Gran Depresión e o ascenso dos totalitarismos en Europa: o fascismo italiano e o nazismo alemán. |
| 16. Explicar as causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, así como o desenvolvemento das principais operacións militares e o Holocausto da poboación xudía, executado polo goberno nazi. |
| 17. Coñecer a historia española desde o desastre do 98, a crise da restauración, a II República e a Guerra Civil, prestándolle especial atención a Galicia. |
| 18. Identificar os aspectos máis significativos do mundo bipolar, os principais conflitos da Guerra Fría e as características de cada un dos bloques: o capitalista e o comunista. |
| 19. Coñecer as causas da crise e afundimento do comunismo e a consecuente desaparición do sistema de bloques. |
| 20. Analizar a evolución dos aspectos económicos, urbanísticos, políticos, sociais e culturais do réxime franquista en España, prestándolle especial atención a Galicia. |

| |
|---|
| 21. Coñecer o proceso de transición cara á democracia, iniciado coa morte de Franco, prestándolle especial atención a Galicia. |
| 22. Identificar os principios que rexen a Constitución española de 1978 na forma de goberno do estado español, a súa organización estatal e valorala como garante das liberdades individuais e colectivas. |
| 23. Recoñecer os distintos gobernos democráticos españois e as súas principais liñas de actuación desde a transición até a actualidade prestándolle unha especial atención á evolución política, demográfica e económica en Galicia. |
| 24. Coñecer as características do mundo actual, incidindo especialmente na nova orde política internacional, a economía globalizada, a emerxencia de novas potencias económicas, a crise económica de 2008, os principais conflitos violentos e a sociedade do século XXI. |
| 25. Identificar as principais correntes artísticas do século XX no mundo prestándolle atención á contribución española ás artes figurativas durante este século, tanto en pintura, escultura como arquitectura, e á contribución de Galicia. |
| 26. Recoñecer as actitudes e situacións discriminatorias que tiveron lugar ao longo da historia por razóns de raza, sexo, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, e amosar unha actitude solidaria cos individuos e colectividades que foron obxecto desta discriminación. |
| 27. Recoñecer os mecanismos esenciais que rexen o funcionamento dos feitos sociais e económicos dentro da estrutura da nosa sociedade e, deste xeito, comprender e saber analizar os problemas máis apremiantes das sociedades contemporáneas (a inmigración, a globalización, as desigualdades socioeconómicas, a crise económica, etc.). |
| 28. Obter e relacionar información de fontes de diverso tipo e saber manexar e interpretar correctamente diversos instrumentos de traballo como as gráficas, os mapas, etc. |
| 29. Sensibilizarse cos principais problemas do mundo actual (o desigual acceso aos recursos, a globalización, a pervivencia de réximes autoritarios e ditatoriais, os conflitos políticos, etc.), entendéndoos como unha problemática na que todos estamos implicados e da que todos somos responsables |
| 30. Valorar a diversidade cultural no mundo, en España e en Galicia, e ser respectuosos e tolerantes coas actitudes, crenzas e formas de vida de persoas ou grupos que pertencen a sociedades ou culturas diferentes á propia. |
| 31. Aprezar os dereitos e liberdades ds persoas como un logro irrenunciable da humanidade, denunciar as actitudes discriminatorias e inxustas e amosarse solidario con quen estén privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios |

## CONTIDOS

| | Xeografía e Historia. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789 | | | |
| §a<br>§c<br>§d<br>§g<br>§h<br>§l<br>§ñ | §B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. | §B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | §XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §f<br>§h<br>§l<br>§n<br>§ñ | §B1.2. Ilustración. | §B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | §XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | §CSC<br>§CCEC<br>§CCL |
| §f<br>§g<br>§l<br>§n | §B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII. | §B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | §XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | §CSC<br>§CMCCT<br>§CAA |
| | | | §XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | §CSC<br>§CMCCT |
| | Bloque 2. A era das revolucións liberais | | | |
| §a | §B2.1. Revolucións | §B2.1. Comprender o | §XHB2.1.1. Sopesa as | §CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §c<br>§d<br>§g<br>§h<br>§l | burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo,nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias. | alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | §CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §a<br>§c<br>§d<br>§g<br>§h<br>§l<br>§ñ | §B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español | §B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | §XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | Bloque 3. A Revolución Industrial | | | |
| §f<br>§g<br>§h<br>§l | §B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. | §B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | §XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §g<br><br>§h<br><br>§l | §B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. | §B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | §XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| | | | §XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| §a<br><br>§c<br><br>§d<br><br>§h<br><br>§l<br><br>§m | §B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). | §B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | §XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | §CSC<br><br>§CSIEE<br><br>§CCL |
| §l<br><br>§ñ | §B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? | §B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | §XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | §CSC |
| §g<br><br>§l<br><br>§m | §B3.5. A ciencia no século XIX. | §B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | §XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CMCCT |
| | Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial | | | |
| §g<br><br>§h<br><br>§l | §B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. | §B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | §XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | transnacionais. | |
| | | | §XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §g<br>§l | §B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. | §B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | §XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | §CSC<br>§CAA |
| §g<br>§h<br>§l | §B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. | §B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | §XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | §CSC<br>§CAA |
| | | | §XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | §CSC<br>§CAA |
| | | | §XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §a<br>§c<br>§d<br>§g<br>§h<br>§l | §B4.4. Revolución Rusa. | §B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | §XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §g<br>§h<br>§l | §B4.5. A arte no século XIX. | §B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos | §XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | §CSC<br>§CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §n | | como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos"en Europa. | | §CCL<br><br>§CCEC |
| | | | §XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL<br><br>§CCEC |
| | Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945) | | | |
| §g<br><br>§h<br><br>§l | §B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión. | §B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | §XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| | | | §XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | §CSC<br><br>§CAA |
| | | | §XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| §a<br><br>§c<br><br>§d<br><br>§h<br><br>§l | §B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán. | §B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | §XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | §CSC<br><br>§CCL |
| §a<br><br>§c | §B5.3. II República española e a Guerra Civil. | §B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | §XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | §CSC<br><br>§CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §d<br>§g<br>§h<br>§l | | | §XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945) | | | |
| §g<br>§l | §B6.1. Orixes da II Guerra Mundial. | §B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | §XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | §CSC<br>§CAA |
| §g<br>§h<br>§l | §B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. | §B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | §XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | §CSC<br>§CAA |
| | | | §XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §a<br>§d<br>§l | §B6.3. O Holocausto. | §B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | §XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | §CSC |
| §g<br>§h<br>§l | §B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica. | §B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | §XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | §CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | §CAA<br><br>§CCL |
| §a<br><br>§d<br><br>§g<br><br>§h<br><br>§l | §B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África. | §B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | §XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | §CSC<br><br>§CCL |
| | | | §XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | §CSC<br><br>§CAA |
| | Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético | | | |
| §a<br><br>§d<br><br>§g<br><br>§h<br><br>§l | §B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". | §B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State"en Europa. | §XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State"en Europa. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| | | | §XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | §CSC |
| §f<br><br>§g<br><br>§h<br><br>§l<br><br>§m | §B7.2. Crise do petróleo (1973). | §B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | §XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| §a<br><br>§c<br><br>§d<br><br>§g | §B7.3. Ditadura de Franco en España. | §B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | §XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | §CSC |
| | | | §XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o | §CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §h<br><br>§l<br><br>§ñ | | | concepto de memoria histórica | §CAA<br><br>§CCL |
| | Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI | | | |
| §a<br><br>§d<br><br>§g<br><br>§l | §B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. | §B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | §XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | §CSC<br><br>§CAA |
| | | | §XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | §CSC |
| §a<br><br>§d<br><br>§g<br><br>§h<br><br>§l | §B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. | §B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | §XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| §a<br><br>§c<br><br>§d<br><br>§g<br><br>§h<br><br>§l<br><br>§ñ | §B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982). | §B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | §XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | §CSC<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| | | | §XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | §CSC<br><br>§CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | §XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §a<br>§c<br>§d<br>§g<br>§h<br>§l | §B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. | §B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | §XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| | Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI | | | |
| §e<br>§g<br>§h<br>§l | §B9.1. A globalización económica: concepto e características. | §B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | §XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | §CSC<br>§CD<br>§CCL<br>§CAA<br>§CSIEE |
| | | | §XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |
| §e<br>§f<br>§g | §B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización. | §B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | §XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | §CSC<br>§CAA<br>§CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §h<br><br>§l | | | | §CD |
| §e<br><br>§g<br><br>§h<br><br>§l<br><br>§m<br><br>§ñ | §B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito. | §B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | §XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | §CSC<br><br>§CD<br><br>§CAA<br><br>§CCL<br><br>§CMCCT<br><br>§CSIEE |
| | Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía | | | |
| §g<br><br>§h<br><br>§l<br><br>§ñ | §B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. | §B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | §XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | §CSC<br><br>§CMCCT<br><br>§CAA<br><br>§CCL |
| | | | §XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | §CSC<br><br>§CAA |
| | | | §XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | §CSC<br><br>§CMCCT<br><br>§CAA |
| §f<br><br>§l | §B10.2. Cambio e continuidade. | §B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios | §XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as | §CSC<br><br>§CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §ñ | | fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | |
| | | | §XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | §CSC<br>§CMCCT |
| §f<br>§l<br>§ñ | §B10.3. Tempo histórico. | §B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | §XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | §CSC<br>§CMCCT |
| §h<br>§l<br>§ñ | §B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea. | §B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | §XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | §CSC<br>§CCL |

## RELACIÓN DE ESTÁNDARES AVALIABLES

A continuación amósase unha taboa cós estándares de aprendizaxe avaliables e o grao mínimo de consecución que se considera necesario para obter o aprobado, así como a continuación a temporalización e os procedementos e instrumentos de avaliación.

*Instrumentos de avaliación: PE (Proba escrita), (CE) Caderno de Exercicios, (IO) (Intervencións orais), (TP) Traballo escrito persoal.

| ESTÁNDAR | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | TEMPORALIZACIÓN | AVALIACIÓN* |
|---|---|---|---|
| | | | |
| §XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | Diferencia básicamente entre unha forma de goberno dictatorial e outra de fundamento democrático, así como é capaz de sinalar as súas orixes. | 1º Avaliación (setembro) | PE CE |
| §XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | Explica de maneira xeral as características fundamentais do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e | 1º Avaliación (setembro) | PE<br>CE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | económico, e as principais ideas da Ilustración. | | |
| §XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | Distingue entre a vertente da Ilustración que apoia o Despotismo e a revolucionaria con certa coherencia. | 1º Avaliación (Outubro) | PE<br>CE |
| §XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | Coñece os principais avances científicos e técnicos da época e valora as súas consecuencias históricas. | 1º Avaliación (Outubro) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | Identifica e distingue as ideoloxías e os principais actores políticos das Revolucións. | 1º Avaliación (Outubro) | PE<br>CE |
| §XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | Ordea correctamente as diferentes ondas revolucionarias e valora con un mínimo de rigor as consecuencias para cada país afectado. | 1º Avaliación (Outubro) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | Ordea correctamente as diferentes ondas revolucionarias e valora con un mínimo de rigor as consecuencias para cada país afectado. | 1º Avaliación (Outubro) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | Coñece e valora cun mínimo de rigor as consecuencias das transformacións económicas en diferentes ámbitos da vida. | 1º Avaliación (Novembro) | PE<br>CE |
| §XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | Manifesta un coñecemento adecuado das áreas afectadas pola industrialización e o grado das transformacións que produciu. | 1º Avaliación (Novembro) | PE<br>CE |
| §XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e | Manifesta un coñecemento adecuado das consecuencias | 1º Avaliación (Novembro) | PE<br>CE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| infantil nas cidades industriais. | sociais da transformación do traballo como consecuencia da Revolución Industrial. | | |
| §XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | E capaz de nomear varias consecuencias políticas dos cambios económicos en España. | 1º Avaliación (Decembro) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | Coñece os principais avances científicos e técnicos da época e valora as súas consecuencias históricas. | 1º Avaliación (Decembro) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | Manifesta un coñecemento adecuado das principais causas e implicacións do Imperialismo. | 2º Avaliación (Xaneiro) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | Distingue mínimamente as diferencias entre unha perspectiva local e outra que ten en conta outras realidades diferentes. | 2º Avaliación (Xaneiro) | CE<br>IO |
| §XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | Elabora cun mínimo de rigor conexións causais entre os fenómenos tratados e as súas consecuencias económicas e políticas. | 2º Avaliación (Xaneiro) | PE<br>CE |
| §XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | Distingue cun mínimo de precisión as razóns xerais dos procesos históricos explicados, e as súas consecuencias concretas no momento estudiado. | 2º Avaliación (Xaneiro) | PE<br>CE |
| §XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | Coñece os principais cambios territoriais, Imperios desaparecidos e novos países. | 2º Avaliación (Xaneiro) | PE<br>CE |
| §XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | Coñece con un mínimo de rigor as diferentes interpretacións do fin da IGM dos dous bandos | 2º Avaliación (Xaneiro) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións | Elabora con un mínimo de rigor conexións causais entre os | 2º Avaliación (Febreiro) | PE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | fenómenos tratados e as súas consecuencias económicas e políticas. | | CE |
| §XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | Distingue os diferentes estilos tratados e é capaz de sinalar as súas características básicas. | 2º Avaliación (Febreiro) | PE<br>IO<br>CE |
| §XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | Distingue os diferentes interpretacións dos fenómenos históricos e é capaz de sinalar as súas características básicas e orixe. | 2º Avaliación (Febreiro) | PE<br>CE |
| §XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | Elabora con mínimo de rigor conexións causais entre os fenómenos históricos tratados e as súas consecuencias económicas e políticas. | 2º Avaliación (Febreiro) | PE<br>CE |
| §XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | Coñece cun mínimo de precisión as causas xerais da emancipación da muller e coñece os principais acontecementos, logros e personaxes. | 2º Avaliación (Febreiro) | PE<br>CE |
| §XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | Distingue cun mínimo de precisión as razóns xerais dos procesos históricos explicados e as súas consecuencias concretas no momento estudiado. | 2º Avaliación (Febreiro) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | Coñece cun mínimo de precisión as principais reformas durante a II República e as súas consecuencias | 2º Avaliación (Marzo) | PE<br>CE |
| §XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | Coñece cun mínimo de rigor e precisión as principais causas da Guerra  Civil e como se inscribe no marco europeo. | 2º Avaliación (Marzo) | PE<br>CE |
| §XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | Xerarquiza cun mínimo de rigor as causas e consecuencias dos fenómenos históricos tratados. | 2º Avaliación (Marzo) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB6.2.1. Sitúa nun | Coñece cun mínimo de rigor e | 2º Avaliación (Marzo) | PE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| mapa as fases do conflito. | precisión as fases e evolución da Guerra Civil. | | CE<br>TP |
| §XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | Coñece cun mínimo de rigor e precisión a evolución da II GM. | 2º Avaliación (Marzo) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | Elabora cun mínimo de rigor conexións causais entre os fenómenos tratados e as súas consecuencias económicas e políticas. | 2º Avaliación (marzo) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | Aprecia cun mínimo de rigor a excepcionalidade da Shoah, e identifica as súas circunstancias e trascendencia histórica. | 2º Avaliación (marzo) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | Distingue cunmínimo de precisión as razóns xerais da Guerra Fría e as súas consecuencias concretas nos países estudiados. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE |
| §XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | Elabora cunmínimo de rigor causais entre os fenómenos tratados e as súas consecuencias económicas e políticas. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | Distingue cunmínimo de precisión as razóns xerais do proceso histórico explicado e as súas consecuencias concretas no momento estudiado. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | Distingue cunmínimo de precisión as razóns xerais da Descolonización e as súas consecuencias concretas nas áreas estudiadas. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State"en Europa. | Manifesta un coñecemento básico dos rasgos dos sistemas económicos tratados | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE |
| §XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | Distingue cunmínimo de precisión as razóns xerais da incorporación da muller a o traballo asalariado e as súas consecuencias concretas no | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | momento estudiado. | | |
| §XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | Distingue cunmínimo de precisión as causas económicas das crisis tratadas. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE |
| §XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | Elabora cunmínimo de rigor conexións causais entre os fenómenos tratados e os seus principais fitos España. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE |
| §XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | Distingue cunmínimo de precisión e rigor as diferentes visións da memoria historica, dependendo das distintas partes, dos fenómenos históricos tratados. | 3º Avaliación (abril) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | Coñece cunmínimo de rigor as diferentes visións do Estado do Benestar. | 3º Avaliación (maio) | PE<br>CE |
| §XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | Coñece básicamente as causas da desaparición da URSS, e é capaz de enumerar as consecuencias máis importantes do acontecemento. | 3º Avaliación (maio) | PE<br>CE |
| §XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | Distingue cunmínimo de precisión as diferentes visións, dependendo das distintas partes, da Transición. | 3º Avaliación (maio) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | Coñece cunmínimo de precisión as causas xerais da Transición e coñece os principais acontecementos, logros e personaxes. | 3º Avaliación (maio) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | Manifesta un coñecemento mínimo das institucións europeas e os problemas actuais do continente. | 3º Avaliación (maio) | PE<br>CE<br>IO |

| | | | |
|---|---|---|---|
| §XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | Manifesta un coñecemento mínimo do que é a globalización e as diferentes visións que existen sobre ella. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | Manifesta un coñecemento mínimo do que é a globalización e as diferentes visións que existen sobre ella, ao tempo que é capaz de argumentar coherentemente unha opinión persoal. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE<br>TP |
| §XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | É capaz de argumentar con unha coherencia mínima unha opinión persoal sobre o pasado e futuro de Europa. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | É capaz de comparar cun mínimo de rigor histórico a Revolución Industrial do XIX e os cambios actuais. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE |
| §XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | É capaz de ordear cronoloxicamente cun mínimo de rigor os feitos máis salientables dos últimos tempos. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE |
| §XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | É capaz de ordear cun mínimo de rigor os feitos máis salientables dos últimos tempos, ao tempo que os sitúa de maneira coherente nun mapa. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE |
| §XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | Manifesta comprensión ante outras visións e interpretacións do mundo. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE<br>IO |
| §XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e | É capaz de empregar para redactar cun mínimo de rigor vocabulario artístico. | 3º Avaliación (xuño) | PE<br>CE |

| | | | |
|---|---|---|---|
| artístico necesario. | | | |

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade.
A Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do docente como orientador promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.
A mobilización de todos os recursos que conforman a área contribuirá á adquisición das competencias clave e ao desenvolvemento integral. Para iso, os elementos curriculares de Ciencias sociais deberán abordarse desde un enfoque metodolóxico práctico, integral, de uso social e con carácter funcional.
A natureza da materia permite unha metodoloxía máis aberta, fundamentada non so na exposición por parte do profesorado dunha serie de cuestións que teñen respaldo nun único texto, senon tamén na pescuda por parte do alumnado de contidos que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe marcados, na elaboración dos nosos propios materiais didácticos, e na potenciación dos aspectos prácticos da materia. Empregaremos para acadar ditos obxectivos todos os recursos ao noso alcance e que nos proporcione o centro, en calquera soporte que consideremos oportuno: bibliográfico ou electrónico. A biblioteca e os recursos informáticos do centro serán recursos utilizables tanto por alumnado como polos profesores que impartiremos esta materia. Empregaremos tamén materiais didácticos da nosa elaboración, e colaboraremos co alumnado na elaboración de produtos finais resultado de proxectos e pescudas que se poidan ir propoñendo ao longo do curso. Deste xeito, damos máis importancia que en cursos anteriores ás Competencias clave, en especial á Competencia Dixital, a Aprender a Aprender, e á Competencia Lingüística.
Polo que se refire as particularidades metodolóxicas da sección bilingüe en inglés, sinálase que o enfoque da asignatura nun principio será primordialmente comunicativo, propio do aprendizaxe das

linguas estranxeiras. De aí que se prime sobre todo a participación, a posta en común e expresión oral das actividades da clase. Porén, debe ir acompañado de estratexias máis formais como as sinaladas anteriormente dada a necesidade de cumprir cos obxectivos da programación da área. Por iso darase gradualmente unha maior importancia á lectura, elaboración escrita de materiais e traballos personais ou en grupo como parte habitual da clase, aínda que se conserve sempre o carácter activo e participativo propio da orientación comunicativa.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Diferéncianzanse os seguintes:

a) Materiais escritos: O fundamental será o manual de Historia da editorial Vicens Vives reseñado no encabezamento, que servirá de referencia básica. Tamén se utilizará en ocasións prensa escrita de actualidade sobre as materias tratadas, revistas, documentos gráficos, libros de consulta, etc.

b) Materiais audiovisuais, cartográfico (tanto os mapas tradicionais como os que se poden atopar en internet) como todos os recurso aos que se pode acceder grazas a Internet. Neste sentido, existen na rede un amplísimo repertorio de páxinas adaptadas aos gustos dos adolescentes que poden servir

## PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA. INSTRUMENTOS E AVALIACIÓN. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación continua realizarase mediante os seguintes instrumentos:

- Exames formais, ata dous por avaliación, que suporan sobre o 70 % da nota.
- Probas puntuais e intervencións orais, relativas ás actividades e prácticas traballadas en clase, que se centrarán en estándares que fagan referencia a análise e interpretación.
- Traballos bibliográficos que se poidan plantexar durante o curso.
- A valoración do caderno.

Estos tres últimos apartados suporán cada un o 10% da nota.

O grao mínimo de consecución para superar a materia será acadar unha valoración de 5 de media

numérica nas rúbricas e cualificacións dos exames e exercicios propostos.

Como queda expresado nas Consideracións xerais de área, este curso non contamos con Sección Bilingüe, pero mantemos o procedemento na programación coa idea de recuperala o curso que vén, e poder informar ao alumnado de como se desenvolvería no futuro a Sección: Polo que se refire a Sección Bilingüe, utilizaranse os criterios e procedementos de avaliación sinalados anteriormente, coa particularidade de que as probas se realizarán sempre en inglés. De ningunha maneira o reforzo en inglés prexudicará as cualificacións dos contidos prantexados. Polo que se refire a avaliación do nivel do reforzo de lingua inglesa, partiremos dunha unha avaliación inicial do nivel dos estudiantes. A partir dese momento a avaliación será continua -tal e como procede no aprendizaxe dunha lingua estranxeira e como figura na programación do departamento de inglés- para o que o profesor recollerá datos da evolución de cada alumno. De ningunha maneira levaranse a cabo probas específicas de inglés, senón que se tomarán notas sobre o desenvolvemento oral, escrito, auditivo e lector dos alumnos na actividade cotiá. O profesor porá en coñecemento da coordinadora do programa estes resultados de maneira frecuente para tratar de reaxustar e mellorar o proceso, pero sen telas en conta para a avaliación da asignatura.

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Os alumnos poderán realizar unha proba extraordinaria da materia se non superaran a avaliación continua. Esta proba, que se celebrará nos primeiros días de setembro, será elaborada polo Departamento de Ciencias Socias, que tamén establecerá os criterios de calificación.
O grao mínimo de consecución para superar a materia será acadar unha valoración de BEN, ou 5 de media numérica no exame proposto.

**INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.**

Para avaliar a práctica docente, partirase da adaptación do cuestionario e ficha do grupo de traballo “Mejora de la Práctica Docente. Una experiencia de autoevaluación”. AA.VV. Servicio central de publicaciones del Gobierno Vasco, Vitoria, 2013.

TABOA DE INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE Escala*

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| • Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxetivos. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Motivo aos alumnos comunicándolles os obxetivos que quiero conseguir e a finalidade das actividades. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teññan en conta os seus intereses. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Propoño actividades que favorezan o aprendizaxe autónomo (búsqueda de información, traballos, investigacións…). | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Propoño metodoloxías diversas. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Emprego recursos variados para o aprendizaxe. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Ao comenzaren un tema novo, coñecen os alumnos os obxetivos e as competencias que se queren desenvolver | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • Dou pautas aos pais para que traballen en casa cos rapaces os aspectos que se deben reforzar. | 1 | 2 | 3 | 4 |
| • En función das características de cada alumno, prantexo tarefas e logros diferentes. | 1 | 2 | 3 | 4 |

*1:Non; 2: As veces; 3 Frecuentemente; 4: Sempre

O obxetivo sería realizar dita valoración persoal ao rematar cada tema.

**ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES**

Segundo o establecido no departamento, será a Xefa a encargada de coordinar e tamén controlar o desenvolvemento da materia pendente, asesorándose antes e despois cos demais profesores.
Non hai programas de reforzo.
Ao non dispor de horas para traballar cos alumnos coa materia pendente, encomendaraselles a realización das actividades seleccionadas do libro de texto. A súa realización resulta obrigatoria para poder presentarse aos exames de materia pendente. Nas horas do recreo o alumnado poderá consultar cantas dubidas teña sobre a materia a traballar.
Cada trimestre poderase facer un control sobre a materia traballada e así, xunto co caderno de actividades, ir liberando materia ao longo do curso. No caso de que un alumno non supere estas probas, fará no mes de maio unha proba única de toda a materia pendente.
Os contidos de materia pendente remítense aos contidos mínimos esixibles establecidos

anteriormente na presente programación, e da mesma maneira sucede polo que se refire aos criterios de avaliación.

Polo que se refire aos criterios de cualificación, deberase superar un cinco sobre dez en cada un dos tres exámenes parciais, ou no examen final no caso de que este sexa necesario, para aprobar a asignatura. Para a nota definitiva as probas suporán un 70 % da cualificación, e as actividades realizadas na libreta un 30 %. Porén, compre suliñar outra vez que a realización das tarefas encomendadas é obrigatoria, e sen a súa realización non se valorarán as probas.

## ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA QUE OS ALUMNOS ACREDITEN OS COÑECEMENTOS PREVIOS NECESARIOS.

Poden formularse ao principio de cada unidade didáctica ou en calquer momento ao longo desta. Entre elas poden propoñerse as seguintes:

- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesorado, co fin de facilitar unha idea precisa sobre o punto de partida.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade -mediante cuestionarios, principalmente- e consideradas necesarias para a comprensión da unidade ou dalgunha das súas partes, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Pequenos cuestionarios para completar información histórica e para realizar na casa. Deberán proporcionar as fontes utilizadas, de maneira que así se poida avaliar a autonomía, capacidade para aprender e procedementos.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A proba de avaliación inicial terá os propósitos de identificar os  problemas de aprendizaxe, avaliar os coñecementos previos para avanzar na materia e sobre todo o seu su nivel competencial para interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos de nosa disciplina.

Para iso, partirei dunha taboa na que avaluarei a través dunha serie de preguntas a situación dos alumnos tras unha serie de cuestionarios, tarefas para casa e entrevistas individuais cando sexa necesario.

| **Taboa de indicadores de habilidades e coñecementos previos das Ciencias Sociais** | | | |
|---|---|---|---|
| Localiza a información que se lle pide a partir de diferentes fontes. | **1*** | **2** | **3** |
| E capaz de ampliar información. | | | |
| Recoñece o vocabulario propio da materia. | | | |
| Ten iniciativa para buscar no diccionario os termos que non entende. | | | |
| Xerarquiza as ideas dun texto e distingue a principal das secundarias. | | | |
| Sabe interpretar unha gráfica. | | | |
| E capaz de situar en orden cronolóxico unha serie de acontecementos. | | | |
| Sitúa nos séculos correctos unha serie de acontecementos. | | | |

*__1__:adecuadamente; **2** de maneira suficiente; **3** con dificultade ou non.

Desta maneira contarase com información para levar a cabo as adaptacións necesarias.

**ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

Deberán diferenciarse os alumnos que requiren necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse nestes tres ámbitos:

– En primeiro lugar, deberán cubrirse as necesidades educativas especiais.

– En segundo lugar, teranse en conta aqueles casos que representan unha incorporación tardía ao Sistema Educativo.

– En terceiro lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles alumnos que dispoñan dunhas altas capacidades intelectuais.

- Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles alumnos e alumnas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

Debe sinalarse que a atención a estes catro grupos de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do centro educativo en xeral e de cada curso en particular, que persegue a educación integral de todos os alumnos e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.
Partindo da concepción global de orientar a intervención educativa en función da diversidade de formas de aprendizaxe que poidan darse entre as alumnas e os alumnos, a atención á diversidade benefíciase da apertura da programación en canto ás actividades de pescuda, da fixación de rúbricas xerais que permiten o emprego de rúbricas particulares que teñan en conta a diferencia e

pola posibilidade de revisión e modificación da programación didáctica para ir amoldándoa ás necesidades particulares do alumnado.
Por cada unidade propóñense Actividades de Reforzo e de Ampliación en función do nivel, que teñen por obxectivo ofrecer diferentes estratexias de ensinanza e facilitar así que todos os alumnos e alumnas poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias e acadar os estándares de aprendizaxe.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.
Por outra banda, contribuirase ao Plan Lector do centro, adicando todas as semanas cando corresponda (segundo organizado pola biblioteca) parte dunha clase a que os estudantes lean o que sexa do seu agrado. Con elo búscase fomentar o gusto pola lectura, algo ao que se contribuira tamén recomendando lecturas sobre a materia aos rapaces que manifesten interés sobre algún tema, así como prantexando a posibilidade de que se realice algún traballo que supoña a lectura dun libro.
Tamén se participa directamente no plan de potenciación do inglés a través da experiencia mesma da Seccción Bilingüe.
Así mesmo, a propia natureza da materia contribúe a adquirir o coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, a valorar positivamente a conquista dos dereitos humanos e a rexeitar os conflitos entre os grupos humanos e as situacións de inxustiza dentro do marco de elementos transversais de educación en valores. Para elo participarese tamén, en coordinación con Vicedireción, nas actividades do calendario de conmemoracións e celebracións.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares desempeñan un papel moi importante na formación integral, pois permítenlle ao alumnado entrar en contacto directo coa temática histórica e social obxecto de estudo. Por iso contémplase a posibilidade de realizar algunha saída por Allariz ou Ourense, visitas a exposicións, etc, no terceiro trimestre para por en contacto ao alumno coa realidade do seu contorno a luz das Ciencias Sociais, aproveitando as ofertas culturais que haxa puntualmente.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Os resultados das programacións didacticas deben ser autoavaliados, e esta autoavaliación debería ser logo analizada polo Equipo docente e o Claustro de Profesores. Son fundamentais para determinar as necesidades de formación do Plan de mellora del centro. Para eso, se favorecerán procesos de coevaluación dentro do Departamento traballando en equipo.

A modificación da programación virá condicionada polos resultados destes mecanismos e pola revisión que da nosa práctica faremos os profesores que impartimos este nivel, e sempre tomando as decisións por consenso.

## HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

**CURSO**: 1º BACHARELATO.
**PROFESOR**: María A. Bobillo Vázquez-Monjardín

**LIBRO DE TEXTO** Historia do Mundo Contemporáneo
Consorcio Editorial Galego. Baía Edicións.
**Autores**: Xosé Alfeirán Rodríguez, Ana Romero Masiá.
**ISBN**: 978-84-9995-318-2
**Data de autorización**: 2012
**Lingua**: Galego.

## INTRODUCIÓN

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras. É imprescindible no currículo das Humanidades e as Ciencias Sociais.

Os contidos de Historia do Mundo Contemporáneo arrancan do estudo do Antigo Réxime e a súa crise e, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegan ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial, establecendo unha caracterización específica do mundo desde os anos cincuenta do século XX ata o mundo actual, definido polas áreas xeopolíticas e culturais, dentro da globalización, cos conflitos que o caracterizan, sen pasar por alto o final do bloque comunista e as novas relacións internacionais xurdidas despois dos atentados de Nova York ou o xurdimento do radicalismo islamista. Ao tratar de

analizar tales feitos, a historia enriquécese coas achegas doutras disciplinas e mesmo coas conclusións da investigación xornalística dos acontecementos. Podemos incluír tamén a análise histórica, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación, a crítica dos medios de comunicación, a reflexión sobre a diversidade cultural, a historia oral ou a comparación con novelas históricas sobre eses feitos históricos.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

**OBXECTIVOS.**

1. Coñecer os trazos fundamentais da sociedade, economía e política do Antigo Réxime
2. Comparar eses trazos e percibir os cambios que nos permiten falar dunha Era das Revolucións, da que xurde unha sociedade completamente distinta.
3. Contemplar, nos trazos da sociedade que sae das revolucións, os alicerces da nosa sociedade contemporánea.
4. Coñecer as bases ideolóxicas do liberalismo, identificando a influencia que as ideas da Ilustración tivo sobre ditas bases.
5. Coñecer e analizar as ideas do liberalismo

6. Coñecer a relación que as ideas liberais teñen no político e no económico.
7. Entender as bases sociais que permitiron a Revolución Industrial.
8. Relacionar a Revolución Agraria coa Revolución Industrial.
9. Recoñecer as revolucións liberais como necesarias para soster o novo sistema económico.
10. Coñecer os trazos do capitalismo, e a súa evolución.
11. Entender en que consiste a nova organización do traballo que supón a implantación da fabricación industrial.
12. Comprender a industrialización como un proceso que se estendeu pouco a pouco polo mundo.
13. Identificar a Revolución Francesa como paradigma da revolución liberal, entender as súas propostas como inicio dun sistema político e social completamente diferente do de Antigo Réxime.
14. Recoñecer o Imperio Napoleónico como fase da Revolución Francesa.
15. Entender a influencia que os procesos revolucionarios tiveron no modelado do Estado liberal.
16. Recoñecer os cambios que o Imperio Napoleónico e logo o Congreso de Viena produciron no mapa político de Europa.
17. Analizar os inicios do século XIX como unha pugna entre liberalismo e absolutismo no plano político.
18. Recoñecer a burguesía como clase social motor dos cambios.
19. Coñecer a clase social que xurde coa industrialización.
20. Coñecer a loita obreira, e identificar esta como camiño para a consecución de melloras laborais e sociais.
21. Coñecer as diversas propostas políticas que nacen a partir do liberalismo.
22. Coñecer as causas e as condicións nas que se produciu a Unificación Italiana.
23. Coñecer as causas e o proceso da Unificación Alemana.
24. Recoñecer unha Constitución como base da lexislación e garantía das liberdades e dereitos dos e das cidadáns, entender o proceso polo que esas liberdades e dereitos foron

ampliándose.

25. Coñecer e entender as bases do Estado liberal.
26. Entender as causas da colonización.
27. Relacionar o imperialismo coas necesidades económicas das metrópoles
28. Coñecer as consecuencias que colonialismo e imperialismo ocasionaron nos pobos colonizados.
29. Entender as causas da I Guerra Mundial.
30. Coñecer o contido do Tratado de Versalles.
31. Entender como as condicións de paz da I Guerra Mundial levaron á II Guerra Mundial.
32. Entender o proceso que leva á Revolución Soviética.
33. Coñecer como se fundou e como se desenvolveu o Estado Soviético.
34. Coñecer as causas da crise do 29.
35. Entender que efectos tivo a crise e por que se estendeu por todo o mundo e todos os sectores produtivos.
36. Coñecer que solucións se propuxeron para superar a crise e como funcionaron.
37. Relacionar a auxe dos fascismos coa situación económica do momento, e coa política internacional.
38. Coñecer os trazos dos fascismos, do nazismo e dos totalitarismos en xeral.
39. Analizar que consecuencias sociais tiveron os totalitarismos.
40. Ter unha visión do mundo que rexeite os totalitarismos de calquera índole.
41. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.
42. Analizar os cambios que se produciron o remate da II Guerra Mundial.
43. Relacionar a Guerra Fría co cambio de forzas que se produciron ao final deste conflito.
44. Comprender a creación do Estado de Israel no ámbito do remate da guerra, e atender ás consecuencias que dita creación segue a ter.
45. Entender os obxectivos da fundación da Organización das Nacións Unidas. Analizar se ditos obxectivos se cumplen e entender por que.

46. Relacionar os procesos de descolonización co ámbito da Guerra Fría.
47. Entender que significa Terceiro Mundo e que situacións implica.
48. Coñecer os cambios que produciu no mundo o remate da política de bloques.
49. Entender que en Historia non existen procesos monocausais, senon que os feitos teñen causas múltiples que se inflúen entre si.
50. Coñecer os cambios producidos nas artes e no concepto de arte nos últimos dous séculos.
51. Interesarse e coñecer a problemática actual e observar os cambios.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A materia de Historia do Mundo Contemporáneo contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias clave:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencia dixital (CD)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Conciencia e expresións culturais (CES)
- De xeito secundario, contribúe tamén ao desenvolvemento da Competencia matemática.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES:

Esta materia comprende, como **estándares de aprendizaxe avaliables** os seguintes:

1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.
2. Obtén e seleciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime.
3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.

5. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, poboación e sociedade.
6. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.
7. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.
8. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.
9. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX.
10. Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX.
11. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.
12. Distingue e caracteriza as obras de arte do Rococó.
13. Identifica as causas da primera Revolución Industrial.
14. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial.
15. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.
16. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.
17. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.
18. Debate en torno ao éxito ou fracaso da industrialización en España e Galicia.
19. Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial.
20. Describe a partir dun plano a cidade industrial británica.
21. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.
22. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.
23. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.
24. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.
25. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.
26. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.
27. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.

28. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.
29. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.
30. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.
31. Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaas coas súas consecuencias.
32. Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.
33. Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.
34. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.
35. Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século
36. Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.
37. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.
38. Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.
39. Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.
40. Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.
41. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.
42. Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.
43. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
44. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.
45. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.
46. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.
47. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.
48. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.
49. Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.
50. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.

51. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917 e percibe as diferenzas.
52. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.
53. Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.
54. Interpreta imaxes da Gran Depresión.
55. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.
56. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.
57. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial.
58. Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.
59. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.
60. Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos.
61. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.
62. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.
63. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
64. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.
65. Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.
66. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.
67. Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista.
68. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.
69. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.
70. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.
71. Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista.
72. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.
73. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.

74. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso de descolonización.
75. Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África.
76. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas.
77. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas.
78. Localiza nun mapa os países do terceiro mundo.
79. Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos.
80. Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.
81. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.
82. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.
83. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación.
84. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.
85. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa.
86. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.
87. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental.
88. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.
89. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín.
90. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia
91. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX.
92. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet
93. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar.

94. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea.
95. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue.
96. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90.
97. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000.
98. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico.
99. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.
100. Elabora un breve informe sobre as relacións entre migración e globalización a partir de fontes históricas.
101. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.
102. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.
103. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.
104. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.
105. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.
106. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual.
107. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.
108. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.
109. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India.

110. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África.
111. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
112. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.
113. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico correspondente ao periodo estudado.

**CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CUXA CONSECUCIÓN GARANTE O MÍNIMO PARA SUPERAR A MATERIA:**

:

| **Bloque 1: O Antigo Réxime** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe.** | **Indicadores de logro que garanten o aprobado na materia** | **Temporalización** |
| B 1.1. Trazos do Antigo Réxime | Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas. | Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. | Extrae máis da metade dos trazos, e os organiza de xeito xerarquizado | 1ª avaliación setembro |
| | | Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. | Selecciona correctamente a información e é quen de elaborar un pequeno escrito | |
| | | Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. | Clasifica os diversos aspectos do Antigo Réxime de maneira correcta, e comete fallos pouco significativos | |
| | | Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime. | Elabora mapas conceptuais que relacionan correctamente ditos trazos | |
| B1.2. Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade. | Distinguir as transformacións no Antigo Réxime e enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade. | Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. | É quen de dar unha explicación multicausal para ditas transformacións, e chega a conclusións simples. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. | É quen de entender a evolución da sociedade entre ambos séculos | |
| B1.3. Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra. | Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo. | Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. | Describe ditas características e é quen de comparar correctamente o sistema parlamentario do absolutismo | |
| | | Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. | Recoñece os trazos iniciais do liberalismo nas revolucións inglesas do xéculo XVII. | |
| B1.4. O pensamento da Ilustración. | Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías. | Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. | Enumera e describe ditas ideas, e as compara correctamente coas propostas do absolutismo | |
| | | Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. | Elabora un pequeno cadro comparando as ideas da Ilustración e as do liberalismo | |
| B1.5. Relacións internacionais: equilibrio europeo. | Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo. | . Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen. | Analiza correctamente, aínda que de xeito básico, mapas históricos | |
| B1.6. Manifestacións artísticas do momento. | Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas. | Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó. | Recoñece os trazos básicos do estilo Rococó. | |
| **Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais** | | | | |
| B2.1. Revolución industrial: concepto, factores que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos). | Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible. | Identifica as causas da primeira Revolución Industrial. | Identifica esas causas, sen relacionalas coas condicións que se daban en Gran Bretaña a finais do século XVIII | 1ª avaliación setembro |
| B2.2. Revolución ou | Describir as | Explica razoadamente | Entende cales son os | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| revolucións industriais: características. Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía. | Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais | a evolución cara á segunda Revolución Industrial. | elementos que nos permiten falar dunha segunda revolución | |
| | | Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais. | Elabora un pequeno cadro comparando os trazos de ambas revolucións industriais. | |
| B2.3. Protagonismo de Gran Bretaña e extensión do proceso de industrialización a outras zonas de Europa. Industrialización extraeuropea. Industrialización española e galega. | Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance. | Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. | Localiza correctamente as rexións industriais nun mapa histórico | 1ª avaliación setembro-outubro |
| | | Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. | Recolle correctamente os datos e elabora unha curta explicación sobre o desenvolvemento dos primeiros países industralizados. | |
| | | Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia. | Coñece a existencia de posturas diferenciadas neste debate historiográficos, pero non aventura unha opinión persoal. | |
| B2.4. Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade). | Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX. | Sinala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. | Recoñece dito cambio social e é quen de dar os trazos básicos. | 1ª avaliación outubro |
| | | Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX. | Analiza unha imaxe e recoñece os elementos distintivos da cidade industrial do século XIX. | |
| | | Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles. | Analiza e compara mapas históricos que reflictan a evolución das redes de transporte, acadando conclusións elementais. | |
| B2.5. Economía industrial: pensamento e primeiras crises. | Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico. | Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas. | Recoñece as causas e consecuencias das criese económicas, aínda que non as relaciona coas solucións que se deron no tempo. | 1ª avaliación outubro |
| B2.6. Nacemento do proletariado e organización da | Coñecer as correntes de pensamento que | Compara as correntes de pensamento social | Recoñece as diferencias entre as distintas correntes de | 1ª Avaliacón outubro |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros. | pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX. | da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. | pensamento social. | |
| | | Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro. | Distingue e explica os trazos básicos dos tipos de asociacionismo obreiro. | |
| **Bloque 3. A crise do Antigo Réxime** | | | | |
| B3.2. Nacemento dos EEUU. | Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia. | Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas. | Aplica unha explicación multicausal e distingue causas de detonantes. | 1ª avaliación outubro-novembro |
| B3.3. Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais. | Explicar, a partir de información obtida en internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias. | Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. | Aplica unha explicación multicausal e distingue causas de detonantes. | 1ª avaliación outubro-novembro |
| | | Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa. | Coñece, sitúa correctamente nunha liña do tempo e explica os trazos máis básicos das etapas da Revolución Francesa. | |
| B3.4. Imperio Napoleónico. | Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias. | Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico. | Identifica o Imperio Napoleónico no mapa, e distíngueo da situación anterior. | 1ª avaliación novembro |
| B3.5. O Congreso de Viena e o Absolutismo. | Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados. | Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaas coas súas consecuencias. | Recoñece ditas ideas e as relacionas coas conclusións do Congreso de Viena, aínda que non é quen de relacionalas con todas as consecuencias. | 1ª avaliación novembro |
| B3.7. O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña. | Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas. | . Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas. | Analiza imaxes de diverso tipo e recoñece os trazos básicos da narración sobre os procesos de unificación. | 1ª avaliación novembro-decembro |
| B3.8. Cultura e Arte: | Descubrir as | Establece as | Coñece os trazos básicos | 1ª avaliación |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Europa entre o neoclasicismo e o romanticismo. | manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente. | características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas. | dos estilos Neoclásico e Romántico, pero cóstalle relacionar ambos estilos artísticos. | novembro-decembro |
| B3.9. Independencia das colonias hispano-americanas. | Analizar utilizando fontes gráficas a independencia de Hispanoamérica. | Realiza un friso cronolóxico explicativo da independencia das colonias hispanoamericanas ao comezo do século XIX. | Elabora unha liña do tempo situando os feitos máis importantes do proceso de independencia da América Hispana. | 1ª avaliación novembro-decembro |
| **Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial** | | | | |
| B4.1. Tránsito do século XIX ao XX: visión global. | Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores desencadeadores. | Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX. | É quen de relacionar feitos e fenómenos que se desenvolven en dito período, coa vista nas causas da I Guerra Mundial, pero non acada as máis remotas. | 1ª avaliación decembro |
| B4.2. Evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana; o Imperio Austrohúngaro; Rusia; os Estados Unidos (da Guerra Civil ata comezos do século XX) e Xapón (transformacións de finais do século XIX). | Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos. | Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón. | Elabora un eixe cronolóxico, relacionando ditos feitos e países, aínda que incompleto | |
| | | Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana. | Recoñece os trazos básicos da sociedade vitoriana, pero non os analiza. | |
| | | Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia. | Recoñece nos textos os trazos básicos do Segundo Imperio francés. | |
| | | Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck. | Identifica ditos feitos, e proporciona unha explicación básica. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B4.3. Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias. | Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias. | Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX. | Recoñece ditas causas, pero cóstalle comprender a relación que existe coa economía europea dese período. | 1ª avaliación novembro-decembro |
| | | Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas. | Localiza correctamente as principais colonias e compara a situación en mapas doutros momentos históricos. | |
| | | Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914 | Relaciona ambos feitos, pero non establece completamente ditas cadeas e interconexións. | |
| B4.4. Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente. | Comparar sinteticamente os sistemas de alianzas do período da Paz Armada. | Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada. | Fai un pequeno esquema polo que seguir os cambios de ditas alianzas. | 1ª avaliación xaneiro |
| B4.5. I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias. | Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias. | Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial. | Recoñece as causas da I Guerra Mundial, aínda que de xeito incompleto. | 1ª avaliación xaneiro |
| | | Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos. | Coñece as etapas da Gran Guerra e compara mapas históricos. | |
| | | Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial. | Recoñece as consecuencias máis directas da I Guerra Mundial. | |
| **Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias** | | | | |
| B5.1. Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte. | Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais. | Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX. | Atopa características esenciais da sociedade de Entreguerras en manifestacións artísticas e culturais, pero non é quen de comparalas coas de momentos diferentes. | 2ª avaliación xaneiro |
| B5.2. Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS. | Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos, | Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917. | Recoñece na sociedade zarista algunhas causas da Revolución Rusa. | 2ª avaliación xaneiro-febreiro |
| | | Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 | Entende de xeito básico as diferencias entre a Revolución burguesa e | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | e establecer as súas consecuencias. | coa de outubro de 1917. | a soviética. | |
| B5.3. Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións. | Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha consecuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións. | Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo. | Coñece as conseuencias dos tratados de paz a curto prazo. | 2ª avaliación febreiro |
| | | Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas. | Comprende que foi a Sociedade de Nacións e explica algúns trazos que a fan precedente da ONU. | |
| B5.4. Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal". | Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotiá. | . Interpreta imaxes da Gran Depresión. | Ve as consecuencias que a Gran Depresión tivo na sociedade americana nas imaxes da época. | 2ª avaliación febreiro |
| | | Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929. | Comenta as gráficas, pero chega a conclusións básicas. | |
| B5.5. Fascismos europeos e nazismo alemán. | Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento. | Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. | É quen de ver similitudes e diferenzas básicas entre fascismo e nazismo. | 2ª avaliación febreiro-marzo |
| | | Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX. | Recoñece ditos símbolos. | |
| B5.6. Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra. | Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial. | Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estoupido da II Guerra Mundial. | Recoñece algúns dos trazos das relacións internacionais do momento. | 2ª avaliación marzo |
| B5.7. II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais. | Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos. | Identifica e explica as causas desencadeadoras da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas. | Explica, aínda que de xeito simple, as causas da II Guerra Mundial. | 2ª avaliación marzo |
| B5.8. Desenvolvemento da II Guerra Mundial. | Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón. | Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico. | Coñece ditas etapas e as sitúa correctamente nun eixo cronolóxico. | 2ª avaliación marzo |
| | | Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas históricos. | Analiza correctamente ditos mapas. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B5.9. Consecuencias da II Guerra Mundial. | Analizar o papel da guerra mundial como elemento de transformación da vida cotiá. | Describe as consecuencias da II Guerra Mundial. | Describe as consecuencias da II Guerra Mundial, pero non comprende ben a situación que se xera na política internacional despois dela. | 2ª avaliación marzo |
| B5.10. Antisemitismo: o Holocausto. | Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi. | Analiza ditas imaxes entendendo ben que está pasando nelas. | 2ª avaliación marzo |
| | | Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | Recoñece o Holocausto e pode aportar algunha razón pola que non debe repetirse. | |
| B5.11. Preparación da Paz e a ONU. | Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra. | Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización. | Comprende a tarefa da ONU, pero non tanto as causas que limitan a súa actuación. | 2ª avaliación marzo |
| **Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos** | | | | |
| B6.1. Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista: Guerra Fría. | Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente. | Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista. | Distingue a situación xeográfica de ambos bloques, aínda que con algún erro. | 2ª avaliación abril |
| B6.2. Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión. | Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e as súas consecuencias, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais. | Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico. | Comprende que a Guerra Fría desenvólvese en conflictos localizados e sabe situar algúns no espazo e no tempo con axuda de mapas. | 2ª avaliación abril |
| B6.3. Evolución da economía mundial de posguerra. | Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación | Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista. | Compara imaxes de ambos bloques e sabe sinalar as diferenzas. | 2ª avaliación abril |
| | | Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas | Extrae conclusións básicas de fontes de diverso tipo. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | da época. | que expliquen a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza. | | |
| B6.4. Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo. | Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos. | Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. | Atopa trazos característicos da economía capitalista en gráficas | 3ª avaliación abril |
| | | Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos. | Atopa trazos característicos da economía comunista en gráficas. | |
| | | Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista. | Elabora un pequeno esquema comparativo que recolle trazos de ambos bloques. | |
| | | Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista. | Relaciona de xeito básico economías e políticas. | |
| **Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo** | | | | |
| B7.1. Orixes, causas e factores da descolonización. | Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso. | Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos. | Sitúa no mapamundio zonas afectadas pola descolonización. | 3ª avaliación abril |
| B7.2. Etapas e modelos de descolonización. | Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a unhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso. | Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. | Recoñece causas e factores do proceso de descolonización, e aporta algún razoamento. | 3ª avaliación abril |
| | | Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África. | Diferencia os procesos de descolonización atendendo a trazos moi básicos. | |
| B7.3. Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU. | Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que | Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas. | Recoñece o papel da ONU como árbitro das relacións internacionais, pero non aporta un comentario crítico ás | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | demostre as súas actuacións. | | súas dificultades. | |
| B7.4. O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo. | Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican. | Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas. | Analiza correctamente os datos das gráficas e aporta un comentario elemental. | 3ª avaliación abril-maio |
| | | Localiza nun mapa os países do terceiro mundo. | Sitúa correctamente a maioría dos países en vías de desenvolvemento. | |
| | | Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos. | Analiza textos e imaxes, e aporta un comentario persoal. | |
| B7.5. Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional. | Apreciar o nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques. | Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista. | Comprende os trazos básicos e diferencia axuda internacional de intervención neocolonialista, pero non afonda na cuestión. | 3ª avaliación abril-maio |
| **Bloque 8. A crise do bloque comunista** | | | | |
| B8.1. A URSS e as democracias populares. | Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica. | Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín. | Compara correctamente un mapa actual cun mapa histórico da situación na Guerra Fría. | 3ª avaliación maio |
| | | Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. | Elabora correctamente un eixe cronolóxico cos datos básicos arredor dos feitos que rematan coa Guerra Fría. | |
| | | Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a | Compara correctamente un mapa actual cun mapa histórico . | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | actualidade, utilizando mapas de situación | | |
| B8.2. Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost. | Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias. | Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov. | Fai un esquema no que se resumen os principais trazos sociais e económicos dos últimos vinte anos da Unión Soviética. | 3ª avaliación maio |
| B8.3. Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas. | Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas. | Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa. | Elabora dito cadro cos datos básicos. | |
| B8.4. Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental. | Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental. | Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín. | Analiza as imaxes e aporta explicacións sinxelas. | 3ª avaliación maio |
| | | Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista | Fai dita procura con axuda, e ten dificultades para distinguir os factores principais de dito proceso. | |
| B8.5. Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia. | Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona. | Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín. | Fai un breve resume de dita evolución política. | 3ª avaliación maio |
| | | Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia | Describe causas e consecuencias da guerra dos Balcáns, nun nivel básico. | |
| **Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX** | | | | |
| B9.1. Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX. | Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos. | Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX. | Fai un esquema enumerando as principais liñas de pensamento económico do mundo capitalista a finais do século XX. | 3ª avaliación maio |
| | | Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir | Pescuda información con axuda e ten algunha dificultade en seleccionar a | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | dunha procura guiada en internet | información fundamental. | |
| B9.2. Estado do benestar. | Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que inflúen na vida cotiá. | Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar. | Recoñece as características do Estado do benestar, pero presenta dificultades en razoar a súa necesidade. | |
| B9.3. Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión. | Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución. | Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea. | Elabora un eixe cronolóxico cos feitos básicos da evolución da Unión Europea. | 3ª avaliación maio-xuño |
| B9.4. Obxectivos e institucións da Unión Europea. | Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura. | Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue. | Coñece as institucións e as relaciona cos obxectivos fundamentais da UE. | 3ª avaliación maio-xuño |
| B9.5. Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90. | Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do benestar. | Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90. | Fai dito eixe cronolóxico, aportando os datos básicos. | 3ª avaliación xuño |
| B9.6. Xapón e os novos países asiáticos industrializados. | B9.6. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural. | . Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico. | Identifica as diferenzas máis básicas dos capitalismos asiáticos, en comparación co occidental. | 3ª avaliación xuño |
| **Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica** | | | | |
| B10.1. Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. | Analizar as características da globalización e describir a influencia dos medios de | Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información | Compara diversas fontes de información. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado. | comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual. | existente en internet e noutros medios dixitais. | | 3ª avaliación xuño |
| | | Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas. | Elabora dito breve informe e presenta algunha conclusió razoada. | |
| | | Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual. | Extrae conclusións con axuda. | |
| B10.2. A ameaza terrorista nun mundo globalizado. | Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características. | Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante. | Fai dita procura, e chega a conclusións básicas. | |
| B10.3. Europa: reto e unión. | Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas. | Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas. | Recolle e analiza de xeito básico varias novas, e as comenta en clase. | |
| B10.4. Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001. | Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país. | Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura. | Elabora ditos mapas, presentando os datos básicos. | |
| B10.5. | Analizar a evolución | Describe os principais | Atopa os principais datos | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Hispanoamérica: situación actual. | política, económica, social e cultural de Hispanoamérica. | movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual. | sobre o tema proposto en prensa e en pescudas guiadas en internet. | 3ª avaliación xuño |
| B10.6. O mundo islámico na actualidade. | Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais. | Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade. | Enumera os trazos básicos que caracterizan na actualidade o mundo islámico e localiza os países que o forman nun mapa. | |
| B10.7. África islámica, subsahariana e Sudáfrica. | Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas. | Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano. | Compara ditos aspectos e chega a conclusións básicas. | |
| B10.8. A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades. | Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades | Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India. | Recoñece os principais trazos que explican a situación actual de China e a India. | |
| | | Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África. | Recoñece os trazos básicos que caracterizan ditos países como emerxentes. | |
| **Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.** | | | | |
| B11.1. Tempo histórico. | Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | Comprende os conceptos de diacronía e sincronía de maneira básica e o demostra nos eixes cronolóxicos elaborados ou comentados no curso. | Contidos, criterios e estándares transversais a o resto de bloques de contidos desta materia |
| B11.2. Fontes históricas. | Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade. | Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade. | Selecciona dita información aplicando de maneira básica a crítica de fontes, aínda que con erros. | |
| B11.3. Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea. | Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | Emprega o vocabulario histórico e artístico, aínda que comete erros ou imprecisións. | |

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EMPREGO DOS RECURSOS DO CENTRO.

A materia, a variedadede competencias clave a desenvolver e a cantidade de estándares de aprendizaxe e de criterios de avaliación, esixe e permite unha metodoloxía aberta, fundamentada non so na exposición por parte do profesorado dunha serie de cuestións que teñen respaldo nun único texto, senon tamén na pescuda por parte do alumnado de contidos que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe marcados, na elaboración dos nosos propios materiais didácticos, e na potenciación dos aspectos prácticos da materia.

Empregaremos para acadar ditos obxectivos todos os recursos ao noso alcance e que nos proporcione o centro, en calquera soporte que consideremos oportuno: bibliográfico ou electrónico. A biblioteca e os recursos informáticos do centro serán recursos utilizables tanto por alumnado como polos profesores que impartiremos esta materia. Empregaremos tamén materiais didácticos da nosa elaboración, e colaboraremos co alumnado na elaboración de produtos finais resultado de proxectos e pescudas que se poidan ir propoñendo ao longo do curso. Deste xeito, damos máis importancia que en cursos anteriores ás Competencias clave, en especial á Competencia Dixital, Aprender a Aprender, e á Competencia Lingüística.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A proba de avaliación inicial terá os propósitos de identificar os problemas de aprendizaxe, avaliar os coñecementos previos para avanzar na materia e sobre todo o seu su nivel competencial para interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos de nosa disciplina.

Para iso, partirase dunha taboa na que se avaliará a través dunha serie de preguntas a situación do alumnado, plasmada tras a presentación dunha serie de cuestionarios, tarefas para casa e entrevistas individuais cando sexa necesario. Ditos cuestionarios e tarefas serán axeitados á idade e ao nivel psicoevolutivo do alumnado, e valorará sete items en tres niveis de consecución das tarefas indicadas, como figura na clave que se adxunta tras a táboa, e non terá calificación numérica.

| **Taboa de indicadores de habilidades e coñecementos previos en Historia do Mundo Contemporáneo** | | | |
|---|---|---|---|
| Localiza a información que se lle demanda a partir de diferentes fontes. | **1*** | **2** | **3** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| E capaz de ampliar información . | | | |
| Recoñece o vocabulario propio da materia. | | | |
| Ten iniciativa para buscar no diccionario os termos que non entende. | | | |
| Recoñece nun texto cal é a idea principal | | | |
| Sabe interpretar unha gráfica sinxela. | | | |
| É quen de situar en orden cronolóxico unha serie de acontecementos significativos. | | | |

*__1__:adecuadamente; **2** de maneira suficiente; **3** con dificultade ou non.

Desta maneira contarase co información para levar a cabo as adaptacións necesarias.

## AVALIACIÓN CONTÍNUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación contínua desenvolverase ao longo do curso, en forma das probas formais propostas por avaliación, e dos instrumentos de avaliación que a continuación se detallan:

- Caderno de cada alumno ou alumna
- Exercicios propostos, realizados e corrixidos na aula, que deberían figurar nos cadernos do alumnado.
- Comentarios de mapas, textos ou imaxes, adaptados ao nivel cognitivo e ao desenvolvemento dos contidos da materia.
- Traballos de clase, axeitados aos descritores dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe expostos máis arriba.

Poderá haber exames de recuperación da materia por avaliación.

O Departamento pode considerar que un alumno ou alumna abandoou a materia caso de producirse ausencias inxustificadas, negativa manifesta a facer as tarefas propostas, negativa a facer os exames ou probas, falta de interese e de esforzo pola materia, se os resultados académicos son inferiores a unha calificación de 2 ou expresa públicamente dito abandono. En dito caso, seguirase o protocolo de apercibir ao alumno, e avisar aos titores legais.

Alumnos e alumnas que non cumplan cos criterios de avaliación en xuño, terán a correspondente proba extraordinaria en setembro, a cargo deste Departamento.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

As probas formais terán unha calificación de 0 a 10, sendo 5 a calificación que certifique o aprobado, en relación cos indicadores de logro que figuran máis arriba.
Os exames contarán un porcentaxe de ata o 70% da nota, obténdose o resto da calificación dos instrumentos de avaliación expostos no epígrafe anterior.
Para superar a materia, un alumno ou alumna deberá acadar unha media nas tres avaliacións dunha calificación igual ou superior a 5.

## ORGANIZACIÓN DE CONTIDOS E BLOQUES

**Bloque 0: A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.**
Este bloque correspóndese co bloque 11 da proposta curricular.

### 1ª AVALIACIÓN

### Bloque I .- Grandes transformacións do século XIX

1.- Crise do Antigo Réxime. Ilustración e revolución. Independencia dos Estados Unidos de América e Revolución francesa.

2. Transformacións económicas e revolución industrial. Difusión da industrialización e consolidación da economía capitalista.

3. Liberalismo e nacionalismo. A formación dos Estados-nación en Europa. As ideas liberais noutros ámbitos: emancipación de América Latina e modernización de Xapón.

4. Sociedade de clases e hexemonía burguesa. Pensamento socialista e movemento obreiro. Os grupos excluídos da orde social liberal: mulleres, non propietarios, escravos.

5. Loitas sociais e avances cara á democracia: ampliación do sufraxio, extensión da educación e medidas de protección social.

6. Expansión imperialista e tensións internacionais.

### 2ª AVALIACIÓN

**Bloque II.- Conflitos e cambios na primeira metade do século XX**

1. Primeira Guerra Mundial. Os tratados de paz.
2. A Revolución rusa de 1917. Formación e evolución da URSS.
3. A economía de entreguerras. Da recuperación dos anos vinte á Gran Depresión.
4. Sociedade de masas e incorporación da muller ao traballo asalariado. O voto feminino.
5. Crise das democracias parlamentarias. Ditaduras e réximes fascistas.
6. Tensións internacionais e Segunda Guerra Mundial. A organización da paz. As vítimas das ditaduras e da guerra; o Holocausto.

**3ª AVALIACIÓN**

**Bloque III. . Conflitos na segunda metade do século XX**

1. Formación, evolución e final dos bloques. Os conflitos nun mundo bipolar.
2. Descolonización e Terceiro Mundo. A política de non aliñamento.
3. Organización da economía mundial por parte das potencias: mundo capitalista e mundo socialista. Crecemento económico e estado de benestar nos países do Norte. Subdesenvolvemento e inestabilidade política nos países do Sur.
4. A construción da Unión Europea: procesos de ampliación, institucións e políticas comunitarias. Institucións e movementos supranacionais.
5. América Latina no século XX.
6. Movementos de contestación social: pacifismo, feminismo, loita polos dereitos civís.
7. A crise económica de finais do século. Estancamento e fracaso dos países socialistas. Recesión económica e políticas neoliberais nos países capitalistas.

**Bloque IV. Perspectivas do mundo actual**

1. Sociedades postindustriais e novas formas de exclusión. O impacto da revolución científicotécnica. Riscos ambientais e desenvolvemento sustentable.
2. As desigualdades no mundo: o estado de benestar e a súa desigual distribución. Os obxectivos de desenvolvemento do Milenio.

3. Globalización económica e diversidade cultural. Fluxos migratorios, políticas de inmigración e movementos xenófobos.
4. A nova configuración xeopolítica do mundo. Focos de conflito. Cooperación e diálogo entre culturas.

## ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Segundo o establecido no departamento, será a Xefa deste a encargada de coordinar e tamén controlar o desenvolvemento da materia pendente, asesorándose antes e despois cos demais profesores.

Non hai programas de reforzo. Ao non dispor de horas para traballar co alumnado coa materia pendente, encomendaraselles a realización das actividades seleccionadas do libro de texto.. Nas horas do recreo o alumnado poderá consultar cantas dubidas teña sobre a materia a traballar.

Cada trimestre farase un parcial sobre a materia traballada e así ir liberando materia ao longo do curso. No caso de que un alumno ou alumna non supere estas probas, fará no mes de maio unha proba única de toda a materia pendente.

Os contidos de materia pendente remítense aos contidos mínimos esixibles establecidos anteriormente na presente programación, e da mesma maneira sucede polo que se refire aos criterios de avaliación.

Polo que se refire aos criterios de cualificación, deberase superar un cinco sobre dez en cada un dos tres exámenes parciais, ou no examen final no caso de que este sexa necesario, para aprobar a asignatura. Para a nota definitiva as probas suporán un 70 % da cualificación, e as actividades realizadas na libreta un 30 %. Porén, compre suliñar outra vez que a realización das tarefas encomendadas é obrigatoria, e sen a súa realización non se valorarán as probas.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Dado que non é unha etapa obrigatoria, en principio a atención a diversidade en Bacharelato non adoita ser precisa, polo menos no referente á adaptación curricular da materia. Sen embargo, atenderase na medida das nosas posibilidades, ao alumnado que poida precisar de material

didáctico específico, por padecer algún tipo de dificultade sensorial, poñéndonos en contacto, se así se considerase, con organismos e institucións especializados na elaboración deste material. Tamén atenderíamos ao alumnado con discapacidades físicas, adaptando os medios de avaliación de ser preciso, na medida en que mellor favorezan ao alumno ou alumna, e ao proceso de avaliación, segundo o recto entender do docente. Teranse en conta, tamén, as dificultades sobrevidas ao longo do curso, por accidente, enfermidade ou outra causa.

O alumnado con altas capacidades requeriría unha adaptación das tarefas, multiplicando as mesmas, propoñendo algunhas que resultasen motivadoras, e mesmo facilitando a realización dalgún traballo de investigación que lles permitise afondar no coñecemento da Historia, da Xeografía, e das Ciencias Sociais en xeral. Asemade, de ser necesario ou solicitado polo alumno alumna, pais ou titores, ou por recomendación de Departamento de Orientación, adaptaríanse os medios de avaliación.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

**XEOGRAFÍA**

| | |
|---|---|
| **CURSO**: | **2º BACHARELATO.** |
| **ASIGNATURA:** | **XEOGRAFÍA DE ESPAÑA** |
| **PROFESOR**: | María A. Bobillo Vázquez-Monjardín |

| | |
|---|---|
| **LIBRO DE TEXTO**: | *Xeografía.* |
| | Editorial Anaya. |
| **Autores**: | Mª Concepción Muñoz-Delgado |
| **ISBN**: | 9788467810783 |
| **Data de autorización**: | 2016 |
| **Lingua**: | Galego. |

**INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

Esta programación de Xeografía está fundamentada no establecido no Real Decreto 1105/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece ou currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xeografía estuda una dimensión humana ineludible, o espazo, as paisaxes, tanto naturais como as humanizadas, e en xeral as actividades que se levan a cabo no territorio na dinámica que se establece entre a natureza e a sociedade. Ten como obxectivo fundamental a comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, de maneira que coa súa impartición os alumnos poidan explicar a realidade xeográfica española, con especial atención ao espazo máis inmediato.

A materia permite un amplo desenvolvemento de competencias. En primeiro lugar, a competencias matemáticas e as básicas das ciencias e a tecnoloxía, xa que require o aprendizaxe de feitos e procedementos propios das Ciencias da Terra e da Estatística. Tamén permite abordar as competencias sociais e cívicas tanto polos contidos propios da Xeografía como ao referido ao desenvolvemento sustentable, elemento transversal ao longo da etapa. Así mesmo, as competencias lingüística e dixital (cartografía dixital e o tratamento das imaxes satélite) e a de aprender a aprender na súa vertente máis instrumental e que impregnan o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe

estar moi presente nas vertentes máis actitudinais da competencia (saber ser) e na de coñecemento procedemental.

Finalmente, o tratamento metodolóxico da materia debe axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Neste sentido, a materia de Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de forma especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

Grazas a este coñecemento adquirido, a Xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A LOMCE establece que todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias clave do alumnado. Estas competencias son as sete seguintes:

- **Comunicación lingüística**. A Xeografía colabora na comprensión de textos orais e escritos; na expresión oral e escrita; e no respecto ás normas de comunicación. Así, o alumnado deberá adquirir e utilizar con propiedade a terminoloxía da materia. Deberá ser capaz de comprender textos orais e escritos de temática xeográfica, e expresar os contidos xeográficos utilizando adecuadamente as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais. E deberá asumir as normas de comunicación en contextos variados: respectar a quenda de palabra, escoitar con atención o interlocutor, etc. Con este fin realízanse tarefas como a lectura comprensiva e o comentario de textos; a definición de termos e a elaboración de definicións; a descrición de imaxes; as redaccións, exposicións e presentacións orais; a participación nas actividades da aula e en debates; a elaboración de informes e traballos, etc.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**. A Xeografía contribúe de forma esencial a tomar conciencia dos cambios producidos polas persoas no contorno

e a fomentar o coidado ambiental e dos seres vivos, promovendo o compromiso co uso responsable dos recursos e o desenvolvemento sostible. Para iso formula numerosas actividades encamiñadas á toma de conciencia dos problemas ambientais e á busca e aprecio das solucións para abordalos, como a análise de datos, imaxes e textos; a realización de traballos de campo sobre o contorno; a valoración da importancia dos espazos naturais protexidos; ou a planificación de actuacións concretas para previr os problemas ou colaborar na súa solución.
A Xeografía tamén fomenta o manexo de elementos matemáticos básicos, mediante o cálculo e interpretación de taxas (aridez, natalidade, paro, PIB, etc.); a elaboración e a análise de información en formato gráfico ou en series estatísticas; e a realización e interpretación de mapas. Así mesmo, fomenta o establecemento de relacións, a explicación de feitos, a clasificación, a comparación, a diferenciación, o razoamento lóxico mediante o uso de datos e estratexias para responder cuestións ou afrontar problemas xeográficos de diversa índole e as súas manifestacións en diferentes aspectos da vida cotiá. Tamén evidencia a importancia de usar métodos rigorosos para comprender a realidade física e humana e as súas interrelacións espaciais. E promove hábitos de vida saudables en relación co medio e co aumento da esperanza de vida (producións ecolóxicas, medios de transporte non motorizados, consumo responsable, etc.).

**- Competencia dixital.** A Xeografía promove a capacidade de buscar, seleccionar, utilizar e avaliar criticamente a información procedente de medios dixitais; a elaboración de información propia a partir da información obtida; e a súa transmisión utilizando diversas canles de comunicación audiovisual. Entre as actividades que fomentan esta competencia encóntranse as investigacións ou indagacións; e o uso das novas tecnoloxías para facilitar o traballo xeográfico e a vida diaria: realización de cálculos, gráficos e mapas; obtención de imaxes; creación de simulacións co fin de adoptar decisións con repercusións espaciais, etc.

**- Competencia de aprender a aprender.** Promóvese desde a Xeografía mediante o desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión dos seus contidos, como a realización de esquemas, sínteses, cadros comparativos, eixes cronolóxicos, organigramas, fichas e mapas conceptuais. Ademais, desde a materia foméntanse actitudes que favorecen a aprendizaxe autónoma, a iniciativa, a creatividade e o espírito crítico; a toma de conciencia dos procesos de aprendizaxe; e a autoavaliación da consecución dos obxectivos de aprendizaxe.

**- Competencias sociais e cívicas.** A Xeografía impulsa a educación cívica, aplicando os dereitos e

deberes da convivencia cidadá ao contexto escolar. Con este fin fomenta a relación cos demais; aprender a comportarse; o recoñecemento da riqueza e da diversidade das opinións alleas; e o desenvolvemento do compromiso social manifestado na preocupación polos espazos e os grupos sociais máis desfavorecidos. Entre as actividades propostas atópanse a participación activa na aula; o traballo en grupo para a realización de actividades; e os traballos de campo, que promoven a solidariedade, a responsabilidade, a colaboración e o respecto ás opinións alleas.

**- O sentido da iniciativa e o espírito emprendedor**. A Xeografía colabora en desenvolver a autonomía persoal; a constancia no traballo, asumindo responsabilidades e superando as dificultades; a capacidade de liderado, suxerindo iniciativas e fomentando as actitudes relacionadas coa organización, a planificación, co deseño, coa valoración, a avaliación, a coordinación de tarefas e tempos e a negociación; e co desenvolvemento da creatividade e do emprendemento, propoñendo novas ideas ou actividades.

**- A conciencia e expresións culturais.** A Xeografía fomenta a valoración das manifestacións culturais propias e alleas nas súas distintas vertentes (natural, monumental, etc.); e o aprecio da multiculturalidade de persoas e espazos xeográficos. Tamén promove o gusto pola creatividade e pola estética na vida cotiá, manifestadas na elaboración de traballos, murais, presentacións, caderno de traballo, etc.

Para valorar o grao de adquisición das competencias clave establécense estándares de aprendizaxe avaliables e rúbricas. Os **estándares** son concrecións dos criterios de avaliación, observables e medibles, que, ao ser postas en relación coas competencias clave, permitan avaliar a súa consecución. As **rúbricas** indican o grao de consecución de cada un dos estándares.
Por exemplo, podemos asignar un valor 0 se o estudante non fixo a tarefa; 1 Insuficiente; 2 Suficiente; 3 Ben; 4 Notable e 5 Sobresaliente

**OBXECTIVOS**

A comprensión do territorio, produto da interrelación de múltiples factores, e ademais que o estudante poida explicar a realidade xeográfica española. Grazas a este coñecemento adquirido, a Xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural, e deste xeito, esta materia participa

profundamente na formación en valores.

O uso dos instrumentos propios desta disciplina, entre outros a cartografía, imaxes ou estatísticas de distinto tipo, achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade que nos rodea, identificar as unidades territoriais, as paisaxes e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo.

De modo que a Xeografía formulada neste curso ten como obxectivo fundamental dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico, ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas que formula o territorio de España, e para comprender e apreciar a súa diversidade.

**CONTIDOS.**

| | **Xeografía. , 2º de Bacharelato.** | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| | **Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico** | | | |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i§l | §B1.1. Concepto de Xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina. | §B1.1. Recoñecer a peculiaridade do coñecemento xeográfico utilizando as súas ferramentas de análise e os seus procedementos. | § XHB1.1.1. Describe a finalidade do estudo da Xeografía, e as principais ferramentas de análise e os seus procedementos. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B1.2. Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable. | §B1.2. Identificar o espazo xeográfico como tal nas súas diversas ocupacións, entendéndoo como centro de relacións humanas e sociais. | §XHB1.2.1. Identifica as paisaxes xeográficas. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL |
| | | | §XHB1.2.2. Enumera e describe as características das paisaxes xeográficas. | §CMCCT<br>§CAA |
| §d | §B1.3. Representación | §B1.3. Distinguir e | §XHB1.3.1. Utiliza | §CMCCT |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §g<br>§i<br>§l | gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas. | analizar os tipos de planos e mapas con diferentes escalas, identificándoos como ferramentas de representación do espazo xeográfico | adecuadamente as ferramentas características da ciencia xeográfica. | §CAA<br>§CD |
| §d<br>§g<br>§i<br>§l | §B1.4. Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000. | §B1.4. Analizar e comentar o mapa topográfico nacional E: 1/50.000. | §XHB1.4.1. Extrae información do mapa topográfico mediante os procedementos de traballo do xeógrafo. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CD |
| | | | §XHB1.4.2. Extrae a información de mapas e planos de diferentes escalas. | §CMCCT<br>§CD |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i§l | §B1.5. Técnicas cartográficas. | §B1.5. Deseñar e comparar mapas sobre espazos xeográficos próximos utilizando os procedementos característicos. | §XHB1.5.1. Identifica nunha paisaxe as diferenzas entre paisaxe natural e cultural. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i§l | §B1.6. Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite. | §B1.6. Procurar, seleccionar e elaborar información de contido xeográfico obtida de fontes diversas, e presentala de xeito adecuado. | §XHB1.6.1. Analiza e extrae conclusións da observación dun plano e dun mapa, comentando as características do espazo xeográfico. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| | **Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica** | | | |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B2.1. España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade. | §B2.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico español establecendo os aspectos que lle confiren unidade e os elementos que ocasionan diversidade. | §XHB2.1.1. Debuxa e sinala sobre un mapa físico de España as unidades do relevo español, comentando as súas características. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| §d<br>§e | §B2.2. Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos. | §B2.2. Describir os trazos do relevo español, situando e analizando as súas | §XHB2.2.1. Identifica e representa nun mapa os elementos do relevo que son similares e diferentes do territorio peninsular e insular. | §CMCCT<br>§CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §g<br>§i<br>§l | | unidades de relevo. | | §CCL<br>§CD |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B2.3. Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas. | §B2.3. Definir o territorio español subliñando as diferenzas das unidades morfoestruturais. | §XHB2.3.1. Enumera e describe os principais trazos do relevo de España. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B2.4. Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe. | §B2.4. Diferenciar a litoloxía de España, incidindo nas súas características e na modelaxe. | §XHB2.4.1. Clasifica as unidades do relevo español segundo as súas características litolóxicas e xeomorfolóxicas. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B2.5. Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha. | §B2.5. Utilizar correctamente o vocabulario específico da xeomorfoloxía. | §XHB2.5.1. Describe sumariamente nun mapa a evolución xeolóxica e a conformación do territorio español. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B2.6. Corte topográfico: realización e análise. | §B2.6. Procurar e seleccionar información do relevo obtido de fontes diversas (bibliográficas, cartográficas, internet ou traballos de campo), e presentala de xeito adecuado sinalando os condicionamentos que o relevo pode impor. | §XHB2.6.1. Realiza un corte topográfico e explica o relevo que reflicte. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| §d<br>§e | §B2.7. Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características. | §B2.7. Identificar as características edáficas dos solos. | §XHB2.7.1. Enumera e describe os elementos constitutivos dos tipos de solo de España. | §CMCCT<br>§CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| §g<br>§i<br>§l | | | | §CCL |
| | | | §XHB2.7.2. Localiza nun mapa de España os tipos de solos peninsulares e insulares. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| | **Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación** | | | |
| §d<br>§g<br>§i<br>§l | §B3.1. Clima e tempo atmosférico. Factores xeográficos, dinámica atmosférica e elementos do clima. | §B3.1. Sinalar nun mapa de España os dominios climáticos. | §XHB3.1.1. Localiza os climas nun mapa de España. | §CMCCT<br>§CA<br>§CD |
| §d<br>§e<br>§g<br>§i<br>§l | §B3.2. Dominios climáticos españois: as súas características e representación en climogramas. | §B3.2. Distinguir os climas en España e comentar as súas características, sinalando os factores e os elementos que os compoñen, para diferencialos. | §XHB3.2.1. Describe e compara os climas en España, enumerando os factores e os elementos característicos. | §CMCCT<br>§CAA<br>§CCL<br>§CD |
| B4.3. Economía e política económica: recuperación demográfica; problemas da agricultura, a industria e o | B4.3. Comentar a situación inicial dos sectores económicos, detallando os cambios introducidos e os obxectivos da nova política | HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | Examina correctamente as causas do crecemento demográfico do seculo XVIII. | CCL, CSC, CAA | 1ª Avaliación novembro |
| | | HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as | Analiza correctamente, aínda que de xeito básico, as características da economía e | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| comercio; liberalización do comercio con América. | económica. | medidas impulsadas por Carlos III neste sector | da política económica da época, e a interacción que existe entre comercio americano e economía peninsular. | | |
| | | HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | | CCL, CSC | |
| B4.4. Engalaxe económica de Cataluña. Estancamento económico de Galicia. | B4.4. Explicar a engalaxe económica de Cataluña, en comparación coa evolución económica do resto de España. | HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | Compara os trazos da economía catalana cos trazos da economía galega e chega a conclusións en relación co atraso económico desta última. | CCL, CSC | 1ª Avaliación novembro |
| B4.5. A Ilustración en España e Galicia: proxectistas, anovadores e ilustrados; despotismo ilustrado; novo concepto de educación; Sociedades Económicas de Amigos do País; prensa periódica. | B4.5. Expor os conceptos fundamentais do pensamento ilustrado, identificando as súas vías de difusión. | HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | Coñece e comenta os conceptos solicitados | CCL, CAA, CSC, CCEC | 2ª Avaliación novembro-decembro |
| | | HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores da Ilustración. | Sitúa ambos elementos no ámbito da Ilustración hispana, atendendo tamén á súa difusión en América | CCL, CSC, CCEC | |
| **Bloque 5. A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo** | | | | | |
| B5.1. Impacto da Revolución Francesa: relacións entre España e Francia; Guerra da Independencia. | B5.1. Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia, e especificar en cada fase os principais acontecementos e as súas repercusións para España. | HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | Recoñece ditos cambios como feitos que levarán á guerra. | CCL, CSC | 2ª Avaliación decembro |
| | | HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | Fai dita descripción en relación cos contidos de textos seleccionados. | CCL, CSC | |
| B5.2. Primeiro intento de revolución liberal, Cortes de Cádiz e Constitución de 1812. | B5.2. Comentar o labor lexislador das Cortes de Cádiz, en relación co ideario do liberalismo. | HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime | Comprende as diferencias entre as Cortes de Antigo Réxime e o Parlamento de carácter liberal. | CCL, CSC, CAA | 2ª Avaliación decembro |
| | | HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | Caracteriza ditos trazos como propios da política liberal. | CCL, CSC, CAA | |
| B5.3. Reinado de Fernando VII: restauración do absolutismo; trienio liberal; reacción absolutista. | B5.3. Describir as fases do reinado de Fernando VII, e explicar os principais feitos de cada unha. | HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | Comprende o enfrontamento que se produce entre dúas ideoloxías políticas, e contémplaas tamén como formas confrontadas de ver a vida. | CCL, CSC | 2ª Avaliación decembro |
| | | HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba | Observa a orixe do carlismo como consecuencia da loita entre liberalismo e absolutismo. | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | inicialmente. | | | |
| | | HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Elabora correctamente dita liña do tempo | CCMCCT, CAA, CSC | |
| | | HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | Analiza e organiza comparativamente ditas diferenzas. | CCL, CAA, CSC | |
| B5.4. Emancipación da América española: protagonismo crioulo; fases do proceso; repercusións para España. | B5.4. Explicar o proceso de independencia das colonias americanas, diferenciando as súas causas e as súas fases, así como as repercusións económicas para España. | HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | Relaciona dito desenvolvemento con conceptos vistos en momentos anteriores, como a influencia da economía e a recepción en terras americanas das ideas da Ilustración e das revolucións. | CCL, CSC | 2ª Avaliación decembro |
| | | HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | Entende a repercusión de dita independencia e infórmase do xeito de superalas, por rexións. | CCL, CSC | |
| B5.5. A obra de Goya como testemuño da época. | B5.5. Relacionar as pinturas e os gravados de Goya cos acontecementos deste período, e identificar nelas o reflexo da situación e os feitos contemporáneos. | HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | Entende dita narrativa de guerra dentro de un contexto ideolóxico, e evita a interpretación da visión de Goya como puramente obxectiva. | CCL, CD, CSC, CCEC | 2ª Avaliación decembro |
| **Bloque 6. A conflitiva construción do Estado liberal (1833-1874)** | | | | | |
| B6.1. O carlismo como derradeiro bastión absolutista: ideario e apoios sociais; as dúas primeiras guerras carlistas. | B6.1. Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal, analizando os seus compoñentes ideolóxicos, as súas bases sociais, a súa evolución no tempo e as súas consecuencias. | HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | Coñece os trazos básicos da ideoloxía carlista e os ámbitos sociolóxicos que a apoian | CAA, CSC | 2ª Avaliación xaneiro |
| | | HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | Recoñece ditas causas e consecuencias, no contexto xeral da política interior | CCL, CSC | |
| | | HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Elabora correctamente dita liña do tempo | CMCCT, CAA, CSC | |
| B6.2. Triunfo e consolidación do liberalismo no reinado de Isabel II: primeiros partidos políticos; | B6.2. Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II, | HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | Comprende que é un partido de notables e diferencia as interpretacións moderada e progresista do liberalismo | CCL, CSC | 2ª Avaliación xaneiro |
| | | HEB6.2.2. Resume as | Coñece dita evolución e | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| protagonismo político dos militares; lexislación económica de signo liberal; nova sociedade de clases. | explicar o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. | etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. | entende o papel do exército na vida política, apoiándose en seleccións de textos históricos. | | |
| | | HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | Comprende os conceptos de amortización, desamortización, reforma agraria liberal, e os explica brevemente. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. | Recoñece os obxectivos de cada un dos procesos desamortizadores, e as consecuencias que cada un deles tivo no corpo social | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | Comprende que é a sociedade de clases e as diferencias que mantén coa sociedade estamental. | CCL, CSC, CCEC | |
| B6.3. Proceso constitucional. | B6.3. Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II, en relación coas correntes ideolóxicas dentro do liberalismo e a súa loita polo poder. | HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | Apóiase nos textos constitucionais e os interpreta de xeito correcto. | CCL, CAA, CSC | 2ª Avaliación xaneiro |
| B6.4. Sexenio Democrático: revolución de 1868 e caída da monarquía isabelina; procura de alternativas políticas e monarquía de Amadeo I; primeira República; guerra de Cuba, terceira guerra carlista e insurrección cantonal. | B6.4. Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas á monarquía isabelina, especificando os grandes conflitos internos e externos que desestabilizaron o país. | HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | Coñece as causas da Gloriosa revolución, e as dificultades que se foron sucedendo na substitución do réxime isabelino por outro, apoiándose en escolmas de textos históricos. | CCL, CSC | 2ª Avaliación xaneiro |
| | | HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | Coñece esas características e compara ese texto constitucional con outros. | CCL, CSC | |
| | | HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | Comprende as causas do fracaso do Sexenio Democrático. | CAA, CSC | |
| B6.5. Inicios do movemento obreiro español: condicións de vida da poboación obreira e labrega; a Asociación Internacional de Traballadores e o xurdimento das correntes anarquista e socialista. | B6.5. Describir as condicións de vida das clases traballadoras e os inicios do movemento obreiro en España, en relación co desenvolvemento do movemento obreiro internacional. | HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | Contempla esa evolución no contexto do movemento obreiro internacional. | CCL, CAA, CSC | 2ª Avaliación xaneiro-febreiro |
| **Bloque 7. A Restauración Borbónica: implantación e afianzamento dun novo sistema político (1874-1902)** | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B7.1. Teoría e realidade do sistema canovista: inspiración no modelo inglés; a Constitución de 1876 e o bipartidismo; quenda de partidos, caciquismo e fraude electoral. | B7.1. Explicar o sistema político da Restauración, distinguindo a súa teoría e o seu funcionamento real. | HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | Enumera e explica brevemente os fundamentos do sistema canovista | CCL, CAA, CSC | 2ª Avaliación febreiro |
| | | HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | Compara os contidos dese texto constitucional con outros | CCL, CSC | |
| | | HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | Recoñece tanto os elementos expresos como os ocultos que facían funcionar o sistema da Restauración, á luz de escolmas de textos históricos. | CCL, CSC | |
| | | HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Elabora correctamente dita liña do tempo. | CMCCT, CAA,CSC | |
| B7.2. Oposición ao sistema: catalanismo, nacionalismo vasco, rexionalismo galego e movemento obreiro. | B7.2. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema, especificando a súa evolución durante o período estudado. | HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | Resume os trazos básicos e compara as especificidades dos tres grandes movementos nacionalistas do país. | CCL, CSC, CCEC | 2ª Avaliación febreiro |
| | | HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | Completa un esquema que recolla ditas correntes e as sitúe no seu contexto histórico. | CCL, CAA, CSC, CCEC | |
| B7.3. Éxitos políticos: estabilidade e consolidación do poder civil; liquidación do problema carlista; solución temporal do problema de Cuba. | B7.3. Describir os principais logros do reinado de Afonso XII e a rexencia de María Cristina, inferindo as súas repercusións na consolidación do novo sistema político. | HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX. | Observa a evolución do papel do exército na vida política contemporánea, á luz de escolmas de textos históricos. | CCL, CAA, CSC | 2ª Avaliación febreiro |
| | | HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. | Recoñece os cambios producidos en contexto e ideoloxía. | CCL, CSC | |
| B7.4. Perda das derradeiras colonias e crise de 1898: guerra de Cuba e con Estados Unidos; Tratado de París; rexeneracionismo. | B7.4. Explicar o desastre colonial e a crise do 98, identificando as súas causas e as súas consecuencias | HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba. | Observa a conservación dos restos do antigo imperio colonial no contexto histórico internacional. | CCL, CSC | 2ª Avaliación febreiro |
| | | HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | Coñece as consecuencias económicas e territoriais do Tratado de París | CCL, CSC | |
| | | HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | Observa a evolución ideolóxica dos grupos sociais por influencia da crise de 98. Observa a viraxe ideolóxica do exército español como consecuencia de dita crise. | CCL, CSC, CCEC | |
| **Bloque 8. Continuidade e transformacións económicas no século XIX: un desenvolvemento insuficiente** | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B8.1. Lento crecemento da poboación: mantemento dun réxime demográfico antigo; excepción de Cataluña. | B8.1. Explicar a evolución demográfica de España ao longo do século XIX, comparando o crecemento da poboación española no seu conxunto co de Cataluña e o dos países máis avanzados de Europa. | HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | Resume ditos factores | CCL, CSC | 3ª Avaliación febreiro |
| | | HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | Fai dita comparación á luz das diferenzas económicas dentro do territorio. | CCL, CAA, CSC | |
| B8.2. Economía española no XIX: agricultura protexida e estancada (efectos das desamortizacións; baixos rendementos); deficiente industrialización (industria téxtil catalá, siderurxia e a minaría); dificultades dos transportes (condicionamentos xeográficos; rede de ferrocarrís); comercio (proteccionismo fronte a librecambismo); finanzas (a peseta como unidade monetaria; desenvolvemento da banca moderna; problemas da Facenda; investimentos estranxeiros. O caso galego. | B8.2. Analizar os sectores económicos e especificar a situación herdada, as transformacións de signo liberal e as consecuencias que se derivan delas. | HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | Coñece as consecuencias de ditos procesos desamortizadores, distinguindo entre realizacións e consecuencias negativas, á luz da historiografía. | CCL, CSC | 3ª Avaliación marzo |
| | | HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | Comprende os principais problemas da agricultura española do XIX. | CCL, CSC | |
| | | HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. | Coñece e resume con propiedade a evolución dos sectores industriais ao longo do XIX, apoiándose en gráficos e táboas, así como en escolmas de textos | CCL, CSC | |
| | | HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | Fai dita comparación á vista de datos numéricos. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | Coñece os condicionamentos xeográficos que dificultaban o comercio interior, pero non queda nunha explicación determinista que exclúa factores sociais ou mesmo xurídicos. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | Coñece os contidos básicos da lei e os relaciona coas súas consecuencias. | CCL, CSC | |
| | | HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. | Compara ambas concepcións da economía e coñece someramente os seus pros e contras. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | Relaciona a unidade monetaria e o nacemento da banca con factores económicos, pero tamén políticos. | CCL, CSC | |
| | | HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os | Coñece a orientación de dita reforma e as súas consecuencias. | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | seus efectos. | | | |
| | | HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. | Centra eses efectos sobre todo na cuestión do ferrocarril, pero non exclusivamente. | CCL, CSC | |
| **Bloque 9. A crise do sistema da Restauración e a caída da monarquía (1902-1931)** | | | | | |
| B9.1. Intentos de modernización do sistema: revisionismo político dos primeiros gobernos de Afonso XIII; oposición de republicanos e nacionalistas cataláns, vascos, galegos e andaluces. | B9.1. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98 co revisionismo político dos primeiros gobernos, e especificar as súas actuacións máis importantes. | HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | Contempla ditos intentos de cambio como medios para eliminar os defectos do sistema. Coñece as consecuencias reais de ditos cambios. | CCL, CSC | Terceira avaliación marzo |
| | | HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Elabora correctamente dita liña do tempo | CMCCT, CAA, CSC | |
| | | HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. | Enumera factores internos e externos da quebra da Restauración. | CCL, CAA, CSC | |
| B9.2. Quebra do sistema: impacto dos acontecementos exteriores (intervención en Marrocos; I Guerra Mundial; Revolución Rusa); crecente axitación social (Semana Tráxica de Barcelona; crise xeral de 1917; "trienio bolchevique" en Andalucía). | B9.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración e identificar os factores internos e os externos. | HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. | Coñece os elementos fóra do sistema e a evolución da súa participación en política. Identifícaos como factores da quebra da Restauración. | CCL, CSC | 3ª avaliación marzo |
| | | HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. | Explica ditas repercusións desde o punto de vista político, económico e tamén de polarización social. | CCL, CSC | |
| | | HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. | Analiza ditas causas correctamente, nun contexto tanto de política interior como de política internacional. | CCL, CSC | |
| | | HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | Contempla todas esas variables, que convirten esa crise no punto de inicio de disolución total do sistema. | CCL, CSC | |
| B9.3. Ditadura de Primo de Rivera: directorio militar e directorio civil; remate da guerra de Marrocos; caída da ditadura; afundimento da monarquía. | B9.3. Explicar a ditadura de Primo de Rivera como solución autoritaria á crise do sistema, e describir as súas características, etapas e actuacións. | HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente. | Relaciona o golpe cun estado de cousas que se foi xestando, e identifica correctamente os apoios sociais e políticos do golpe. | CCL, CSC | 3ª Avaliación marzo |
| | | HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. | Identifica as similitudes e diferenzas entre a política do directorio militar e a do directorio civil. Explica as causas do remate da ditadura. | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía | Identifica as forzas que se alían contra a monarquía, pero recoñece unha ampla variedade de factores que levan ao seu fin, indo incluso ao propio deseño do sistema canovista. | CCL, CSC | |
| B9.4. Crecemento económico e cambios demográficos no primeiro terzo do século: efectos da Guerra Mundial na economía española; intervencionismo estatal da ditadura; transición ao réxime demográfico moderno; movementos migratorios; transvasamento de poboación da agricultura á industria. | B9.4. Explicar a evolución económica e demográfica no primeiro terzo do século XX, en relación coa situación herdada do século XIX. | HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | Analiza correctamente táboas que recollen ditos efectos. | CCL, CSC | 3ª Avaliación marzo-abril |
| | | HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. | Fai unha descrición da política económica da ditadura e dos sectores sociais que a apoiaron. | CCL, CSC | |
| | | HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | Recoñece os factores que provocaron dita evolución. | CCL, CSC | |
| **Bloque 10. A II República. A Guerra Civil nun contexto de crise internacional (1931-1939)** | | | | | |
| B10.1. A II República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración. | B10.1. Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración, enmarcándoa no contexto internacional de crise económica e conflitividade social. | HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | Enlaza ditas causas coas aportadas para a caída da monarquía.<br>Caracteriza o contexto económico mundial. | CCL, CAA, CSC | 3ª Avaliación marzo-abril |
| | | HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións | Sitúa correctamente distintos grupos sociais en relación co seu posicionamento político durante a República. | CCL, CAA, CSC | |
| B10.2. Evolución política durante a II República: bienio reformista (Constitución de 1931; política de reformas; Estatuto de Cataluña; forzas de oposición á República); bienio radical-cedista (política restauradora e radicalización popular; revolución de Asturias); Fronte Popular (primeiras actuacións do Goberno; | B10.2. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil, especificando os feitos e as actuacións principais en cada unha. | HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | Organiza ditas reformas en relación aos seus obxectivos. | CCL, CSC | 3ª Avaliación abril |
| | | HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | Resume os contidos de dita constitución e a compara con outros textos conxtitucionais. | CCL, CSC | |
| | | HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. | Analiza dito proxecto e comprende as causas do seu fracaso. | CCL, CSC | |
| | | HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior | Compara os apoios sociais de ambos períodos e relaciona as reformas cos intereses de cada grupo. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB10.2.5. Describe as | Fai unha descrición correcta | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| preparación do golpe militar). | | causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. | do proceso revolucionario e das consecuencias que tivo para a República. | | |
| | | HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. | Explica os feitos que levan das eleccións de 1936 ao comezo da guerra. | CCL, CSC | |
| B10.3. Guerra Civil: sublevación e desenvolvemento da guerra; dimensión internacional do conflito; evolución das dúas zonas; consecuencias da guerra. | B10.3. Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. | HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | Expón o contexto anterior á guerra e fai fincapé na crecente polarización da sociedade e da política que desembocarán no golpe de Estado. Expón os precedentes de dito golpe. | CCL, CSC | 3ª Avaliación abril |
| | | HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | Presenta a Guerra Civil como expresión do cariz que ían tomando as relacións internacionais do período, e como campo de confrontación de visións políticas moi enfrontadas. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. | Fai dita comparación analizando táboas de datos e mapas históricos. | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | Especifica ditas consecuencias, no contexto da guerra e tamén da prolongada posguerra. | CCL, CSC | |
| | | HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | Fai un esquema que recolla o esencial da evolución das fases da guerra, con axuda de mapas históricos. | CCL, CSC | |
| | | HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Elabora correctamente dita liña do tempo. | CMCCTM, CAA, CSC | |
| B10.4. Idade de Prata da cultura española: da xeración do 98 á do 36. | B10.4. Valorar a importancia da Idade de Prata da cultura española, e expor as achegas das xeracións e das figuras máis representativas. | HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española. | Debate con argumentos e tolerando opinións distintas sobre a influencia dos intelectuais na política española do período, e sobre que significou a guerra e o exilio para a cultura española. | CCL, CD, CAA, CSIEE CSC | 3ª Avaliación abril |
| | | **Bloque 11. A ditadura franquista (1939-1975)** | | | |
| B11.1. Características e evolución do franquismo: postguerra (grupos ideolóxicos e | B11.1. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as transformacións | ▪ HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | Recoñece os apoios sociais do franquismo, así como a súa orixe histórica. | CCL, CAA, CSC | 3ª Avaliación abril-maio |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| apoios sociais do franquismo; oscilantes relacións co exterior; configuración política do novo Estado; represión política; autarquía económica); anos do "desenvolvemento" (plans de desenvolvemento e o crecemento económico; transformacións sociais; reafirmación política do réxime; política exterior; crecente oposición ao franquismo); fin do franquismo (inestabilidade política; dificultades exteriores; efectos da crise económica internacional de 1973). | políticas, económicas e sociais que se produciron, en relación coa cambiante situación internacional | | | | |
| | | HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. | Fai un breve esquema das fases do franquismo | CCL, CAA, CSC | |
| | | HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. | Explica a organización política e o longo proceso da súa creación, no ámbito do réxime. | CCL, CSC | |
| | | HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | Fai un resume da situación económica, política e social da España da autarquía e o aislacionismo. | CCL, CSC | |
| | | HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | Fai un resume dos trazos do réxime e da sociedade española ata a morte de Carrero Blanco. | CCL, CSC | |
| | | HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. | Analiza as causas da crise do franquismo, facendo fincapé na situación política interior.. | CCL, CSC | |
| | | HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | Expón o contexto histórico xeral do momento. | CCL, CSC, CAA | |
| | | HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | Fai un esquema que recolla a evolución da política económica do franquismo. Apoia o coñecemento de dita evolución con datos recollidos en táboas . | CCL, CSC | |
| | | HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. | Expón brevemente as principais transformacións sociais, apoiándose en escolmas de textos e datos históricos. | CCL, CSC | |
| | | HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | Recoñece e organiza ditos grupos por filiación política. Explica a evolución dos máis importantes. | CCL, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Elabora correctamente dita liña do tempo. | CMCCT, CAA, CSC | |
| B11.2. Cultura española durante o franquismo: cultura oficial; cultura do exilio; cultura interior á marxe do sistema. | B11.2. Describir a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. | HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | Relaciona eses datos coa proposta de debate sobre as consecuencias que guerra e exilio tiveron sobre a cultura española, que se fixo máis arriba. | CCL, CD, CSIEE, CCEC | 3ª Avaliación maio |
| **Bloque 12. Normalización democrática de España e integración en Europa (desde 1975)** | | | | | |
| B12.1. Transición á democracia: crise económica mundial; alternativas políticas ao franquismo, continuísmo, reforma ou ruptura; o papel do Rei; a lei para a reforma política; primeiras eleccións democráticas. | B12.1. Describir as dificultades da transición á democracia desde o franquismo nun contexto de crise económica, e explicar as medidas que permitiron a celebración das primeiras eleccións democráticas. | HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | Fai un esquema que organice dito coñecemento. | CCL, CSC | 3ª Avaliación maio |
| | | HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. | Describe dito papel sen esquecer o debate que sobre el se abriu durante a Transición e na actualidade. | CCL, CSC | |
| | | HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | Fai un esquema que recolla os trazos principais de dita actuación. | CCL, CSC | |
| | | HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa. | Coñece os obxectivos e as consecuencias dos Pactos da Moncloa. | CCL, CSC | |
| B12.2. Período constituínte: Pactos da Moncloa; preautonomías de Cataluña e o País Vasco; Constitución de 1978 e Estado das autonomías. O caso de Galicia. | B12.2. Caracterizar o novo modelo de Estado democrático establecido na Constitución de 1978, especificando as actuacións previas encamiñadas a alcanzar o máis amplo acordo social e político. | HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | Coñece os contidos da Constitución, e a compara con outros textos constitucionais | CCL, CSC | 3ª Avaliación maio |
| | | HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. | Fai unha breve explicación de como se produciu o proceso preautonómico. | CCL, CSC | |
| B12.3. Gobernos constitucionais: problema do terrorismo; golpe de Estado frustrado de 1981; ingreso na OTAN; plena integración en Europa | B12.3. Analizar a evolución económica, social e política de España desde o primeiro Goberno constitucional de 1979 ata a aguda crise económica iniciada en 2008, sinalando as ameazas máis salientables ás que se enfronta e os | HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | Elabora dito esquema con corrección. | CCL, CAA, CSC | 3ª Avaliación maio |
| | | HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para | Fai unha liña do tempo que recolle ditos feitos. | CCL, CAA, CSC | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | efectos da plena integración en Europa. | España desta integración. | | | |
| | | HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008. | Apoia dito análise en datos extraídos de táboas . | CCL, CSC | |
| | | HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc. | Resume ditos feitos, e reflexiona sobre a evolución da reacción social ante eles, sobre datos extraídos de escolmas de textos ou outras fontes. | CCL, CSC | |
| B12.4. Papel de España no mundo actual. | B12.4. Resumir o papel de España no mundo actual, especificando a súa posición na Unión Europea e as súas relacións con outros ámbitos xeopolíticos. | HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | Fai un breve análise sobre o tema, a partir de fontes periodísticas. | CCL, CSC | 3ª Avaliación maio |

## METODOLOXÍA DIDÁCTICA. EMPREGO DOS RECURSOS DO CENTRO.

A materia, a variedade de competencias clave a desenvolver e a cantidade de estándares de aprendizaxe e de criterios de avaliación, esixe e permite unha metodoloxía aberta, fundamentada non so na exposición por parte do profesorado dunha serie de cuestións que teñen respaldo nun único texto, senon tamén na pescuda por parte do alumnado de contidos que teñan que ver cos estándares de aprendizaxe marcados, na elaboración dos nosos propios materiais didácticos, e na potenciación dos aspectos prácticos da materia.

Empregaremos para acadar ditos obxectivos todos os recursos ao noso alcance e que nos proporcione o centro, en calquera soporte que consideremos oportuno: bibliográfico ou electrónico. A biblioteca e os recursos informáticos do centro serán recursos utilizables tanto por alumnado como polos profesores que impartiremos esta materia. Empregaremos tamén materiais didácticos

da nosa elaboración, e colaboraremos co alumnado na elaboración de produtos finais resultado de proxectos e pescudas que se poidan ir propoñendo ao longo do curso. Deste xeito, damos máis importancia que en cursos anteriores ás Competencias clave, en especial á Competencia Dixital, a Aprender a Aprender, e á Competencia Lingüística.

Metodoloxía, avaliación e programación serán especialmente flexibles neste nivel, co motivo de axeitarse o máis posible ao obxectivo de facilitar ao alumnado ferramentas, estratexias e coñecemento que lles permitan enfrontarse con éxito ás probas de fin de etapa e de acceso á Universidade.

## DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.

A proba de avaliación inicial terá os propósitos de identificar os problemas de aprendizaxe, avaliar os coñecementos previos para avanzar na materia e sobre todo o seu su nivel competencial para interpretar textos, gráficos, realizar esquemas e resolver problemas formulados con contidos propios da nosa disciplina.

Para iso, partirase dunha taboa na que se avaliará a través dunha serie de preguntas a situación do alumnado, plasmada tras a presentación dunha serie de cuestionarios, tarefas para casa e entrevistas individuais cando sexa necesario. Ditos cuestionarios e tarefas serán axeitados á idade e ao nivel psicoevolutivo do alumnado, e valorará sete items en tres niveis de consecución das tarefas indicadas, como figura na clave que se adxunta tras a táboa, e non terá calificación numérica.

| **Taboa de indicadores de habilidades e coñecementos previos en Xeografía e Historia** | | | |
|---|---|---|---|
| Localiza a información que se lle demanda a partir de diferentes fontes. | **1*** | **2** | **3** |
| E capaz de ampliar información . | | | |
| Recoñece o vocabulario propio da materia. | | | |
| Ten iniciativa para buscar no diccionario os termos que non entende. | | | |
| Recoñece nun texto cal é a idea principal | | | |
| Sabe interpretar unha gráfica sinxela. | | | |
| É quen de situar en orden cronolóxico unha serie de acontecementos significativos. | | | |

***1**:adecuadamente; **2** de maneira suficiente; **3** con dificultade ou non.

Desta maneira contarase co información para levar a cabo as adaptacións necesarias.

## AVALIACIÓN CONTÍNUA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

A avaliación contínua desenvolverase ao longo do curso, en forma das probas formais propostas por avaliación, e dos instrumentos de avaliación que a continuación se detallan:

- Comentarios de mapas, textos ou imaxes, adaptados ao nivel cognitivo e ao desenvolvemento dos contidos da materia.
- Composicións de textos, adaptados á fórmula dos exames de acceso á universidade.
- Definicións de termos históricos.
- Preguntas curtas sobre temas da historia de España en épocas anteriores á Idade Contemporánea.
- Traballos de clase, axeitados aos descritores dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe expostos máis arriba, sempre que o normal desenvolvemento da materia permita adicarlles tempo.

Os exames adoptarán a forma establecida polo Grupo de Traballo da CIUG, constando dunha pregunta de vocabulario, unha pregunta curta e unha composición de textos, coa posible excepción, por razóns do desenvolvemento da materia, do primeiro exame da primeira avaliación.
Alumnos e alumnas que non cumplan cos criterios de avaliación en xuño, terán a correspondente proba extraordinaria cando establezan as autoridades educativas, a cargo deste Departamento.

## CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

As probas formais terán unha calificación de 0 a 10, sendo 5 a calificación que certifique o aprobado, en relación cos indicadores de logro que figuran máis arriba.
Os exames contarán un porcentaxe de ata o 90% da nota, obténdose o resto da calificación dos exercicios de comentario ou composición de textos que se fagan en clase ou como tarefa para casa, e dos traballos, no suposto de que sexa factible elaboralos.
Para superar a materia, un alumno ou alumna deberá acadar unha media nas tres avaliacións dunha calificación igual ou superior a 5.
Alumnos e alumnas que non superen a materia en xuño, terán un exame extraordinario cando establezan as autoridades educativas.

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Dado que non é unha etapa obrigatoria, en principio a atención a diversidade en Bacharelato non adoita ser precisa, polo menos no referente á adaptación curricular da materia. Sen embargo, atenderase na medida das nosas posibilidades, ao alumnado que poida precisar de material didáctico específico, por padecer algún tipo de dificultade sensorial, poñéndonos en contacto, se así se considerase, con organismos e institucións especializados na elaboración deste material. Tamén atenderíamos ao alumnado con discapacidades físicas, adaptando os medios de avaliación de ser preciso, na medida en que mellor favorezan ao alumno ou alumna, e ao proceso de avaliación, segundo o recto entender do docente. Teranse en conta, tamén, as dificultades sobrevidas ao longo do curso, por accidente, enfermidade ou outra causa.
O alumnado con altas capacidades requeriría unha adaptación das tarefas, multiplicando as mesmas, propoñendo algunhas que resultasen motivadoras, e mesmo facilitando a realización dalgún traballo de investigación que lles permitise afondar no coñecemento da Historia, da Xeografía, e das Ciencias Sociais en xeral. Asemade, de ser necesario ou solicitado polo alumna, alumna, pais ou titores, adaptaríanse os medios de avaliación.
A presenza este curso dunha alumna diagnosticada de dislexia fai necesaria a adaptación persoalizada de probas e exames, seguindo os consellos da Orientadora.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.

## MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Quedan referidos ao exposto nas Consideracións xerais de área.